CARLOS CASARES

RAMÓN OTERO PEDRAYO

VIDA E OBRA

ESCOLMA DE TEXTOS

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA
1988

MIA
NA
8
a

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
32608
Biblioteca

R.3280

Biblioteca

CARLOS CASARES

RAMÓN OTERO PEDRAYO

VIDA E OBRA

ESCOLMA DE TEXTOS

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA
1988

Depósito Legal VG-131-1988

I.S.B.N.: 84-600-5366-0

RAMÓN OTERO PEDRAYO
(* 1888 - † 1976)

R. Otero Pedrayo

INTRODUCCIÓN

VIDA E OBRA DE OTERO PEDRAYO

1. OS PRIMEIROS ANOS.

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense, na Rúa da Paz, o día 5 de marzo do ano 1888. Era fillo de dona Eladia Pedrayo Ansoar, pertencente a unha coñecida liñaxe local, e do doutor don Enrique Otero Sotelo, fillo dun capitán esparterista lugués desterrado na localidade ourensá de Barbantes. Da nai, herdaría Otero os sentementos relixiosos e un certo sentido da tradición, mentres que do pai, un home aberto e formado nos ideais da revolución de 1868, recibiría o espírito liberal.

Pode dicirse que a relixiosidade, o liberalismo e o galeguismo, tres dos elementos básicos que haberían de configurar a personalidade do futuro escritor, estaban xa na tradición da súa familia, polo cal formaron parte da súa vida dun xeito natural mesmo desde os anos da infancia. Estes tres componentes, ademais, aparecen simbólicamente misturados nun episodio protagonizado polo seu pai con motivo da chegada a Ourense da primeira locomotora no ano 1881.

O ano anterior, o doutor Otero Sotelo, deputado provincial, tiña intercedido no seo da corporación da cal formaba parte para vencer a resistencia dalgúns compañeiros que se negaban a conceder unha subvención destinada a publicar o libro *Aires da miña terra* de Curros Enríquez. No banquete celebrado en Ourense para saudar a chegada do ferrocarril, o xoven doutor brindou polos tribunais de xusticia, que acababan de absolver a Curros dunha acusación promovida polo bispo da diócese, presente naquel acto. O disgusto que causaron as palabras do deputado liberal na autoridade eclesiástica, levaron a esta a abandonar ostensiblemente o local onde aquel se celebraba.

Ademais do ambiente familiar en que se criou Otero, e que marcaría dun xeito tan firme a súa personalidade, nesta primeira etapa da súa vida foron igualmente importantes para el as súas estancias na casa de Trasalba. Alí, na vella cociña, nas longas e frías noites de inverno, ó amor quentiño do lume, os veciños que viñan de parrafeo á casa dos señores contaban contos que entusiasmaban ó neno ou que o enchían de temor. Foi o seu contacto máis fondo coa lingua do país, escoitada dos labios limpos de caseiros e cachicáns, que lle descubriron tamén o regusto por historias e sucesos que logo encherían de interés humano tantas páxinas da súa obra literaria.

En Trasalba descubriría tamén Otero a chamada da xeografía e a paisaxe. Desde a fachada sur do pazo, por riba da araucaria que o seu pai plantara o mesmo día que nacera o neno, o futuro escritor íase familiarizando cuns horizontes abertos e imponentes: a Madanela, cunha pequena ermida na cima; o Suído, con aspecto dun porco bravo deitado ó sol;

o Faro de Avión, desde onde lle dicían que se albiscaban as rías; e finalmente o Coto de Novelle, no que o neno descubría unha forma como de moucho ou de gato... Estas terras foron, como Otero ten dito tantas veces, as súas mestras en xeografía.

Sobre esta experiencia inicial veuse sobrepoñer o maxistario de don Eduardo Moreno López, catedrático de Xeografía do Instituto, no cal ingresou Otero en 1898 para facer o bacharelato. Foi un dos profesores que máis influiron nel. O xoven discípulo recordaría sempre as excursións que Moreno organizaba cos seus alumnos para coñecer distintas vilas e lugares da provincia: Celanova, Ribadavia, Alariz, Xunqueira, San Pedro de Rocas... Nestas excursións escolares, complemento práctico do ensino teórico nas aulas, iría descubrindo Otero o interés pola historia e a emoción da consideración xeográfica.

2. ESTUDIANTE UNIVERSITARIO EN MADRID.

Foron as leccións e as actividades extraescolares de Moreno López e as clases de Retórica e Poética de don Marcelo Macías as que mellores recordos deixaron na memoria de Otero, a quen, uns anos despois, o decepcionarían tristemente as universidades de Santiago, onde fixo o Curso de Ampliación en 1905, e a de Madrid, na cal iniciou os estudios de Letras e Dereito en setembro do mesmo ano. Un profesorado incompetente e pintoresco, cando non disparatado, desalentou a boa disposición con que o xoven estudiante se achegara ás aulas. Tiña daquela dezasete anos.

Fóra das clases de don Andrés Ovejero Bustamante, catedrático de Teoría da Literatura, ou das de Garbín, profesor de Literatura Latina, as demais carecían de interés para Otero. Rexentadas por profesores sen vocación nin formación, algúns deles "emocionantes pola súa extrema vellez", moitas veces acababan convertidas en reunións "de conversa e trangallada". Entre as peores, as de Xeografía de don Alejo García Moreno, nas que o estudiante non sabía se aquelo "era para rir ou para chorar".

A vocación que despertaran nel as terras de Trasalba, primeiro, e as leccións de Eduardo Moreno López, despois, acabaría Otero por recuperala na biblioteca do Ateneo, que foi a súa verdadeira universidade. En longas horas de lectura, á luz das lámparas de tulipa verde, leu os catro volumes de *La face de la Terre*, de Suess, que o deixaron sorprendido polas metáforas que usaba: "remuíño de Asturias", "escudo canadiense", "cicatriz tonalítica dos Alpes...". Unha maneira de ver a terra que sintonizaba coas imaxes plásticas que a el lle inspiraban as montañas de Trasalba e que despertaría na súa sensibilidade o eco dunha visión metafórica da terra e da paisaxe.

Na biblioteca do Ateneo leu tamén libros de Historia, que foi outra das súas paixóns intelectuais, e fixose cunha cultura literaria moderna. Dedicou tempo á versión castelá de *Les fleurs du mal* feita por Eduardo Marquina e á poesía de Verlaine e os simbolistas franceses, pero sen descoidar a novela do século XIX, especialmente Stendhal, Balzac e Dickens. Algúns románticos, sobre todo Chateaubriand ou Gerard de Ner-

Don Enrique Otero Sotelo e dona Eladia Pedrayo Ansoar, pais de Otero Pedrayo, en 1883.



Arriba, Otero (segundo pola dereita, na segunda fila) con Castelao, Lousada Diéguez, Antón Villar Ponte, Manuel Antonio, entre outros. Abaixo (segundo pola esquerda) con Lousada Diéguez, Manuel Antonio, Villar Ponte, Castelao e outros amigos.

val, cautivaron o seu espíritu e a súa sensibilidade de tal xeito que o primeiro deles sería un dos seus escritores preferidos, mentres que cuns versos famosos do segundo definiría un día, non sen certa ironía, o cerne da súa personalidade.

3. A VOLTA A OURENSE.

En 1911, rematados sen especial brillo os estudios universitarios, Otero regresou a Ourense. Tiña daquela vintetrés anos. Escéptico e irónico, sentía un claro desdén pola cultura e a vida pública españolas, que despreciaba abertamente. Da cultura galega, coñecía a obra de Rosalía, Pondal e Curros, pero a literatura dos seus contemporáneos non despertaba nel ningún tipo de curiosidade ou interés. Era un daqueles homes, independentes pola súa intelixencia, o seu carácter ou a súa posición, tan acertadamente descritos por el nun artículo de 1918, que frente á vida pública se limitaban a ser espectadores escépticos e caústicos.

Unha actitude da que participaban tamén os seus amigos Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e Primitivo Rodríguez Sanjurjo. Dedicados a labrar unha personalidade orixinal, moralmente elegantes, experimentaban unha repugnancia invencible diante do espectáculo, certamente pouco atractivo, da vida pública española. Sen responsabilidades que mermaran a súa mimada libertade, eran o centro dun vivir despreocupado, no que as últimas lecturas de libros traídos de Francia se misturaban coa participación na vida de sociedade, na que eran asiduos do paseo, as tertulias e os bailes e festas que se daban nos salóns das familias máis distinguidas da cidade.

Desde 1914 formaron parte do núcleo dirixente do Ateneo local, no que celebraron algunhas conferencias e veladas literarias, entre elas a dedicada a exaltar o Rubén Dario con motivo da súa morte, no ano 1916. Un ano despois, fundaron unha revista literaria de inspiración modernista, *La Centuria*, na que Otero colaborou con dúas breves notas, moi reveladoras do seu espírito irónico e escéptico de entón. A posición dos responsables da revista frente ó galego, ó que lle negaban a categoría de lingua literaria, era terminante: formaba parte do folklore e só neste sentido se podía falar da súa conservación.

Desde un ano antes, viñan funcionando con entusiasmo as *Irmandades da fala,* empeñadas precisamente en arrincar o galego do folklore e devolverlle a consideración dunha lingua de cultura. En Ourense, figura destacada do novo rexionalismo era Antonio Losada Diéguez, catedrático do Insitituto da cidade desde fins do ano 1914 e compañeiro de Otero, Risco e Cuevillas na directiva do Ateneo. Uníaos o mesmo interés pola literatura e o desprecio que lles inspiraba a vida política do país. Sobre esta última escribía Losada en abril de 1916:

> *La crisis del trabajo, del comercio, de la agricultura, el futuro de España. ¿Qué importa todo? Se nos pide un voto o una adhesión personal y eso es todo. Y allá en el gran pudridero de la estepa central, nuestros votos y nuestras adhesiones serán nuestra firma a la muerte de la Nación, y a nuestras desgracias todas, y como esclavos sólo nos*

queda bendecir a los amos que un buen día hemos visto visitar de pasada nuestras aldeas y recorrer nuestras calles.

Y después la caravana se va, y marcha sonriendo, pero aquí quedamos como vecinos de todo el año, de toda la vida, respirando el mismo aire, encontrándonos en los mismos sitios, los que después de acogerlos con cariño recibimos el veneno del odio y de la ingriga. Ellos se abrazarán en Madrid. Nosotros nos odiaremos y lucharemos por ellos en Orense y en los pueblos. (...).

Y nuestra Galicia, más desgraciada que ninguna región, y esta provincia, con más desdichas que otra provincia gallega, seguirán viendo nuestra vida intervenida como vemos nuestra riqueza expropiada por los extraños. Gracias con que a los gallegos nos quede en la madre tierra un rincón para tumba[1].

Un ano despois, coa colaboración e a solidaridade dos rexionalistas cataláns de Francesc Cambó no horizonte, Losada Diéguez, abertamente comprometido desde había pouco co galeguismo das *Irmandades*, proporía unha acción rexeneradora, capaz de devolverlle á política galega o atractivo e a dignidade da que naquela época carecía:

Es un hecho que existe en Galicia un núcleo regionalista que piensa realizar en favor de su ideal una labor constante y enérgica. Este núcleo se ve apoyado por el señor Cambó y por todo el regionalismo catalán, y nada más natural, puesto que con él coincidimos en la visión de los principales problemas políticos que hoy se ventilan en España.

No pretendemos hacer política en el sentido consagrado, por el uso y el abuso de esta palabra. Se trata de despertar y vigorizar la conciencia de nuestra región y esto no se consigue en un día ni solamente con recursos electorales.

Nuestra tierra tiene una personalidad clara y definida, los problemas gallegos debemos resolverlos los gallegos y en Galicia. Toda labor política y administrativa que mire a Madrid estorba[2].

4. O INGRESO NO GALEGUISMO

A falta de interés que Otero sentía pola política, vencida ocasionalmente en 1910 para participar nunha manifestación celebrada en Ourense en defensa da independencia do goberno frente ó poder da Igrexa, foi desaparecendo pouco a pouco gracias a influencia de Losada Diéguez. A pesar do seu escepticismo e o seu desdén, cando Cambó visita Galicia para facer campaña política a favor do rexionalismo, Otero acude a recibilo, xunto con Losada, Risco e Noguerol á estación de Monforte de Lemos. Era o 15 de decembro do ano 1917. Dous meses antes, en outubro, aínda en *La Centuria*, a revista do grupo ó cal pertencía Otero, se podía ler:

---

[1] ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ. *Obra completa*. Vigo, 1985.

[2] *Ibidem*.



Arriba, con Ferro Couselo, Vázquez Martínez, Florentino L. Cuevillas, Xoaquín Lorenzo e Xesús Carro, o día do Homenaxe a este último, celebrado en Santiago o 23 de nadal de 1954. Abaixo con Franco Grande, Leuter González Salgado, Silvio Santiago, Emilio Álvarez Blázquez e Ferro Couselo, en Trasalba, o 8 de San Xohán de 1958.



Arriba, Día de Galicia de 1949, despóis da Misa de Rosalía. Con Otero figuran, entre outros, Gómez Román, Asorey, Manuel Casás, Xesús Carro, García -Sabell, Paco del Riego, Filgueira Valverde e outros. Abaixo, Otero cos amigos que lle foron entregar o tomo de *Homenaxe* a el dedicado, o día 8 de San Xohán de 1958. Están con el nas escaleiras da casa de Trasalba, entre outros, Carballo Calero, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Fernández de la Vega, Franco Grande, García-Sabell, Álvarez Blázquez, Penzol, Illa Couto, Ferro Couselo, Leuter González Salgado, Silvio Santiago e Fernández del Riego.

El gallego debe conservarse como una parte de nuestro rico, de nuestro bellísimo folklore —contra el que tantos poetas gallegos han tirado tan cuelmente— pero el quiera ser leído, que escriba en castellano.[3]

Un mes despois da visita de Cambó, convertido xa ó galeguismo, Otero facía o seguinte chamamento desde as páxinas do periódico local:

Queremos dedicar unas líneas a esos hombres, que afortunadamente abundan en Galicia, independientes por su inteligencia, por su carácter o por su posición, que no se meten en nada que huela a política o sencillamente a acción colectiva, que se limitan a ser espectadores escépticos y cáusticos. Los más fuertes —espiritualmente— repugnan a solidarizarse en agrupaciones porque creen deslucir la tarea de labrarse una personalidad original o alterar la elegante pereza de su ingenio o de su pose. Hombres de forje excepcional y hombres de gesto, no tienen derecho para permanecer encerrados en sus torres de marfil indiferentes a las creaciones que la vida desenvuelve en torno a ellos (...). Nosotros esperamos que todos los que por elegancia moral están ausentes de la vida política, sientan el llamamiento de la buena tierra que los sustenta[4].

Era unha chamada á responsabilidade dos xóvenes intelectuais que, como el fixera ata entón, se mantiñan desdeñosamente á marxe da vida política. Pola súa parte, traspasada a fronteira do compromiso con Galicia, iniciaba un camiño novo, e definitivo, na súa existencia. Perdido durante anos na esterilidade dos xogos intelectuais e das críticas intrascendentes, Otero atopaba por fin unha causa á cal consagrar as súas inquietudes de orde intelectual e as súas enerxías espirituais.

5. OS ANOS DE FECUNDIDADE

Desde 1918, Otero participou activamente no vasto movemento político e cultural iniciado polas *Irmandades da Fala* en 1916. Alonxado de Galicia entre marzo de 1919, época en que gañou unhas oposicións a cátedras de Instituto e foi destinado a Burgos, e 1921, data en que se trasladou de Santander a Ourense, cando Otero volveu á súa cidade natal incorporouse definitivamente ó galeguismo, articulado no plano político no entorno das *Irmandades*, e no cultural arredor da revista *Nós*. Nese mesmo ano participou na terceira Asamblea do nacionalismo, celebrada en Vigo, e iniciou a súa colaboración na revista que lle había dar nome a toda unha xeración.

Como escritor, Otero desvelouse en 1924, ó serlle otorgado ó seu relato *Pantelas, home libre* o primeiro premio do concurso convocado polo Seminario de Estudos Galegos para celebrar a Festa da Lingua Galega. A partir daquela data, e case sen interrupcións, iría aparecendo o resto da súa obra literaria: *O purgatorio de don Ramiro* (1926) *Escrito na néboa*

---

[3] *La Centuria*, nº 5, outubro de 1917.

[4] R. OTERO PEDRAYO. "Acción regionalista", en *La Región*, 13-I-1918.

(1927), *Os camiños da Vida* (1928), *Arredor de si* (1930), *Contos do camiño e a rúa* (1932), *Fra Vernero, A romeiría de Gelmírez* (1934), *Devalar* (1935) e finalmente *O Mesón dos Ermos* (1936).

Pero ó mesmo tempo, paralela á súa producción literaria, vai publicando a súa obra ensaística. En 1926 aparecen a *Guía de Galicia* e a *Síntese xeográfica de Galicia;* en 1928, *Problemas y paisajes geográficos de Galicia;* en 1929, *Pelerinaxes;* en 1931, o discurso de ingreso na Real Academia Galega, *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal;* en 1932, *Morte e resurreición;* en 1933, o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. A esta lista aínda habería que engadir, como testemuño da extraordinaria potencia creativa de Otero, os traballos da revista *Nós,* que chegaron a ser máis de oitenta, os artículos publicados na prensa diaria ou en distintas revistas, ademais da obra de teatro *A lagarada*, dada a coñecer en 1929, a contribución ó volume colectivo sobre a *Terra de Melide* e os libros de texto escritos para a cátedra.

Esta vastísima obra, a máis voluminosa que ningún outro escritor galego teña feito ata agora, non se pode desligar do compromido adquirido polo seu autor en 1918. Con moi raras excepcións, toda ela versa sobre Galicia. Nos miles de páxinas de que consta, o lector pode atopar o mesmo unha ampla fundamentación teórica para unha interpretación da paisaxe, que unha historia da evolución da cultura galega, ou ese vasto lenzo da vida do país, que abarca desde a Idade Media ata a época do Seminario de Estudos Galegos, en que consiste o núcleo da obra novelística de Ramón Otero Pedrayo.

Como narrador, Otero foi un dos fundadores da moderna prosa galega, podéndose dicir que o papel que respecto da lírica desempeñaron os poetas no século XIX, dun xeito especial Rosalía, Pondal e Curros, é o que a el lle corresponde no século XX no campo da épica. Pero a palabra épica ten aquí un sentido máis restrictivo do que usualmente se lle asigna nos tratados de preceptiva literaria, pois non se refire á novela como xénero, senón á exaltación heroica duns personaxes ou dun pobo. Os personaxes de Otero son o bispo Xelmírez, en canto figura que encarna fondas arelas colectivas nunha das encrucilladas máis esperanzadas da historia de Galicia, e os fidalgos da aldea como protagonistas dun drama histórico no que Otero lles asigna o papel de contra-heroes. O pobo, naturalmente, é Galicia enteira, pero dun xeito especial a Galicia campesiña.

Na épica oteriá, o primeiro dos seus heroes é Xelmírez. Encarna a Galicia europea do románico, da escolástica e do agromar das libertades burguesas. Reclamando a dignidade do Palio para a sede compostelá, o bispo galego non pretende outra cousa que afianzar a identidade do seu país, reflexo hispano do cristianismo de Occidente, frente á idea dunha monarquía leonesa dominada pola influencia do mudéxar e o espírito dos pobos do sur, tan alonxados da concepción primeixenia de Europa que nace en Aquisgrán baixo o amparo protector de Carlomagno.

O segundo capítulo da historia descrita por Otero, é aquel no que os heroes son os fidalgos. Membros dunha caste que encarna as virtudes

máis eminentes do pobo, acaban dimitindo do seu papel modélico ou dirixente, que abandonan en mans de persoas chegadas de fóra, ás cales non guía outro norde que o do negocio e o beneficio. Son estes homes os que, ó sustituiren ós fidalgos, arruinados e embrutecidos polo alcohol, a ignorancia e a luxuria, acaban abaneando tamén o firme tronco da vella cultura do país. Contra eles escribe Otero algunhas das páxinas máis amargas e acusadoras da súa obra.

Ó final, a redención virá das mans dos fillos da fidalguía, encarnados estes ou ben no Paio Soutelo de *Os camiños da vida*, que renuncia á cidade para exercer a medicina na aldea, ou no Adrián Solovio de *Arredor de sí*, un mozo con raíces nun pazo da bocarribeira ourensá que deixa o proxecto individual de construir unha personalidade "interesante" para entregarse á causa colectiva da reconstrucción dunha Galicia homoxénea, inclinada de novo sobre a fonte onde os seus antergos beberon a auga limpa dunha pureza xa desaparecida.

Esta Galicia, como dixemos, é a protagonista principal da obra oteriá, non só da literaria. Ordenando dun xeito lóxico o sistema pechado do seu universo cultural, poderíamos dicir que este comeza pola terra, ou dito de outro xeito, pola realidade física que soporta, como se fose un escenario, o entarimado sobre o cal os personaxes novelescos desenvolven a acción das súas vidas. É unha das dimensións da obra de Otero. Xeógrafo de profesión, a ese aspecto da realidade galega dedicou non poucas páxinas. As máis brillantes, sen dúbida, son as consagradas á interpretación da paisaxe.

Para Otero, a paisaxe é unha realidade dinámica, resultado da interacción de factores cósmicos, biolóxicos e humanos. Descubrir e captar os feitos e os elementos que forman esta realidade, é un dos labores ós que el se consagrou, dotado como estaba dunha aguda sensibilidade e dunha riquísima imaxinación. Ó final, aínda que sexa certo que Otero fose un innovador nos estudios da Xeografía e que mellorase os métodos de Vallaux e Brunhes, como ten sinalado Vicente Risco, a verdade é que a súa orixinalidade procede, sobre todo, da súa capacidade poética para percibir os ritmos escondidos que latexan por debaixo da codia das cousas, como ocurre non só nos ensaios dedicados ó tema senón tamén nalgunha das súas novelas, como *Devalar*.

Pero este inmenso escenario xeolóxico sobre o cal sitúa Otero os seus personaxes, ten unha historia realizada por un pobo de forte personalidade, capaz de asimilar e adaptar á súa propia interpretación calquera das moitas culturas con que cubriron o sustrato orixinal os pobos que ó longo da historia se estableceron sobre este chan. Tres son os grandes momentos deste vasto proceso asimilador: o celta, o románico e o barroco. Os tres europeos, como europeo ha ser, segundo o autor, a Galicia do futuro. A construir ese cuarto momento dedicou Otero as súas enerxías políticas durante os anos da República.

6. ACTIVIDADE POLITICA.

Pero ademais da obra ensaística e literaria, á cal habería que sumar a periodística, Otero Pedrayo mantivo unha importante actividade políti-

ca, especialmente durante os anos da República. En abril de 1931, recén implantado o novo réxime, fundou o *Partido Nacionalista Repubricán*, co cal concurriu ás eleccións do 28 de xuño, saíndo deputado con 35.443 votos, inmediatamente despois dos radical-socialistas Luís Fábrega, que obtivo 41.327, e Basilio Alvarez, que conseguiu a acta con 38.420. O programa deste pequeno partido, o maior capital do cal era a propia figura de Otero, estaba directamente inspirado na doctrina do nacionalismo das *Irmandades*, que incluían a forma federal como sistema de organización do novo Estado.

Otero batallou para que a República fose federal e non unitaria, de acordo cos postulados programáticos defendidos polo galeguismo. No ardor desta loita, que chegou a pasar por episodios tinguidos dunha color vivamente emocional, o escritor e deputado ourensán protagonizou un pequeno altercado, amplamente difundido pola prensa de Madrid, ó insinuar que Galicia podería solicitar a axuda de Portugal para conseguir a súa plena autonomía. Perdida a batalla do federalismo, Otero participou despois dun xeito normal na vida parlamentaria, defendendo os intereses dos electores galegos con intervencipóns frecuentes e variadas: sobre a inxusta distribución dos presupostos do Estado, a reforma agraria, a pequena propiedade, o ferrocarril, a cultura galega.

En decembre de 1931, o *Partido Nazonalista Repubricán* de Otero Pedrayo pasou a integrarse, xunto con outras pequenas formacións políticas nacionalistas, no *Partido Galeguista*. A partir deste momento, o escritor e deputado ourensán foi protagonista importante na dinámica azarosa que remataría coa aprobación do Estatuto de Autonomía en xuño de 1936. O seu sentido cívico do deber, o seu patriotismo e unha fonda concepción da solidaridade acabarían por sobrepoñerse ós seus escrúpulos ideolóxicos cando o partido ó que pertencía decidiu coaligarse electoralmente coas mesmas forzas que Otero tiña combatido a causa da súa política sectaria en materia relixiosa.

7. OS ANOS DA GUERRA

Cando se inicia a guerra civil, Otero está en Ourense, disfrutando das vacacións escolares. En poucos días dase conta do cataclismo que se aveciña: fusilan a Bóveda (por quen el intercede a través da autoridade eclesiástica) e asesinan a outros moitos amigos e compañeiros de ideais: Anxel Casal, Arturo Noguerol, Camilo Díaz Baliño, Roberto Blanco Torres, Modesto López Teixeiro e moitos outros. Castelao, de viaxe en Madrid, queda do outro lado da contenda, mentres que Vicente Risco se suma dun xeito claro ó bando dos sublevados. A catástrofe moral da guerra levaríao a dicir anos despois:

A xente convertíase da noite prá mañá dunha cousa na contraria, sin escrúpulo ningún, outros exiliáronse, outros medraron coa situación (..). Eu fiquei en Ourense, antre este piso e a miña casa de Trasalba, vivindo, lendo, matinando moito nas cousas que pasaban, mentras ao meu derredor todo se derrumbaba. Fun dos mellor librados, cicais porque o meu compromiso co Frente Popular e cas esquerdas foi relativo, non seÞ.

Catro instantáneas de Otero en distintas épocas da sua vida. Na de arriba, á esquerda, escribíu por detrás: "O Visconde Teotonio Sergio Vasconcellos de Amorim e Teixeira de Serpa Pintos, Duque de Albuquerque".

Otero Pedrayo falando na Universidade Nacional de Cuyo, cando o seu primeiro viaxe a América, o 21 de agosto de 1947.

Pese a este compromiso relativo, como lle chama o propio Otero, o día 21 de agosto de 1937, un ano despois de iniciada a guerra civil, a *Junta Técnica del Estado* dispuxo a súa separación definitiva e a baixa no escalafón de Catedráticos. Inicíabase deste xeito a etapa máis dura da vida de Otero, que durante once anos non contaría con outros ingresos que os que podía obter da explotación das terras da súa casa de Trasalba.

8. A POSTGUERRA

Retirado no piso da Rúa da Paz, en Ourense, ou no pequeno pazo de Cimadevila, onde a nai trataba de gobernar mellor que nunca o patrimonio familiar, Otero non interrumpiu a súa dedicación á literatura, aínda que as circunstancias o obrigaban a escribir en castelán, incluso a empregar seudónimos cando colaboraba na prensa diaria. En agosto de 1939 publica unha biografía de Cándido Cid; durante o ano 1941 toma notas para o estudio que lle vai dedicar ó seu mestre don Marcelo Macías; en 1944 aparece a novela *Adolescencia,* coa que Otero reanuda o ciclo narrativo dedicado á súa vida, do cal xa deixara unha parte en *Arredor de sí* e outros escritos menores.

En 1947, Otero viaxa a América invitado polo Centro Galego de Buenos Aires. É a primeira vez que sae do país despois da guerra, pero máis importante que este feito en si, en absoluto desdeñable para quen leva aillado once difíciles anos, é a perspectiva de encontrarse coa colonia galega daquel país, nutrida en parte por vellos amigos exilados, entre eles Castelao, o máis querido de todos. O encontro con este último, envolto nunha emoción que lle arrinca lágrimas a ambos, fixólles revivir tanto as ilusións compartidas uns anos atrás, como as amarguras da traxedia desencadeada pola guerra civil.

Polo demais, a viaxe resulta un grande éxito para os galeguistas en xeral e para Otero en particular. Recibido coa solemnidade dispensada ós personaxes máis ilustres que visitan o país, a súa presencia en Buenos Aires ven afianzar tanto a súa posición no interior, pois a embaixada informa cumpridamente do trato que lle é dispensado, como elevar a moral dos galeguistas supervivintes da guerra civil, algúns dos cales tiñan reanudado xa as actividades políticas na clandestinidade. Un ano despois, as autoridades do Ministerio de Educación tomaban a determinación de repoñer a Otero na súa cátedra.

9. A REORGANIZACION DO GALEGUISMO

Pasados os anos máis duros da represión, os galeguistas actuaban de novo na política de oposición ó Réxime. Otero foi informado da situación e dos plans elaborados de cara ó futuro, aínda que evitando comprometelo en actividades clandestinas. A súa contribución nesta difícil etapa do galeguismo debía ser máis ben cultural e simbólica, como exemplo vivo dunha conducta intachable e dunha fidelidade modélica ós ide-

[5] VÍCTOR F. FREIXANES. *Unha ducia de galegos*, p. 36.

ais do galeguismo xurdido en 1916.

En novembro de 1949, reposto xa na súa cátedra, participa nos actos de homenaxe organizados con motivo do centenario de Lamas Carvajal. A súa valente actuación, con discursos nos que citou a Castelao, entón agoniante en Buenos Aires, e empregou públicamente o galego, acabou convertíndose nun acto de confrontación coas autoridades provinciais, que ordenaron a interpretación do himno da Falanxe ó remate das palabras de Otero no xardín do Posío, diante do monumento a Lamas. A actitude daquel, que se mantivo cos brazos caídos, negándose a facer o clásico saúdo oficial da época, foi imitada por moitos dos asistentes, algúns dos cales xa ergueran o brazo.

Este incidente, que provocou a irritación dos elementos afectos ó réxime, non impediu que menos dun ano despois, en marzo de 1950, Otero conseguise a cátedra de Xeografía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Compostela. O seu resonante éxito nas oposicións regulamentarias coincide coa aparición da editorial Galaxia, un proxecto político-cultural dos galeguistas ó cal se suma Otero como presidente, aportando ademais os sustanciais dereitos de autor que daquela lle reportaban as ventas da *Guía de Galicia*, convertida deste xeito nunha das fontes de financiación da nova editorial.

Os anos en que Otero exerce como profesor en Compostela son dos máis fermosos da súa vida, segundo el mesmo ten referido. Rodeado por rapaces novos que se van incorporando pouco a pouco ó galeguismo, empeza a recuperar a ilusión. Santiago é unha cidade que lle produce entusiasmo e na que se sinte a gusto. Dá as súas clases, que despertan a admiración de todos, acude á tertulia do Español, pasea polas rúas, fai visitas ós amigos... E nas horas de lecer, no hoteliño da Rúa Nova onde reside, non deixa de escribir. Como sempre, cultiva tódolos xéneros, desde a narración e o ensaio ata o teatro e a biografía, ademais dos numerosos artículos que publica na prensa diaria.

10. OS ULTIMOS ANOS

Xubilado da cátedra en marzo de 1958, ó cumprir os setenta anos, Otero entra na última etapa da súa vida. Chega a ela coa boa saúde e coa vitalidade de sempre, unha das características da súa rexa personalidade. Sen deixar de escribir nos periódicos, aínda ten tempo para publicar unha nova novela, a última *(O señorito da Reboraina)*, un estudio sobre a Galicia do século XVIIII *(Síntesis histórica do século XVIII en Galicia)* e un voluminoso estudio sobre o P. Feixoo *(Vida del P. M. Fr. Benito Jerónimo Feijoo Montenegro. Ensayo sobre sus doctrinas y tendencias e influencias de carácter y escritos)* que lle vale o premio do bicentenario, convocado pola Deputación de Ourense en 1964. Un galardón que se sumaba ó "Premio Galicia" concedido pola Fundación March en 1962 para premiar ó escritor galego que máis tivera contribuído á exaltación literaria da súa terra.

Pero ademáis dos artículos e os libros, Otero cultiva a oratoria, especialmente nestes últimos anos da súa vida, durante os cales fala desde as

Unha expresiva foto de Otero Pedrayo, nos seus derradeiros anos.

máis variadas tribunas do país. Cun estilo torrencial, que desperta a admiración incondicional dos seus oíntes, o escritor vai deixando caer diante do seu auditorio unha mensaxe inequívoca, da que forman parte a fidelidade á tradición galeguista, a exaltación emocionada de Galicia, a súa historia e a súa cultura e a esperanza nas xeracións novas como protagonistas da recuperación da identidade da súa terra.

Rodeado do cariño de todos cantos o coñecen, aínda daqueles que non o tratan, Otero pasa os últimos anos da súa vida convertido nun símbolo. Dun xeito máis claro que nunca, aquela frase de Castelao que identificaba a Otero con Galicia, resulta verdadeira. Así pareceron entendelo os miles de persoas que masivamente acudiron a Ourense aquela mañá de abril do ano 1976 para dar sepultura ó ultimo dos supervivintes dunha das xeracións máis fecundas de toda a historia de Galicia.

ESCOLMA

I. ARTÍCULOS

A TERRA PROMETIDA

Non se pode decir que todos os pobos sexan donos do seu chan como dun corpo xeográfico. Moitos viven nel pasivamente, extraños, somentes acampados. Sería un método suxestivo para clasificar os pobos iste de esculcar o grado, o xeito, a intensidade da identificación dos homes coa súa patria. O problema non é un xogo bizantino. Para consideralo como vital abonda observalo un pouco de perto nas múltiples derivacións baixo o acontecer engañoso das aparencias. Tense dito, quizais con certa figura de razón, que na Galiza abúsase do nome de Terra. Esquecen os que tal cousa afirman unha categoría esencial pechada na verba única, fonda, agarimosa, animadora. A suprema categoría do esprito latexante no curto nome. A causa remanece no feito central da íntima (en fin de contas a soia verdadeira) historia de Galiza: a máis completa fusión posible da raza co chan. Hastra o punto de que o noso cuberto dun *humus* humán non deixa aflorar un so anaco de roca extraño á raza. Estamos os galegos na Galiza tan fortemente dibuxados no planeta da humanidade como unha insua no mapa físico, unha insua emerxida e criada desde os primeiros tempos xeolóxicos.

Mais aquí adquire carácter xeeral o fermoso símbolo bíblico da terra prometida. O Señor mostrouna ao pobo escolleito para que nela cumprira o seu fin providencial: ser patria da Verdade Salvadora. Cada pobo debe escoitar oscuramente nas infindas arelas da alma colectiva, claramente determinada nas palabras dos poetas creadores, isa promesa deitada por O Señor. Unha voz moitas veces oscurecida por outras voces pasaxeiras, moitas veces aldraxada no nome de falseiros cosmopolitismos. Se se deixan levar delas, os pobos culpables pasarán *sicut soles, sicut naves, velut umbra.* E as súas ruinas apenas deixarán algún resto na implacable nudez dos terreos xeolóxicos. Mais os fieis darán un pouco de vibrar do esprito hastra as pedra e as fontes, e cando cheguen á consumación dos tempos, aínda dirán, como o primeiro día, unha verba esperanzada na lingua nadal.

Hai unhas fondas páxinas de Hegel nas primeiras Leccións de Filosofía da Historia Universal. Debían ser meditadas e ardentemente sentidas por todos os galegos. Non conteñen ningunha idea nova; son expresión acertada dunha das poucas ideas eternas, as soas que teñen positivo valer.

Hai unha terra prometida para os galegos: Galiza. Unha terra quer decir un esprito. Un camiño polo deserto para conseguila: un tempo de sacrificio e idealidade, de todos os instantes, de todos os homes, de todas as enerxías. Sóo se pode chegar a ser universal, é decir, triunfador do

tempo, facéndose donos da terra da redención, para que nela poda nacer a palabra da verdade. Cando Galiza sexa dona do seu esprito será escoitada polo mundo, e outravolta será o fogar a onde acudan os camiños infindos da terra e da mar. Ollamos a un labrego rompendo un monte esgrevio para facer unha leira: pouco despois ise home apodrecerá no adral da eirexa; entre a leira e a coba queda fundada unha irmandade inmorrente. Diste xeito, Galiza, traballando o seu mundo espiritual, chegará a convertilo todo en terra de labranza. A materia galega redimida polo esprito, a ledicia dos mundos novos que están na man dos homes de fe, a exemplaridade para os demais pobos, a Galaxia novamente acendida, toda luz da alba nos nosos montes, ningún remorso entre os nosos irmáns.

1929

A Nosa Terra, nº 259, 1-VI-29, páxs. 2-3.

A MASA NEUTRA E INDIFERENTE

Unha experiencia da vida profesional vainos servir para enxergar de xeito quizais certeiro o problema que na Galiza de hoxe nos figura máis sencial, entre feixes deles, dos problemas galegos. No outono, cando os horizontes se cubren de ouro e de cobre de follaxe amurchado, verdega nas aulas a mocidade. Novas fornadas de estudiantes e tamén os de outros anos, novos despois do vivir de forzas ceibes nas vacacións do verán. Dinantes da Navidade xa se precisa dun modo rematado aquila escolma de intelixencias e voluntades que apreciabamos aínda dubidosamente nos días de Santos e polo San Martiño. En cada curso, en cada grupo alónxanse as distancias entre os bos estudiantes e os malos, os sen cura. Aquiles e istes son poucos, xurden clasificados por natural afinidade. Nin uns nin outros nos fan cavilar. Teñen o seu camiño trazado coa seguridade relativa dos datos da mocidade fluente. O que nos fai cavilar e sufrir é a masa interposta entre os escolleitos e os negados. A masa neutra, pasiva, apenas caracterizada, misteriosa, a que garda sorpresas para o porvir. O grupo maior do curso e da clase. A promoción dos aprobados, dos que se inclinan encol do libro e asisten aos traballos con un esprito lonxano e preguizoso de cuias arelas no futuro apenas nos é lexítimo sospeitar.

Na Galiza de cidadáns, na burguesía que recobre como unha capa de vexetación a terra nutricia dos labregos, tamén a masa neutra enche o maior espacio social e garda a sentencia do porvir. Pois non sabemos por cal minoría se decidirá a loita das minorías que se disputan a hexemonía do sentido e da opinión. Apenas fai falla determinar esas minorías. Todos sabemos dunha, deica fai pouco a máis potente, a que encarna unha Galiza mal chamada española, sendo centralista, imitadora e suxeita a Madrid. Para ela Madrid significa España e Europa ou ista traducida por Madrid. Podémola chamar a Galiza provincial, autorizada por un

relativo prestixio histórico e de costume, que non chega, que non pode chegar a ser tradición. Só concede á personalidade galega caracteres adxetivos e, privada de luz de seu, aparenta vivir confiada no refrexo da luz allea.

A outra, a minoría galeguista, abrangue moitos sectores, todos máis ou menos aparencialmente cinguidos polo sentimento dun eixe da personalidade galega, dunha Galiza instintiva, capaz de asimilar no seu propio esprito á España e á Europa. Sufíncase na tradición, na historia e sabe enxergar o futuro. Hai unha xusticia no mundo, e vencerá á outra minoría que sóio pode loitar como os autómatas manexados por mans alleas.

Entre elas, a masa neutra dos burgueses galegos flota nunha indiferencia ás veces mordiscada pola curiosidade. Vive sóio fisiolóxicamente, e vive ben. Mais nistes tempos non se pode demorar moito no cego soño vexetal. De nova, a súa mocidade foi criada pola minoría castelanizante. Poucos daquila sabían montar de acarranchapernas encol da sutura ou da falla dos dous séculos. Un observador de tona e de cortiza xuzgaríaa aínda hoxe extraña á Galiza galeguista. Extraña e enemiga, máis polo mal xenio que provocan nos pouco afeitos á vida interior as chamadas redentoras que por unha razón sustancial. As veces, e máis entre burgueses que entre labregos, pode ser a sesta e a preguiza un argumento de resistencia. Desde logo pasivo, sen vida nin quentura. A masa neutra da nosa burguesía indiferente ou enemiga ao galeguismo ten de ser conquerida. A angueira ofrécenos enormes dificultades. Pois somente se trata de despertar sentimentos e arelas aínda dormidas. Cando elas xurdan ceibes, ledas, á luz do sol, isa masa neutra deixará de sofrir oscuramente nos vencellos da indiferencia e decatarase que só sendo galega terá no mundo un posto e unha actividade humán e moderna.

1930.

Céltiga, VII (1930), n.° 142.

SAUDADE

No pomareiro o silencio das doce ten labio de celmoso froito. Do vello sequeiro das castañas, hai tempo esquencido e volto un pardiñeiro, saíu voando raseiro o mestre de capela dos merlos en canto chegaron as febles badaladas da primeira eirexa. Seguiron outras. Voadoras, ledas, estralantes como foguetes. Tumbales, graves, señardosas coma "mementos". Pois todas as voces e tons hai no concilio de torres do rodopío do horizonte.

O home seguía falando conforme faguía un inxerte de escudete nunha pavieira. Dos inxertadores hainos ilustres, soados, reverenciados e con cartos e boa casa de seu na Ulla, no Salnés, nas Mariñas, en Lemos, Varonceli, o Ribeiro e o Condado. Son doutores nunha ciencia e arte antiga e fermosa, un pouco meigos misturando as castes vexetales, mellorando o fatón en raíña claudia, guiando as savias e zumes, esmaltando con dife-

rentes flores o mesmo albre. Pero iste que nos fala e do que quixeramos falar non debe moito á doce Pomona nin lle importa gran cousa o que a súa arte seña gabada nas *Xeórxicas* de Virxilio...

Nun tempo foi ditoso. Aquilo non ha voltar. Non se pense que son as terras perdidas, ou as forzas e bríos da mocidade, ou o traballo en viñas e hortas, un traballo, como o seu, fino, requintado e de lucimento, non. Deixémoslle falar da súa saudade, que ás veces é bon lembrar o ben que se foi.

"Tívenlle moi bos mestres. ¡Eralle cousa de moito estudio e de moito traballo, mais que gloria nas festas e nas misas! Aínda que me non toque o decílo, había peito e gusto... ¡Días aquiles de Beade, de Pazos de Arenteiro!... Tamén en Cuba toquei, e tiven sona e formei en bandas das mellores. Mais alí empezou para min a sorte negra. Colléume a *moratoria* de Machado, e co corazón rachado tiven que vendelo..."

—"¿Vender, o que?"

—"E ¿que iba ser? O clarinete. A miña gloria. A miña alegría.

¡Desde aquila endexamais tiven para mercar outro! E xa nin me chaman para reforzar unha música..."

—"Aínda que o peito non é o mesmo ¡xa vería do que é capaz iste vello! Botaba primeiro a ribeirana, despois o Lohengrin, e por remate o mellor do mundo, o que me enche os ollos de auga: *¡A cavallería rusticana!*"...

E o home calando semellaba no medio dos albres e do sol do verán moi lonxe da tocata non sei se burleira ou piadosa que, ao calar il, iniciaba o merlo no seu acougo da abelaneira esquencida.

1946.

La Noche, 3-IX-1946.

VIDAS

Baixei ao valciño das Campás Abaixo só para mirar rebulir o rego onde teño xogado de neno. Vidas. Espumas boligadoras do regueiro. Vidas... Doña Antolina, a do Ribeiro, coa súa manteleta e os seus ollos bricandeiros de velliña albela, sempre decindo "¡Xesús, Xesús!" diante o voar dunha vacaloura, o xuramento arroutado polo vello xurifás Tumbalobos, o conto de que unha mociña aqueloutrada nos parrafeos dun rapaz chegara tardeiro da foliada.

O señor Lindras, o "dacolá", homiño calcado, sabedor de letras antigas, demarcacións de prorrateos, pacienzudo cazador de teixugos nas nabeiras da Infesta, que non daba tino ás "muestras" de aceiro ou de prata, nin ao reló de cuco do abade, e só tiña fe no de sol que levaba na faltriqueira e armaba para saber a hora, podando os inxertos ou rozando unha touticeira, con tanto mimo como Ticho-Brache o seu teodolito.

A costureiriña da Poboanza, bonitiña, xeitosiña, pucharquiñas feitucas nas meixelas, de cotío contando con medos e risiñas como nada me-

nos que un "condés" lle saíra ao camiño á volta da costura e tivera que alancar de firme.

O fidalgo das Quintas —a casa, un pardiñeiro; o capital, catro foros apodrecidos— cacarañado da faciana, roufeño na fala e cando non entrambilicado nun Xuzgado, pescantín de troitas e bogas no riacho.

O "Corda", derradeira póla dunha xinea de ladróns agavillados, caducado e silencioso, meio cego, pero aínda temeroso de ver, coas súas antiparras verdes, na soleira da súa chouza.

O inocente Xaquín, que finou nun puzo das Lamas, marmulando responsorios, vestido cos farrapos que il apañaba e cosía mellor que un xastre con un certo senso da composición e das coores.

Don Laureano o "carrancholas", de ollos e poutas de silvano; as fillas do Nicolao, todas casadas lonxe; os renteiros do Alargo coas súas medias olas e netos; o "brasileiro" da Encesta, o...

Vidas. Espumas boligadoras do regueiro. Vidas...

1946.

La Noche, 7-VIII-1946.

A CHEGADA DA MESTRIÑA NOVA

Tempo da recolleita do millo. Montañas. Luciron na noite, aos lonxes, as froles de luz nos folións dos Remedios. Folga a sombra xa fresqueira pe dos castañeiros en roda. A estrada branca non está ben afeita á paisaxe. Non lle teñen aínda declarada a súa confianza os cotarelos roídos das abenzas, as crebadas amestadas de carballizos. Agardan as composas polo melancólico e xentil adorno das liras e as carradas de cerne leña de carballa baixan polos camiños encostados, enlaxeados. A mestriña nova rube no coche. Para coller iste coche que por igual leva o correo e os ranchos novos, a rapaza tivo que deixar outra línea de coches azules, brillantes. ¿Significará un adeus á xuventude e á libertade iste coche pequeneiro e choutantín onde todos a ollan como nova e lonxá, istes ermos ovelláns, e casiñas de forras treiteadas de lousas? Veñen as ideas de neve, lobo courisco ao esprito da rapaza, misturadas con recordos e cousas ouvidas falar sobre a montaña na súa terra de mestas eirexas, viñedos de regalía, lugares alumeados pola electricidade. A mestriña nova matinaba con gusto na viaxe. Preparouse con vestido ben á moda, sen demasías, zapatiños tacón de cristal recén chegado de América, abrigo de pel por se bufaba a serra, unhas cantas frases ben calculadas: para o alcalde, un matiz de superioridade facultativa; para o abade, modestia e piedade para alexar prevencións e trastendas de teólogos do Perrone desdeñosos e temerosos das féminas letradas; para o dono da casa-vivenda... A mestriña era non moi refitoleira, mais ben boniteira, corpiño de boa casa e longa dormidura en boas sabáns. Xa a viron na vila cando mudou de coche. ¿Por que aramios e carreiros chegou a noticia?

Nos portelos e bufardas, carautas de letra antiga das vellas, nas mozas camoesas e papoíñas, leíase un lustrigante xuicio sintético case "a priori"; nas casadas ben mantidas e curadas ao frío, o desexo de lle decir que tamén alí se "collían puntos de media". ¡Non as fora a tomar por unha mourindade e aquila terraxe por esquencida cando andivo Deus polo mundo! Pero ¿quen poidera figurar o pasmo e gozo dos rapaces e rapaciñas? Ises ollos de pingadelas de azul ceo en espellos formados pola chuvia nos penedos, isa impaciencia das manciñas por acariñar. Deixaba o alcalde o groso lápiz das contas no lixado mostrador. Deixaban as mans labregas a escasula do millo, o forcado, a peta, o sacho, a aguillada. As mulleres no regueiro deixaban de torcer a roupa e estoupala na pedra. Todos a enxergar para a mestriña nova. Ista camiñaba con dignidade calculada. Non se acendía placer nin oscurecía sentimento no seu rostro.

Pero todo se veu abaixo. A frol compostiña fanouse e só quedou unha pobre rapaza chea de extrañeza, desacougada. Envolveuna unha néboa de simpatía. Para os nenos e para as vellas era unha santiña. As mozas non descubriron nela nin orgulleza nin desdén. A dona da casa-vivenda non tivo medo dun pleito nin o alcalde dunha queixa. Fora a outra mestra unha vellota de mal retrato, roufeña, engazadora de regalos, rifona e batedora na escola. Todos lle prometían agora apoio á nova. Ela comenzaba a deixarse ganar polo amor da xente, demudándoselle o medo en contento. Foi entón cando unha muller calquexa dixo en palabras canónicas o sospeitado por todos, actores e comparsas da escea:. "Si, si. Ven hoxe tomar posesión, pero non ha parar connosco. ¡E moi señorita e pel fina para nós, para as nosas saias de picote e o toradón da neve!".

1948.

La Noche, 23-IX-1948

POBRE RELO CALADO...

O reló foi traballado en longas horas de sol nunha solaina de vello carpinteiro mirando para o doce devalar dunha paisaxe de vendimas e motas de arboredos. Un sol fino, alquímico de acios e de fidalgas pedras. Por iso o reló saíu tan ledo e pintado. Capeliña do soar das horas sazoeiras con algo de cabaceiro e de bargueño. Orgulloso da súa fachendía e do seu martelar de bon ferreiro dos minutos, case o reló de caixa do XVIII chegáballe a faltar ao respeito ao reló de sol, o reló mosteiral e labrego que ignora a sombra e a luz do luar...

Cando un distes relós barrocos se detén, hai primeiro un deterse en ringleira das carrozas de tableiros, das cadeiras de mans e liteiras, logo dos cabriolés e dilixencias do tempo da casa... Despois un espavento callado de soidade e silencios. E a fermosa caixa labrada por un ledo artista na raxada solaina diante do val, adquire a longura, a tesura, a gravidade do cadaleito deixado de pe no recanto da grande sáa namentras non morre o doente sen remedio.

¿Cando cravuñou o martelo o derradeiro cravo das doce? ¿Foi unha noite de galgar angurioso de tebras crecedeiras? ¿Foi un mediodía deserto de esperanzas? De entón o pazo vilego e mariñán no cerne do pobo máis reconchegado da badía, non alenta no tempo dos pinales e das praias, das latricadas peixeiras, da hora da chegada das dornas. O pazo non é témero e negro. Máis que respeito, inspira simpatía. Nas sáas algúns sofás e cadeiras falan vellas palabras e tópicos de tertulia. Nunha gaveta-libreiría quedou aberto un tomo de Buffón. As teas das arañeiras fanse máis sutís decorando unha fía de estampas relixiosas, con viñetas románticas ao correr dos muros. ¿Por que sonou aquila ducia salaiante de notas de despedida no fermoso reló? Foi o sonante epitafio do grande, xeneroso e idealista esprito que habitou nista casa que foi dona das praias do mar e das larganzas das terras. Un fidalgo de grande risa e silencios lembradoiros. Un poeta de fermosas arelanzas. Sabía cabalgar como os seus antergos e quixo engadir ao seu escudo o cuartel da gloria literaria. Sabemos moi ben, sábeo todo o mundo, que despois dil habitaron outros donos na casa. Pero na realidade íntima e trascendente aos aconteceres vulgares a casa tivo o seu pasamento e o reló o seu derradeiro latexante minuto, desque non apareceu por ela o fidalgo poeta cuio nome pouco di aos mozos e moito a uns poucos vellos.

1948.

La Noche, 4 de agosto de 1948.

SONATA DOCEMENTE SENTIMENTAL

Para o abril, cos seus ramos frolidos e o seu cego arelar, son precisos os grises e a severidade do inverno. As veces confúndense as agromadas do pomareiro coas neves derradeiras da serra no mismo raio de sol. Para o xardín e pomareiro da aula das mociñas pimpantes ven moi ben o vello mestre das antigas elegancias e a palabra un pouco cansa, un rumor de augas antigas, un fermoso ritmo en arruinado acueducto.

O mestre rube adispaciño a cadeira. Semella a un tempo fatigado e ilusionado. A luz da mañán non ten compasión coas arrugas e as sens do vello mestre. Tampouco para as da roupa. Na Facultade da borla azul é máis doada unha edición crítica de autor dificultoso do que botar un gabán novo. O vello profesor só disfruta da actualidade na hora da cátedra. No café, na rúa, no vivir, é só unha lembranza. Con todo, un profesor xoven, rexo, deportivo, non houbera estado tan ben na aula. O vello ofrece sen querelo ás rapazas a lección e recender dunha vida. Cada unha das súas palabras, das súas sorrisas, entre tristeiras e ledas, dos seus comentarios sen acedume, revela un sentimento, un frolecer e recendo de antigas roseiras cando fala da morte de Garcilaso, dos laios de Ovidio camiño do Ponto, dos amores románticos... Non se obriga a términos de programa o vello mestre. A súa figura, aínda lanzal, a maneira un pouco estudiada de pór os guantes e o chapeo riba da mesa, a beleza

da frente en comparanza da cansa faciana, forman para as rapazas un tema de arqueoloxía sentimental ao largo e ao decorrer de todo o curso.

Son pimpinelas das vilas, damiñas da cidade, oscuras aldeás en loita íntima co non agardado despertar de beleza, rapazas en camiño de se facer, cambiantes, unha hora nenas, outras case mulleres, en suma: días longos e raxados de abril. Demasiado nenas para teren amores serios, xa de abondo mozas para se divertir en xogos, teñen e descubren no mestre que lles fala do morrer de Garcilaso e dos desditados amores románticos, o primeiro home tratándoas de señoritas con unha gravidade que acrecenta o valor da leda risa bailadora nos ollos e no acento.

As veces no medio da disertación o mestre cala e afúndese en recordos. Poida ser que lle teña fuxido a idea. Ou que se decatara de non ter valor algún o párrafo traballado con un ritmo lírico, escollendo as formas máis puras. De certo as xeneracións de hoxe non estiman demais as volutas e belezas verbales. ¿Para que se molestar? "Margaritas ad..." Mais o desalento só dura un aletexar de boíña. Na aula faise un fondo silencio.

Cala a clase agardando unha flamexante diatriba ou unha frase queimante como un ferro ao roxo na tenra carne. Cala o profesor. ¿Quen podería describir a traxedia, a confluencia e devalar de lirismos e elexías daquiles curtos intres de silencio?

E o profesor sufre tamén. ¿Que lles pode insinar no seu poente ás dubidosas horas da mañán? Pensou duramente delas. Estuvo a pique de facer chorar ollos de frol de liño. Elas falaban baixiño arroladas polo cadencioso discurso das unidades dramáticas ou do gongorismo.

Ao rematar a clase, o vello mestre di unha cousa leda para disimular a alegría das mociñas. Case sen pensalo cavila vestir para outro día o traxe novo. O curso vaise desenrolando nun calado compromiso de perdóns e piedades. Como tantas cousas, fermosas cousas, niste mundo.

1949.

La Noche, 11-I-1949.

II. ENSAIOS

ENCOL DA ALDEA

Xa hai bastantes anos fixen unha visita a Toledo. As osamentas desta cidade, hermética e inquedante, podrecían, como hai tantos séculos, baixo o duro sol e entre a polvoeira dos secos agros casteláns. Por alí danzaba un fato de artistas, de ateneístas, de loiros septentrionales dises que visitan os monumentos como quen corta o cupón ou fai o seu diario traballo oficinesco.

Pouco tempo despois daquela visión toledana, visitei Sevilla e Compostela; eu cando chego a unha cidade descoñecida, o primeiro que fago é buscar unha torre alta e rubir a ela para coller dunha ollada ambiciosa a maneira como o pobo está posto no campo, se está torto ou direito, se se espalla ou se se encolle. Cando non hai torre, entón rubo nun tellado. A comparanza das tres visións: Toledo, Sevilla, Santiago, enseñan máis sobre a historia, a arte, o carácter dos pobos españoles que longas lecturas e cen eruditos cursos. Tiven deseguida o sentimento da cristalización cúbica —así cristaliza o sal— da construcción de Sevilla e despois leín que ise era o esquema da arquitectura árabe: branca, encalada, posta nunha veiga de oliveiras, Sevilla rise do sol. A paisaxe andaluza sen sol é tan triste e vácua que ela soa xustifica a dolor da copla popular naquela terra. Toledo, traballado nun penedo duro como o ferro, pareceume unha obra de artificio, de loita coa natureza, de erudición. Artificio son as páxinas dos escritores do século de ouro, as decadentes arquitecturas oxivales, as obras dos ourífices, a teoloxía dos carmelitas. Santiago nace naturalmente no cerco montañoso no que adormece: vese o granito arrincado das canteiras colocado en severas ordenacións con tanta claridade como vemos erguerse pouco a pouco unha casiña de perpiaño, perto da canteira á veira da carretera. Santiago rise do sol, da lúa e da auga. Non a teme. Ao contrario, ela continúa a obra dos arquitectos e dos escultores, decorándoa coas preciosas coloracións dos musgos e liquens, dos orcelos e das parietarias. Aquí podémonos maxinar un comenzo da estética da paisaxe e da arte e vida galegas, a terra e a vida naturalmente fundidas.

Sobre esto da paisaxe de Galicia dícense moitas cousas, ou falsas ou tan vagas e pouco xustas que convén poñela no seu verdadeiro carácter. Dise por un lado: paisaxe saudosa, doce, mimosa, verdecente, moi propicia para o doce ensoño, algo oriental e preguizosa. Está ben, mais non é toda a verdade. Hai nas terras atlánticas e cantábricas moitas paisaxes verdes que non teñen nada de "aire" co chan galego. Outros falan dun país montañoso e rudo; moitos distes, afeitos a consideraren as llanuras

coma o chan exclusivamente agrícola, as montañas como fondo das tonadas pastorís ou coveiro dos lobos. Tamén hai certa verdade neste modo de ver; mais incompleta. A montaña galega non ten nunca a enemiga severidade das montañas cántabras ou carpáticas. Para min o carácter primordial da Galiza está na forma do seu modelado, o cal depende da rocha fundamental: o granito. Por longos anos os poetas e os escritores non miraban para a pedra, para o coiro, a carne, o oso do planeta. Cando aínda non certaban coa alma dun bosque ou dunha veiga, menos poderían sentir a fonda e eterna poesía da terra núa. Tamén hai unha estética da Xeoloxía. Neste sentido, o noso é un belísimo macizo granítico traballado polo traballo secular das aguas. En calquer costa, na ladeira dun val, coma no perfil das lonxanas liñas que fechan os horizontes, síntese esta forma suave, de ampla curva maternal, coma de seio ou cadeira. A topografía particular dos vellos países graníticos atópase claramente representada na Galiza. De tan vello, o noso anaco de esferoide desfaise esmorecéndose na ledicia dos longos meses de chuvia, recibindo o alegre tumbo das olas dun mar épico. Pondal foi o primeiro que se estremeceu ao sentir vibrar a terra galega baixo os seus pasos, Cabanillas e Noriega son tamén neste sentido poetas *cósmicos* . Os nosos montes non teñen o seu curuto en corno, en cuchila, en dente nin en pirámide. Vede os seus nomes: meda, coto, rodeiro, peña; teñen a forma dos grandes outeiros ou penedos (ovoideos, cupulares) chamados inocentemente na Guía Baedeker *bloques erráticos,* como se non foran nados no mesmo sitio onde envellecen nobremente. A montaña chega ó mar e ábrese a todos; non é dura e ingrata, a vide trepa polas súas ladeiras e ruben coela os pobos coma rapaces que agatuñaran para apañar as cereixas. As montañas chegan ao mesmo mar afondando as súas faldras no Atlántico e baixan hastra a propia corrente das aguas.

O feldespato, o cuarzo e a mica son os elementos do granito. Esto aprendímolo todos no instituto, mais hai que saber a significación de cada un diles: a dureza do cuarzo, luz boreal, luz de mañá cristalizada, aparece mitigada pola dozura e suavidade humilde do feldespato. A mica é un elemento fillo do luar: nas noites as micas brillan como as xemas dos gnomos. Nos terreos vese claramente a descomposición dos factores rocosos: alí brillan pouquiño as micas hastra que desfeitas polo arado, misturadas cos abonos, rematan por desapareceren na humildade da terra vexetal. Por riba destes seixos e laxeiras, os ríos traballan ledamente como traballan os serranchís no monte, espellando o seu fondo pola pureza batida das augas. Sobre a táboa granítica esnaquizada e traballada, as augas seguen faguendo eternamente un traballo de escultura. Mirainas como se destrenzan e espallan polas ladeiras dos montes de San Esteban. Alí hai o *aplech* de monstros máis temeroso do mundo: todas as formas imaxinables da vida animal nas súas infinitas complexidades teñen alí a súa representación, mais eu prefiro a pedra humilde e solemne dos montes batidos polo vento, onde viven os piñeirales medoñentos. Vede que ben concertan a obra sinxela dos homes cos penedos. Tendes por exemplo as eirexas románicas, os lexendarios mosteiros ou o santuario de San Pedro de Rocas. Os canteiros e os imaxineiros románicos,

anónimos, admirables poetas, traballan instintivamente sen darse conta, seguindo a maneira da terra. Esa é a colaboración máis grande e respetable que se pode producir nun pobo.

Neste sentido temos en Galiza unha arte fondamente representativa, dende os monumentos máxicos ou relixiosos da alborada céltiga e da mocedade do románico hastra os luxosos crepúsculos do noso barroco. Dixemos a separanza fonda entre a paisaxe galega e outros tipos de terras verdecentes, mariñás e nórdicas tamén. Fixémonos un instante na fachada cantábrica da Península, dende o fondo do golfo de Vizcaya hastra a ribeira lucense. A montaña é en xeral adusta, forte, nobre, arquitecturalmente disposta. As rochas secundarias, tendidas en capas sobrepostas, como as escraviñas dun capote trasmontano, érguense en serras de feitura mural, crébanse en picos fragmentados que rompen en aguillóns feridores as nevoeiras rubidas do mar. A liña da costa é un longo cantil combatido rítmicamente polo empuxe ariético das oleadas. Os vales son entre eles aillados, diferentes, alí amontóase a poboación conservando hastra os nosos días un particularismo local que non hai en Galiza. Aquí as parroquias son individualidades naturales e humanas, mais francamente abertas unhas para as outras. Dun cón ao outro do noso país as bateladas das parroquias respóndense sen solución de continuidade apenas, facendo cando morre a tarde o seu coro de lembranza, o clamor saudoso de toda a nosa Terra. A costa cantábrica non se desfai en ledas illas, nin se franquea nas suaves ondulacións das praias. Na costa nosa parece que asistimos a un xogo cósmico entre terra e mar; aquí a sirena atlántica gusta de facer o seu leito, é un mar mitolóxico, unha especie de Grecia atlántica onde danzan os coros dunhas oceánicas moi desemellantes das da Grecia clásica, como é desemellante o mar Exeo, limitado e pequeno, da fartura de agua, ceo e nubes do Atlántico.

Os galegos somos máis fillos da terra e do mar que do ceo; será que en parte o ceo é un producto da terra e do mar. As nubes levántanse do Atlántico e mais das terras molladas, dos lameiros espellantes, dos regatos, das fantásticas carballeiras outonizas. En Castela, por exemplo, a nube é unha cousa transitoria, antipática, estéticamente: elas son como manchas no limpo e desesperante esmalte da vouta azul. Só teñen certo valor estético esas nubes decorativas, apoteósicas, que se ordenan en chameantes baldaquinos nos ocasos solemnes do sol. O castelán, dominado polo ceo, sobre unha terra recocida, é home que nos seus tipos superiores produce o místico ou o tolo sensual; o seu horizonte, redondo e limitado como unha praza de touros, erra en circos concéntricos hastra chegar a unha ardente idea fixa. Só lle pode interesar da natureza o producto económico —pan de cada día— ou o bravo cheirume das plantas da estepa. As terras levantinas dormen unha "siesta", axitadas por paixóns africanas, todo o luxo da vida concéntrase na conxestionada coloración das flores. A voluptuosidade andaluza está feita do duro contraste entre a forza da vida tropical e o castigo do sol vencedor da humedade. Estes sentimentos dolorosos da vida non son posibles aquí: como no Xapón, como en Maryland, ou en Bretaña ou en Irlanda, a nosa atmósfera húmeda e tibia ten algo de *Serre chaude*, síntese un pracer

de vivir parecido ao que deben sentir os corales e as estrelas de mar, extendendo as súas ramosidades sensitivas nunha auga tépeda e cariñosa. Esto ten diferentes grados. De aquí o contraste das terras ourensanas dotadas con maior número de xornadas de sol, coa orla atlántica, levada polos vales moi adentro da terra.

¡E que tarde chegaron os nosos poetas a sentir en certa maneira a lírica da paisaxe! Moitos falan, si, de arbres, de flores, de prados, que o mesmo se poderían colocar na veira do Henares ou do Guadiana. Tamén nisto Pondal sentiu o bico da Terra, o leve roce da nevoeira, o valor sustancial das orballeiras e das brétemas.

Na portada de "Nós" está o símbolo esmaltado do pan e do viño. Esta portada merecería ser esculpida no Pórtico da Gloria, debaixo da arbre de David, ou xenealoxía do Cristo, a máis admirable interpretación románica do Evanxelio, como esta obra do Castelao é a acabada simbolización das fontes vitales de Galiza.

O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humán do chao galego, non separados, senón penetrándose e dividíndose en complicadas figuras. Para nós o pan é o *centeo* e o viño o da *cepa vella,* de cepa torta, como osatura dun patriarca. En Ourense aínda miramos as americanas como un fato de damiselas neuróticas, vítimas do *surmenage* e necesitadas de todas as drogas para botar o viño. O centeo, cereal de inverno, pasa por tantas calamidades como o paisano que o precura. Aguanta xiadas, neves, chuvias, nace entre il, se chove moito, un lameiro de xaramagos, senradelas e gramas, cando está vizoso e alto, tremando co vento en ondas conmovidas. O paisano, sempre pesimista, di: "Pasa moitas noites fóra". Recólleo con cariño especial, porque é o recurso da facenda doméstica, xa polo gran que se garda na arca tradicional, como pola palla que sirve para tapar a chouza, anudar o fachico e facer o leito para a paredura da porca. O paisano tenlle máis lei ao centeo que ao millo. Antes vivía de pan, castañas e viño. As castañas e o pan caracterizan os altos chaos graníticos, abertos, de inverno duro, onde o cuco chega máis tarde e a vida só vai ben na horta do cura ou nos abrigos do pazo. O millo simboliza a alianza atlántica. Petulante, guapo, co seu pompón dominador e a súa exaltación sexual, contrasta coa castidade e modestia do centeo. É o presente das Américas ás terras húmedas da Europa, o seu ouro parente daquil lexendario asulagado nas augas de Vigo.

O labrego do pan e do viño son moi diferentes; a agricultura das cepas require unha coñecencia fonda das leis atmosféricas, un inxenio e unha técnica oportunista: ao contrario do cultivo do centeo, máis suxeto a leises invariables.

Por iso o ribeirán practica unha filosofía escéptica, é un ironista brillante, un falador cheo de sazonadas experiencias, moi diferente do montañés que cree na eternidade das leis, na causa primeira e na sabiduría dos vellos. Hastra na miña terra obsérvase o contraste na música das festas: as murgas ou bandas da ribeira son doces, arroladoras, canteiras, esmaltando as súas tonadas con funambulescos solos de cornetín ou orxiásticos finales de redoblante. A música da montaña, máis grave, arrinca fondos sonidos; é, como decía un paisano meu, unha música de

caldeiros. O mesmo que se dixo por xente moi ben cultivada da música alemana. Total: a vella oposición entre Rossini e Wagner.

Nistes tempos, o tapiz vexetal da Galiza trasfórmase moito: o castaño morre, en moitas terras só queda a súa lembranza. O eucaliptus, que forma bosques enteiros, é tamén unha arbre mundial; vido do outro hemisferio, acoubou aquí bravamente. Os que poseen terras en Galiza, cando se convenzan de que a única nobre vida señoril é a vida do campo, deben lembrarse dos vellos fidalgos que plantaban alciprestes perto das súas casonas e tiñan tanto cuidado en encher a horta de pomares, de peras de Doña Xoana e Don Guindo, de laranxeiras, toronxiles, a froita de moda na Edade Media, nogueiras, cerdeiras e toda caste de froita de óso e de pepita. Aquí hai que traer moita pranta do Canadá, dos Estados Unidos: wellingtonias, araucarias, as arbres coníferas dos iroqueses; e tamén do Xapón, arbres paradisiacas de folla, lucentes e globales froito de ouro. Mais, por Deus, non plantedes nin acacias de bola nin palmeras. A acacia, árbol municipal, ético de presupostos, ten en si unha cursilería que entristece. Os seus redondeles de sombra non poden agarimar un idilio fecundo. A palmera fai o efecto dun pantalón de franela branca nunha tarde de invenía desfeita. E se está nun testo pintado de verde, ten un noxento carácter tabernario.

Xa falamos algo da terra; agora hai que falar dos homes. Os homes xúntanse en aldeas, en vilas, en cidades, e a diferencia entre a aldea e a vila é un traballo sumamente difícil. A vila ten un aspecto urbano que non ten a aldea; tamén nesta hai certa ordenación, mais en canto aparecen as aceras ou as famosas acacias de bola, xa temos a vila. A vila é unha habitación de señoritos e comerciantes. Así como as cidades teñen na Galiza pouca variedade, a gama das vilas: antigas, montañesas, de augas, de comercio, de señorío, as naturalmente formadas, as feitas polos caciques, as que viven do reflexo da cidade, as que se formaron por conxugación de outras, como os microorganismos, as que florecen coma flora de ruínas sobre o solar dunha cidade morta, as que teñen mercado cuberto, as que teñen tren que para alí, as que só ven pasar o expreso e disfrutan nada máis do misto e do mercancías a horas sempre absurdas, que non permiten o paseo polo andén, as que postas na veiramar parecen non enterarse do tráfico mariño, as que teñen forzas vivas con muelles novos, etc.; a variedade é infinita e faría falla un longo estudo fundado nunha aproveitada experencia. Nestes derradeiros anos vai nacendo unha forma que poidéramos chamar *itineraria,* porque as casas novas prolónganse ao correr da carretera, sen máis centro que a taberna ou a tenda. Dunha maneira provisional deixaremos establecido que as verdadeiras vilas teñen algo dominador, diferente da torre parroquial: o concello, que ás veces ten unha torre ou *beffroi* que dá á agrupación unha importancia inmensa.

Vou facer aquí somentes un estudo *groso-modo* dunha aldea da miña terra, non digo da miña provincia, porque esto das provincias, aínda que se atope moi arraigado, debe desaparecer porque non ten fondamento ningún. Non vou falar de Galiza enteira senón dunha molécula dela. No meu despacho da aldea teño o vello e glorioso mapa de Galiza por Fon-

tán, catedrático de Matemáticas Sublimes na Universidade de Compostela alá polos anos de corenta e tantos. Imos escoller un anaquiño moi pequeno dise mapa sinalado por un punto co nome do lugar da Eirexa, e divagar un pouco sobre a maneira de ser da terra e dos homes dalí, sen pretensión científica ningunha, sen intento de sistematización.

Xa está demostrado por todos os modernos escritores galegos — Rodrigo Sanz, Vilar Ponte, Risco, etc.— que a unidade vital galega é a parroquia. Esta de que falo está nun país de transición entre montaña e ribeira. E o que chamamos unha *boca-ribeira,* con amplos horizontes cinguidos polo cerco lonxano de altas montañas, con costas que baixan cara a ribeira do Miño. Mistúranse terras de pan con terras de viño, toxales e piñeirales no alto, con carballeiras e salgueirales nos regatos; nestes baixos a viña rube lentamente conquerindo os terreos abrigados do Norte e da xiada, aínda no alto. O chan en xeral é malo e delgado, o arado canta ao topar coa rocha subxacente na maioría das terras, que son herdades de centeo e de millo; as nabeiras, poucas, e cada paso máis disputadas polos herdeiros nas partixas. O gran enemigo é a sequía; non hai aguas correntes todo o ano. Se non chove, pérdense cáseque todas as colleitas de millo, patacas, centeo, algún liño e pouca herba seca.

A rega do millo faise gracias ás pozas, sacando en xeral a agua por medio dos *bimbastros*, o que dá un dos traballos máis penosos baixo a raxeira canicular, ou na mañá moi cedo. Nesas horas, o xemer do artiluxio da poza parece un berro de door do labrego ante a perda inevitable da colleita. Outra gran preocupación é a mantenza do gando; as herbas son poucas, non hai apenas montes comunales e os que hai son secos e pedreños. A angustia dos días secos do vran auméntase co enorme traballo de moer a fariña: hai que buscar muíños en ríos lonxes, cando non moen as aceas dos regatos próximos. Entón, rapaces e homes fan longas viaxes por costas ásperas co fardel ao lombo. A poboación está axuntada en sete ou nove lugares de corenta, de quince, algún só de dous veciños. Tamén hai lugares arruinados, postos en quebradas onde as cepas secaron, as fillas casadas buscaron lugares máis alegres e abertos, onde fan trouladas e fiadeiras, perto da eirexa e das romaxes, da tenda, á veira dos camiños pasaxeiros. As ruínas en xeral teñen a melancolía da relatividade das cousas humanas. As ruínas de edificios artísticos, se eles foron edificados con un fondo sentido do país, son aínda vivas; as vexetacións parasitarias continúan e exaltan a obra do artista; a min, as ruínas das casas labregas: unha pedra de lareira, un cortelo esmoreado, a pedra furada dun lagar, parécenme tan respetables como as ruínas dun mosteiro. Son estas ruínas como os corpos dos labregos, os que mantidos de berzas e bica mistúranse decontado coa terra do camposanto; destas ruínas recobra posesión a natureza. Un piñeiro, un érvedo, chega para esnaquizar as noutrora amadas parés petruciais.

No campo traballan todos: homes, mulleres e nenos. En conxunto, os habitantes da parroquia divídense en dous grupos xeográficos distintos, pola situación, pola maneira de levar o traballo do campo, e hastra pola maneira de ser: os *das campanas arriba*, e das *campanas abaixo*. Como a eirexa está posta pouco máis ou menos no lindeiro das terras de pan coas

de viño, o paisano agrupa así os seus veciños, tomando a lingua expresiva da eirexa, a campana, no seu sentido místico de poder espiritual sobre os malos espíritos pola virtude do bronce. Os das campanas arriba teñen aos outros por menos abertos no trato, por rosmadores, disimulados e raposos. Non sei se nesto haberá unha infantil interpretación do símil do horizonte amplo da altura co horizonte limitado do val fondo. No traballo distínguense: os de abaixo están afeitos a levaren pesos, cargas de estrume e de leña por camiños onde non poden andar os carros. Teñen millo de rega, o seu orgullo maior, e son case ribeiráns, como os veciños do río.

Imos facer unha lixeira evocación do estado destes homes, comenzando polo sentimento que teñen da organización e vida política, por aquelo de que o home é *un animal político*. Como esta parroquia non é cabeza de axuntamento, a súa existencia política está completamente subordinada. Pódese decir que non hai sentido administrativo nin menos político; domina o individualismo máis completo. "O que fai ben ao común non sirve a ningún", oise en todas as bocas. Cando o pedáneo —que por regra xeral nadie sabe quen é— manda rozar as silvas que estorban o camiño, fano de mala gana; ninguén quer aguantar as aguas no seu terreo, e o maior pracer que poden experimentar é coller por unha muradella feita con toda paciencia un anaco de camiño ou de monte comunal, ou cando unha arbre do veciño vai solapadamente quedando comprendida dentro do muro do eido. O paisano ten o sentimento da terra no sentido da súa eternidade; il morre, virán outros, sempre adscrito á gleba como os servos, considérase como un accidente na vida infinita do eido. ¡O eido! É todo para el. Se hai tormenta, pensa nel antes que nos fillos. O mariñeiro, afeito a arar na extensión do mar, ás continxencias de perigo, do golpe de mar ou de vento, ten un maior desprecio da riqueza. O labrego non. Nin vello cangado e desfeito quérese desprender dos eidos para que os traballen os fillos, os xenros, os herdeiros. E de ver cando di un labrego: —"É meu". Como exalta a súa cerdeira, a resistencia da lumieira da súa porta, a larganza do seu curral, e o axe dos seus acios de caíño ou a barbadela da súa becerra.

Os procedimentos agrícolas son os de sempre: non se ten a menor noción de toda a técnica xa acostumada noutras terras. Hai que ter en conta que se fala dunha parroquia ben apartada, mais non das da rexión montañosa da provincia, xa que desde ela oise o abafar da caldeira do tren —nuncio de agua pronta— e a trepidación dos autos. A industria é somentes caseira, como non pode menos, e aínda se atopa nunha triste decadencia, que fai a vida da familia escrava das combinacións dos comerciantes da cidade. Xa case non se tecen lenzos nin se fía estopa, nin apenas se coce bica. Xa moitos mercan un agrio pan de mal trigo polas dificultades e o precio a que sai o bon pan de centeo. As vacas, case que todas mal mantidas e moitos días á conta allea, dan o leite para facer manteiga para vender na leira ou no mercado. A tiranía da tenda vai sendo cada vez maior: os mozos mercan uns xéneros que ó mellor cambean de coor con unha boa molladura de agua ou de suor. Toda a desfeita das cidades ven cubrir os corpos e alaxar as casas da aldea, de onde

van faltando as fermosas cousas ben tecidas e ben traballadas, aquiles enseres e roupa que nunca se gastaban, nas que se iba depositando a maneira de ser, a alma da familia. Unha vida de prestado en todo aquelo que non toca direitamente coa loita da terra. Unha industria familiar e local ben desenrolada non é o coroamento que debía ser da existencia nobremente traballadora do pobo dos agros. Agrávase a situación coa dificultade e imposibilidade das comunicacións: os camiños vellos, aquelas calzadas tan ben empedradas, feitas polos conventos e os concellos de honrados petrucios, vanse esmoroando pouco a pouco, máis aínda, alabeadas e rotas son os únicos anacos de camiño regular. ¡Aquelas vellas pedras que gardan como un venerable palimpsesto os rastros de tantas pisadas dunha ronda infinita de xeneracións de homes mansamente loitadores, as rodeiras de tantos caros! Dos mais camiños, os que non se fan no bo chan pola pisada costante de homes e animales —como na estepa de Africa— vale máis non falar. Todos os invernos se convirten en leitos de torrentes ou en balsas de auga dormida.

Non imos intentar unha psicoloxía, unha estética do habitante nestas condicións, pero si voume permitir sinalar uns cantos feitos, como contribución ao estudo necesario da aldea.

Unha das cousas máis interesantes a estudar en todo agregado social é o desenvolvimento individual respecto á masa colectiva. Será da antiguidade da raza, ou da variedade do chan, ou da dispersión das vivendas, mais o feito é que a raza galega ten un grandísimo desenrolo da personalidade individual en todas as súas formas. Engañaríase fondamente un observador superficial que non vira nun fato de labregos xuntos na feira ou na romaxe, se non un agregado dos mesmos destinos e iguales caracteres. Esta calidade, por un lado imposibilita as boas obras colectivas, porque aínda independentemente do fondo xeral de tradición e do bordado máis que superficial da cultura, teñen un concepto seu do mundo e dos homes. Nós, os da vila, ou polo menos señoritos de aldea, nunca chegaremos a penetrármonos ben da íntima *facies* do paraíso. Mais, cousas coma iste desenvolvemento da personalidade individual, son fácilmente demostrables: contrasta coa pasividade das masas obreiras do proletariado cidadán. ¿Será este un efecto da cultura mal dixerida dos segundos frente a vida naturalmente libre dos labregos? Cecais. O paisano fala sempre, discute sempre, ten un sistema de lóxica discursiva moi particular e somellante ao de moitos grandes oradores: o procedimento dos circos concéntricos. Ora, que moitos ilustres conferenciantes e parlamentarios perden a testa nas voltas, e o noso labrego non; todo lle sirve para demostrar obxetivamente a súa tesis inicial. A iniciativa individual é grandemente apreciada nas aldeas, e os homes que exceden niste orde, exercen unha especie de sacerdocio ou profesorado, consciente ou inconscientemente nos seus conveciños. O galego gosta da especulación, moitas veces polo só afán de especular, e razoa hastra as cousas instintivas ou mecánicas. Ora, que este sacerdocio do individuo superior, exercido polos vellos, está hoxe gravemente comprometido polos *Ches* e polos homes de cultura mecánica cidadán. Hai paisanos que falándose, chámanlle filósofos, acertando notablemente coa aplicación non pedantesca

da verba. Do fondo destas ensinanzas dos vellos xurde e sigue a cotío producíndose folk-lore, o estudo do cal é o millor canteira para o coñecimento da alma galega.

Consecuencia deste desenvolvimento é un certo afán de gloria. O labrego busca lucirse no adro da eirexa, no circo dos amigos. Hai que ver como se gaban de cargar ben aplomado un carro de toxo, ou de nunca perder o seu viño; e das mulleres non digamos nada. Hainas verdadeiras pitonisas en materia de amores, de roupas, de matanza do porco, de devoción, outras practican coa súa verba, afiada como a fouce na pedra, un dominio de terror nas veciñas e fan pecharse as bocas de máis sabidencia. Pero cando máis goza o paisano, é cando pode volver tolo a un abogado. Neste sentido, hai na política abondo de personalidades representativas de cepa paisana.

Ao lado e moi perto da razón grave e doutoral xurde a súa caricatura: o que se dá tono, o que se escoita cando fala e embebece a meia ducia de pasmóns. Este tipo sole ser branco da sátira e chámanlle *profeta, prosas, de primera* ; etc.

Tocante á lenda e á ciencia, están moi diferentemente representadas na aldea. Nas duas manifestacións fundamentales do espírito, asistimos a unha sustitución lenta da primeira pola segunda. Xa é un tópico decir que secaron as fontes mitolóxicas da alma popular, mais os contos, as lendas (históricas, máxicas ou simplemente heroicas) aínda teñen o seu público, non sempre disposto para confesar as aficións, en verdade... Eu coñezo un sacristán que foi cabo no reximento de León, estivo en América, traficou co sarrio, e hastra sabe de motores de gasolina e ten lido algúns volumes da Biblioteca Sempere, que é home de sentido irónico e de formación pseudo-mecanicista, que todas as mañás de San Xoan rube á espadaña espido por completo para tocar as campanas porque esto fai boas colleitas. Aínda nun fato de homes chegados da América, leídos e escépticos, o voo dunha volvoreta negra failles correr un xerro de auga fría polo lombo. Ao falar do sentimento relixioso, voltaremos sobre este tema. Tocante á ciencia e cultura libresca, é de notar o inmenso prestixio da letra impresa. Calquer cousa, unha insensateza ou maldade postas en letra de imprenta, fai na aldea unha impresión fonda; e teño observado que o labrego lé con máis gosto as noticias atrasadas; agora que como só lé nos instantes de vagar, e son poucos, a influencia dos periódicos está en razón inversa da actividade agrícola. Por iso os movimentos populares non se producen nos veráns coa unanimidade esperada polos seus autores, porque esa é a época do traballo máis rudo. O libro é unha cousa familiar: como o paisano só trata con cregos, médicos, abogados e boticarios, descoñece as outras profesións liberales. Aínda ten un gran prestixio a ciencia eclesiástica: os tomos teolóxicos ou canónicos, que aínda poseen os sobriños dos cregos, disfrutan dunha veneración particular. Teño visto na aldea libros de cabalerías, *Os tres mosqueteros*, os *Idilios* de Gessner, coleccións de sermóns. E aquí vou notar a falla en que estamos dunha formidable actividade na feitura e propaganda na novela. Así como estou convencido de que o labrego non sinte a poesía lírica, esta forma de épica que é a novela terían unha masa inmensa de lectores, apai-

xonados e fondamente interesados na narración. Moitas veces sorpréndese un na aldea ao atoparse con supervivencias e brotes de formas ou de cousas que xa consideramos mortas: un vello salmeroniano que sabe de seguido un discurso de D. Nicolás; outro que ten polo colmo da sabiduría as frases pronunciadas por algún Presidente da Diputación en certo acto solemne. A cultura dos americanos é meramente experimental, o que viron, comparado sempre co de aquí. Cáseque todos os que chegan falando mal das indulxencias, cren que en Cuba o sol está máis perto da terra e que, se abren de todo as esclusas do canal do Panamá, asolágase deseguida todo o archipiélago das Antillas.

Nesto do sentimento da natureza é sabido que o galego ten un sentido de vida animada do planeta, un sentido mitolóxico e vital oposto á concepción semita do home central de España. Esto é un dos principales elementos do folk-lore: pero tamén hai o tipo que mostra frente a todas as formas da vida un desprecio fondo; lémbrome dun tal Xerónimo, gran bebedor, que estivo na China e na Patagonia, e decía moi seriamente que os chinos eran parecidos aos de Barbantes e que os patagóns eran uns homes despreciables, que non distinguían de viños.

En arte, son naturalmente barrocos e impresionistas: prefiren a coor á liña, a escultura e arquitectura pintoresca, as combinacións patéticas ou grotescas das artes plásticas que chegan ao berro da door ou da alegría. Un meu amigo dicía que se estaba desenrolando unha arquitectura *ché*, do máis abominable: é certo. O tipo da casa labrega e da casa fidalga nas súas infinitas modalidades axustadas á maneira particular de cada terra, está moi necesitada de defensa: pouco a pouco vai entrando no campo —a Galicia vital e o porvir da raza— un xénero de construcción cidadán incómodo, cursi e feo. Os vellos pazos arruínanse, e menos mal cando quedan en poder do abandono, xa que as edras, os érvedos e os niños de mouchos son a fermosa decadencia dunha bela arquitectura, mentras os balconcillos de cemento, o portland, os materiales innobres, significan, como deixou demostrado Ruskin, a morte total, o apagamento das sete lámparas de arquitectura.

A vida da familia non é a soa na aldea; queda a vida de relación desenrolada nas operacións agrícolas —as mallas, as escascas, as vendimas— e no adro da eirexa. A vida de sociedade do novo labrego está moi necesitada de que, por parte dos elementos galeguistas, se faga unha campaña para a súa milloración. Só acudindo entre iles poderían os nosos intelectuais nacionalistas facer unha boa sementeira, porque nela fórmase a opinión pública da aldea. Tímida, cobarde, imprecisa, esta opinión ten que ser mañá a forza e o miolo da Galiza futura.

Moitos máis aspectos da vida aldeá poidera desenvolver, mais non podo pasar en silencio o aspecto da relixón. Isto é moi delicado e moi difícil de coller as súas características. O paisano en xeral ten un concepto fondamente politeísta da natureza e da vida; a súa devoción vai sempre encamiñada a fins inmediatos; rara vez chega a unha concepción da esencia da doutrina católica. Os cregos predican todos os domingos e a eirexa-cemiterio é o punto central da parroquia; mais nos sermóns, o que máis lles interesa é a parte histórica e simbólica da Escritura e das vidas

dos Santos. Se sometéramos a un labrego intelixente a un verdadeiro exame dos mandamentos, xa que ise é o cadro no que cristaliza a súa educación moral, chegaríamos a moi sorprendentes resultados. O rescate do pecado polo sacrificio equivalente á pena, a bondadosa consideración cara o demo, con toda a súa lexión de auxiliares, un certo escepticismo sobre a existencia do Purgatorio, unha intensa influencia da Providencia nos feitos agrícolas e sociales, figuran entre os caracteres que poderían estudiarse nunha consideración atenta.

E remato. Cómpre que todos se afagan a pensar que só no cultivo da xente do campo está a formación dunha Galiza como a que desexamos todos os verdadeiros fillos dela. A vida escasa, recollida, imperfecta das aldeas está necesitada dun amoroso cuidado, dunha longa milloración chea para nós de sacrificios e desesperanzas, mais que é un deber para nós

1922

Nós, III (1922), nº 14..

O ESTILO DA PAISAXE

Os fenómenos atmosféricos

Nun concepto moderno da paisaxe collen, ademais da arquitectura e forma das terras, da tona vital, da dinámica da erosión, das obras dos homes, moitos aspectos, entre eles os fenómenos da atmósfera. Por fuxitivos e leviáns que eles semellen non deixan de prestar a súa característica das síntesis da paisaxe. A meteoroloxía vóltase fisiognomía, vitalízase no amplo sentido do vivir cósmico. Nubens, choivas, neves, o orballo das mañáns, compoñen na complexidade dos horizontes. E quen esculque neles un estilo, unha fisiognomía, non pode esquecer o reino shakespeareán de Ariel. Polo de hoxe somentes teimaremos responder a algunhas suscitacións do suxestivo tema.

A noite .

¿Hai dereito a falar da paisaxe astronómica ou da astronomía da paisaxe? Quizais, ben pensado, non seña demasiada pedantería. Os astros fulxindo serenamente, ordenados nas claves misteriosas das costelacións, a dramaturxia dos ceos, os variados aspectos do luar, o latexante estrelecer da Galaxia, chegan a nós peneirados pola atmósfera. Para a emoción e a posible sistemática da paisaxe, fican lonxe os roteiros da ciencia moderna. Os astros e os ceos xogan na paisaxe igual para o contemporáneo de Heráclito, de Marco Polo, de Ibn-Batuta, de Kepler ou de Einstein na composición antropocéntrica do cosmos. Falamos dos astros na familiaridade do ámbito terrestre, atmosférico. Quizais algún astrónomo na soedade —porta de evasión coas áas do cálculo, en Lick, Monte Wilson, Upsala, Tokio ou Melbourne— poderá sentir como paisaxe os xogos sidéreos e *sinódicos* de Ariel, Umbriel, Titania e Oberón no morno fogar afastado de Urano. Quizais os canales de Marte, ou o desconsolo da cortiza luar, señan interpretados como paisaxe por algún cosmógrafo imaxinativo. Podería un poeta poboar de paixón e degaro humán o mapa das rexións do hemisferio luar que os grandes telescopios achegan ao noso ollar a unha larganza de poucos kilómetros. Non chegarán a ser endexamais escenarios de paisaxe. *Fai falla a presencia da historia,* da conciencia diante da natureza, un circo de horizonte galgado polas miradas instintivas, intelixentes, das xeracións. Os astros collen somentes na paisaxe da noite, que ademais de ser interpretada polas artes, pode adquirir tamén unha certa categoría xeográfica.

Algúns grandes pintores teñen acertado nas paisaxes da noite, sempre coa presencia humá manifestada nas luces das fiestras, no halo luminoso das cidades, na fogueira dos pastores ou dos nómadas, e case sempre

baixo a saudade elexíaca ou eufórica do luar. Turner pintou as tebras da noite petando nos vidros alumeados do quente e pechado "home" inglés, a fuxida dos largos peiraos mollados pola brétema na que navegan os faroles, a fouce do faro seitura isócronamente monlladas de tempo de noite e os tremores de gaivotas acompañan o folgo dos barcos viaxeiros. Na pintura barroca son as festas as que exaltan a noite: a noite azul de Venecia salferida polo levián florecer dos fogos de artificio, o ronsel do faro da góndola no canal vibradoiro ou calado onde se afogan ceos adriáticos. Fuxida das carreiras de buxos, imaxinadas perspectivas de frondas, na pintura francesa. Os escritores téñense achegado mellor á esencia da paisaxe nocturna. Xa non somentes os románticos, como Leopardi no canto do pastor errante da Asia, nin algunha fuxida dos clásicos, como o "splendet tremulo sub lumine pontus" do armonioso Ovidio, romántico pola forza do exilio. Lembremos as noites das grandes novelas de Joseph Conrad: a mar centileante das paisaxes da Sonda, o lucir das formacións madrepóricas acariñadas pola gracia da onda, o vento galgando degraus de lonxitude a cada pulo máis carregado da soedade do Océano. Mais, sen dúbida, fuximos do tema diste traballo demarcado nunha intención xeográfica.

Teimemos precisar un pouco os elementos fuxitivos, misturados, da paisaxe da noite. Poderíase pensar seren as tebras negación de todo sentimento da paisaxe. Afeitos á luz que cría os horizontes, colorea os arboredos, exalta os neveiros, amostra según variados ángulos as formas da arquitectura das terras, poderíase xustamente quizais sinalar o remate da paisaxe co esmorecer dos derradeiros lumes do poente. Criterio un pouco *psiquicoso*. Se a paisaxe se pode definir como a *faciana decorrente, expresiva, no tempo e no espacio, da natureza aparencial,* isa forma mostrará nas horas da noite e aínda para unha observación xeográfica algúns aspectos, formas, enerxías, e os elementos para sentir polo menos un comenzo de composición de paisaxe.

Ceo aluarado, estrelecido, neboento: soar ou lucir de augas, vento nas ponlas invisibles, bater de ondas, rencher de areas baixo os pés, rexo pisar na rocha, neboeira alagando as formas, cantar de paxaros, cheiro de colleitas, recender de froumas, co tema característico de cada sazón, presencia de obras dos homes, no sospeitar dos treitos, fumes de fogares, recendo de gado... Tantas outras ecuacións sinxelas, instintivas ou reflexivas, poden ser principio de síntesis xeográficas de paisaxe. Desde logo, coa axuda da lembranza e da esperanza. Mais istes métodos de enxuiciar tamén xogan a súa función esencialmente organizadora na visión da paisaxe á luz do día.

Primeiramente, os *astros*. Ben o saben pastores, labregos e mariñeiros. Son para iles, sobre todo na vida aínda primitiva, verdadeiros elementos da súa paisaxe. Diferentes según a sazón, a hora, a latitude. Na noite polar e na noite dos desertos adquiren o máximo valor; na paisaxe das terras, coa rotación da bóveda celeste van xurdindo os luceiros, dispóndose as costelacións a cada hora. Na noite polar son os sos factores familiares no vago clarexar dos lazos. Afondan o sentimento do espacio e do tempo en perspectivas case metafísicas. Contan as horas lucindo en

monllos de luz na atmósfera transparente dos desertos. Nas nosas latitudes ¿quen non experimenta a compaña dos ceos según a hora e a sazón? ¡Noite do inverno, remelocinte co illado deitar de luz do fermoso Sirius, da composición simbólica de Orión! No horizonte, as constelacións zodiacales sinalan os tempos do vivir cósmico do universo, tan achegados ao pequeno ciclo das colleitas e das angueiras eternas. No ceo do verán a Lyra rube ao cumio do ceo sobre os campos vibradoiros de promesas. Os ollos afeitos miran a expresión das estrelas a cada hora da noite. O luceiro da mañá quéimase con esplendores máis vivos cando nin unha promesa de luzada se sospeita tras a comba oscura do horizonte. As diversas posicións de entrambas Osas xirando en ciclo anual arredor da Polar son elementos das sucesivas paisaxes sazoneiras. E na mar medra a función do ceo estrelecido. Todos os nautas e viaxeiros miran o se alargar da Polar nas augas ao cruzar a Liña. Outras estrelas presiden outras paisaxes, e a Cruz do Sul impera no ceo do hemisfeiro que xa por unha determinación planetaria amostra conxuntos de paisaxes desemellantes aos do Norte. Imaxinemos unha paisaxe de noite estrelecida. Cruzamos os altos chaos dunha serra da nosa Galicia. Isa *"obscure charté qui tombe des étoiles"* deixa mirar os espallados circos do horizonte que abranguen serras, penichaos, vales, grandes larganzas de paisaxe. Chega a nós o salaiar dunha cachoeira. Experiméntase a pureza xiada do ar do inverno. A pobre terra que pisamos está dura e elástica pola xiada, ven das quebradas o rexo recender das carballeiras, o cheiro de musgos, follas murchas, auga encochega ao fío da medianoite: o Orión triunfa, as estrelas zodiacales ráñanse no mouro perfil do lonxán horizonte. Sen outros motivos de información, só con ista presencia do chan que calcamos, do recendo da noite, do frío da xiada, do decorrer das estrelas, do cair das augas, do clarexar dos illós, da esquemática forma das montañas, podemos compoñer unha síntesis de paisaxe.

Co *luar* a noite deixa ceibes máis motivos. Da mesma maneira que hai soles topográficos —que dibuxan, esculcan, exaltan, armonizan todas as formas da *facies* telúrica— tamén hai lúas capaces de inspirar esquemas coase completos. Primeiramente, o luar do inverno. A luz do luar non é difusa, só amostra aquilo que toca; luz de planos, sen profundidade, desperta aspectos parciales, desleigados dun conxunto armónico, mais en troques é dona dunha forza extraordinaria para destacar as cousas miudas, ás veces, esenciales na comprensión da paisaxe. As grandes masas da vexetación, os pechos arboredos, apenas apañan fuxitivas raiolas do luar que destaca follateiras das ponlas altas ou baixa deica ao chan criando fantásticas fuxidas de mestos troncos ou soedades verdecentes illadas no misterio oscuro do conxunto. O luar das sazóns decoradas polo vivir vexetal sometido ao dequebramento invernizo fracasa, e só dá extrañas ou poéticas perspectivas. En troques no inverno o bosque boreal, espido, amostra as arquitecturas esquemáticas con forza sinxela, que conxuntamente co poder de exaltarse, ao correr das augas, o sosego morno dos illós, as pequenas *facies* da paisaxe (pedras orceladas, seixos brillantes, laxes dos camiños) organiza verdadeiras expresións de conxuntos, quedos, dotados de fonda suxestión. Mais o luar triunfa nas gán-

daras, nas penedías, nos outeirales; niles a contraposición das sombras e das rexións alumadas sinalan a vastedade dos ermos, precisan as formas da erosión, e con vento e soar de augas completan a idea do dinamismo mecánico. Un esteso horizonte alagado no dondo lucir do luar, semella aos desenvoltos baixo as orballeiras primaverales coas lonxanías claras ou foscas, o contraste de formas cheamente individualizadas e outras oscuras no agarimo das nubens desfeitas en fina choiva. Pois o luar chove raiolas, non enche, arrodea, completa, todos os planos, formas, estaxes e lonxanías dos horizontes.

Quen somente tivera a experiencia das paisaxes da noite, aínda aluarados, sentiría un mundo deixado ás forzas mecánicas, desartellado, caótico, sen entender a función da vida nin a presencia das cores infindamente matizadas. As noites oscuras co ceo coberto de nubens en bóveda pecha ou desfeitas na choiva, se apenas deixan sospeitar elementos de paisaxe, dan a sensación dun mundo de oscuras presencias. Non se precisan as formas, mais o tacto, o ouvido, o cheiro, recollen notas dispersas: rumor de arboredas, tocar de pedras, recendo de colleitas, de primavera ou de outono, por exemplo. Lembramos unha viaxata por terra para nós descoñecida da Galiza, na noite fosca. O foxo da fonda corredoira ulía a sábrego e terra vexetal; coa man afastabamos ponlas de pequenos carballos e as silveiras ameazaban a nosa faciana; os cascos do faco e os zocos do home que nos guiaba resoaban nas pedras pizarreñas e nas laxes sonoras deitadas e asucadas polas rodeiras dos carros onde a auga agurgullaba baixos sons. Por riba de nós chegaba o maino ruxir de invisibles piñeirales e o seu recendo primaveral. De súpeto, nunha volta da corredoita, as tebras afondáronse noutra oscuridade de nubens e un aire salgado sinalunos a presencia da mar.

Poderíanse engadir as *paisaxes urbáns da noite*. Coidamos non ser discutible o aspecto xeográfico das paisaxes urbáns. As vilas son en grande parte fenómenos xeográficos e na súa meterialidade e intención responden aos temas do ambente e da paisaxe. O resoar das laxes de pizarra ou de granito das rúas, a categoría das pedras arquitecturizadas, e das vexetacións humildosas que as decoran, a presencia dun xardín, dunha horta, mil aspectos vilegos, expresan elementos da paisaxe. A noite urbán tivo sempre xurdios intérpretes na esfera das letras. Cada vila ilustre disfruta polo menos dunhas páxinas certeiras. As vilas —as máis ilustres pola beleza, mellor afincadas no cerne xeográfico— poden conter en certas horas de noite ou de sol algúns esenciales motivos da paisaxe. Lembremos unha rúa toledá, *enchinarrada* de croios, cinguida de muros de ladrillos, ulente aos pechos xardíns dos conventos e dos pazos, ou unha praza compostelá de granitos resoantes. Somente apalpando as pedras experimentaremos as variacións do labor erosivo ó que as rochas teñen estado suxeitas na natureza e despois na ordenación artística. Certamente as paisaxes naturales figuran máis ou menos humanizadas, e en conxunto afastados os desertos e os altos cumes —neles tamén fica a lembranza dun pasar humán ou dunha hipótesis ou imaxinación de sabio ou de poeta—, todas mostran a tónica do traballo e da conciencia. Pero nas vilas a inspiración humá érguese a un módulo superador das condicións

xeográficas. *Son máis hisñtoria que natureza, máis libertade que necesidade*. Polo que exceden do estilo xeográfico, abranguidas, como os xardíns, no estilo das artes.

A luz e as cores.

A cada hora do día e da sazón, a luz viste con diversa fondura, intensidade e armonía as cores das paisaxes. Mais dinantes de enxergala bañando e creando a gama das formas e decoración das terras e a variada sinxeleza da mar, temos de a considerar ceibe, núa, na luminosa fuxida cupular dos ceos. Sen ela calquera idea de paisaxe ficaría tolleita. O ceo cría e ordena as paisaxes. Desde o primeiro instante da luzada, triunfa do caos das tebras ou da elemental ordenación das noites espalladas. Ceos azules, cincentos, brancos, según as latitudes e as alturas. No fluído imperio, sen resistencia, do ar, fica a presencia descoñecida do espacio valeiro onde a luz non ten realidade, como un elemento oscuro que presta na atmósfera das altas montañas a colaboración dunha cor negra ao branco dos vapores da auga, ao azul das grandes e densas capas de aire. A xeometría dos picoutos centileantes de neveiras ou ceibes en picos e diedros de rocha destacan nista particular coloración con violenta ou angustiosa claridade.

Ceos do verán, fondos, espallados, vibradoiros de azul no cumio das doce, máis brancos no derrame encol das liñas do horizonte. Ceos do inverno, callados en cristalina serenidade. Sospéitase a cada sazón, en cada hora, diversas lonxanías, según a curva que o sol percorre. Figuran pequeneiros e baixos os ceos do inverno, pois ao norte a grande porción lonxá do camiño do sol semella gardar un pouco de noite e, aínda espallada e sen nubens, semella carregada de noite. Mais os instantes expresivos onde luce o tema da sazón son a luzada e o solpor. Presaxian ou recollen o camiño do sol, a natureza da luz, a loita dela coa sombra. A do verán sintetiza todas as formas e cores da paisaxe, que adquire un aspecto ordenado arredor dun eixe ascendente, sublimado na hora das doce na que a idea do cenit chega a se sentir como realidade, reducidas as sombras a pequenos espacios que sufincan a exaltación vertical, piramidal, de todas as formas. Paisaxe ascensional, equilibrio, ponderación, baixo a lei do ceo luminoso. En troques a luz outoniza, inverniza, chegando oblicuamente, non conquire o equilibrio nin dispón a síntesis da paisaxe tendida á fondura atractiva e cupular do ceo. Luz de claro-oscuro, finxe un mundo alumeado por luz tanxencial, un mundo derrubado, deitado. De aquí a finura topográfica da luz. Non deixa sen esculcar sucesivamente ningunha *facies* do releve, e as zonas alongadas completan a visión dun mundo no que se sinte decorrer o tempo xeolóxico. No verán unha serra érguese como individualidade poderosa, sinxela: a luz do outono e do inverno vai analizando todas as feituras da serra: as quebradas que na aba raña a erosión dos torrentes, as diferentes masas que a integran, o dibuxo do lombo como unha soá de grande animal deitado, o rubir da vexetación, as moreas de penedos, hastra o lucir de certos seixos brillantes, de certas albres antigas. A vexetación espida de follax descobre en todas as direccións o chan dos eidos e dos ermos, achega

lugares e camiños noutro tempo encobertos, e a paisaxe figura máis aminguada, pero tamén máis clara e perceptible. Con tal luz hai horas na nosa Galiza nas que o observador experimenta un comenzo de angustia pola sorte da vida. O ricaz tapiz vexetal, as variadas obras dos homes, traballo dunha cultura enteira adoitada e rectificadora do chan, lucen na luz do inverno de tal xeito febles, aminguadas, pobriñas, que se ten medo non poidan aturar a dureza da xiada, o embate dos ventos e da choiva, pois con isa luz a formidable realidade xeolóxica triunfa e érguese en vibracións de serras galgando ao lonxe, en bater e fuxir de augas, e a terra e a rocha clarexan nos eidos, míranse ao través do dibuxo das ponlas espidas, e os camiños e as casas fumegantes e todas as obras dos homes son pouca cousa acarón da formidable enerxía planetaria do mundo. Para xuzgar e compoñer unha paisaxe, haina que enxergar coas diversas e sucesivas luces das sazóns, pois hai que a sentir como algo decorrente, confluencia do tempo cósmico, vital e humán (histórico) nas súas interferencias localizadas nun horizonte ou nunha rexión natural.

E, encol da mar, a luz imponse aínda con meirande forza. Mares azules e verdes reflexan diferentes coloracións de ceos. Hai un sinxelo troque de coloracións entre entramos abismos, entre as dúas sinxelezas poderosas da natureza.

Na luz pende o misterio das cores. Sen ela non poderíamos pensar senón algunha paisaxe ideal, sen realidade nin tempo. Escolmemos un horizonte da Galiza para enxergar os sucesivos tempos da cor ao correr sazoneiro. Primavera, dinantes de cantar o cuco: paisaxe casta, adolescente, agarda de algo que ditosamente vai acontecer. Manda a cor das rochas e da terra. Os verdes do inverno —a pecha formación dos piñeirales, os centeos novos e sofricos, cansos de aturar xiadas, os musgos e ouricelos que disfrutan da súa mol primavera mollada no inverno coroal— tamén agardan. Os eidos asucados lucen a terra areosa e leviá ou oscura e fonda. Os penedos e as lonxanías das serras —griseiros aquiles, istas fortemente azules-violeta como alumeadas por un fogo interior— adornan o solpor, reciben as novas ondas de luz e toda a paisaxe se dispón para florecer en tempos diferentes, espaciados, interferentes. E ven a primavera das flores, e conforme a vaga néboa verde que cingue os arboredos se vai adensando en masas de cor, a paisaxe xurde serena, a tona vexetal encobre todas as formas xeolóxicas. Gama infinda de verdes do verán pouquiño a pouco dequebrada en *sienas* e ocres. Primeiro nas colleitas maduras desde os centeos polo San Xulián, deica os milleirales e as viñas no outono, sazón na que a luz cría coloracións fuxitivas, fantásticas, sen realidade ás veces no tremor do ouro das albres ribeirás, nas encostas asoelladas de viñas. Toda a cor, agás dos fortes verdeceres de lameiros e ferrañas, vive longamente como xogo feiticeiro da luz. E cada ZZmañán o ferir oblicuo do sol vai mostrando, en troques do triunfo da vida, o erguemento da faciana e da enerxía dinámica das rochas e das formas arquitecturales da paisaxe.

A luz do sol como condición e, ao largo do ano, como criadora de paisaxe: eis un tema que a nova Xeografía, síntesis das esencias de tantas ciencias —síntesis apenas deica hoxe sospeitada de tantas diferentes e ar-

moniosas posibilidades— ten de estudiar e armonizar en cada rexión do planeta.

Os sons.

Para organizar en temas expresivos a paisaxe non abonda coa visión educada na dobre función de enxergar e adiviñar, analizando e sintetizando, coa axuda do sentimento do tempo. A paisaxe dinámicamente experimentada, sentida ao estilo moderno —pois a paisaxe estética non excede un papel de fondo teatral para as accións dos homes— precisa da colaboración das nocións aprendidas polo ouvido e polo cheiro. Na Pastoral beethoveniana o xermolar levián da Primaveira, cortada pola xigantomaquia da tempestade, alongada na vibración unánime das colleitas, será aquila onde o ouvido non poida recoller ruxir de vento, estalar de froitos, cantar de paxaros, soar de augas. Como que as paisaxes dos lagos e do deserto que queren trasmitir unha impresión de morte —de algo callado, quieto, silente— esculcan os momentos de poderoso silencio.

Non fai falla apelar ao canto da Maladetta na luzada, nin ao estrondoso derrubarse das avalanchas polas abas alpinas. Calquera paisaxe exprésase con sons mecánicos ou vitales. Os grandes instrumentistas da Paisaxe son o vento e as augas. En segundo termo, a vida. Apenas imaxinamos quieta e inmóvil a fluideza do ar ou da mar. Como eles, a vida pende da fatalidade da natureza, mais en diferente escala. E no conxunto da Paisaxe as variadas maneiras do són móstranse exaltando a dinámica mecánica e vital do mundo.

O *vento* desperta rumores adoitados a cada especie de resistencias que topa no seu camiño. Nos chaos espallados dos montes funga monótono; aviva as cores da chaira; vibra o morno lucir dos illós encorados pola choiva ou criados pola neve; mais nos píncaros e penedías brúa ecoando nos buratos e nas fentas que il traballou no cerne duro da rocha manexando contra ela as monlladas de choiva como picos e cinceles. Na larganza da serra o vento asubía ceibe; nos arboredos adóitase á maneira de cada un: rumor unánime dos mestos piñeirales que recollen, alongan, instrumentan en fuga o fuxir do vento. Coro de voces individualizadas da carballeira; vibrar das altas ponlas, resistencia dos troncos bariles cinguidos polo chicoteo constante, rumor das follas murchas guindadas ás moreas. O vento descobre novos elementos na paisaxe, pola vista, ás veces, pouco apreciados. O ouvido educado precisa o pasar do vento pola rocha e a súa loita con algún testemuño de vida apenas enxergable. Un cativo carballizo nado na fenta da penedía esgrevia garda no seo do inverno follateiras murchas e tercas que responden ao vento con ruxido furioso de vida que se defende. O vento dá particular cor ás paisaxes como vibrando á luz do sol que as envolve, facéndoas máis claras, decorrentes. O vento en cada tipo de paisaxe exalta a lei fisiognómica esencial. O seu són é diferente rañando a tona loira das centeeiras graves de espigas, alongando o estralar enxoito dos mestos milleirales maduros, salferindo os bosques outonizos. Shelley no pulo ceibe do romantismo inglés cantou o vento do W., o vento atlántico. Pois cada vento ten a sua voz particular, e os ouvidos exercitados distinguen o N. L. por exemplo, do soán,

xa nos primeiros empuxes dos paquetes de ar botados adiante. Cada vento, ao choutar súpeto, ao monótono bater, ostenta o seu tema, que en compaña coa cor do ceo, a figura e o pasar das nubens, a reacción da cor dos horizontes, figura factor esencial na paisaxe dinámica.

Un estudio xeográfico completo non deixaría de establecer o ton do vento según as *facies* telúricas: na estepa, no deserto, na tundra, nas terrazas de *loess*, na silva amazoniá, nos altos cumes, nos chans labregos. Onde a sinxeleza da resistencia fai meirande a función do vento é na mar. Cada onda érguese, toupa, desfaise ou creba a súa nota apenas iniciada, rexistrando un pasar de vento. Moito dinantes de miralo síntese a veciñanza do mar polo balbordo das ondas. Ten o vento voces desemellantes na ceibeza da alta mar onde as augas déixanse xogar en poderosas proporcións ou nas costas rexas ou moles. Corre o vento mareiro polos praiales, erguendo chafarís ou esparexendo veos de area. Loita titánicamente nas costas rexas, levando ao lonxe o seu resoar nas furnas, o seu sibilar nos cons dos promontoiros. O vento dibuxa e descobre a paisaxe, como en máis pequena proporción unha bomba de festa vai percorrendo e reflexando sucesivamente cada feitura do val ou da badía.

Quizais en meirande proporción que o vento sempre fuxitivo, fan as *augas* servas da gravidade, a sonoridade das paisaxes. Pingas grossas, espaciadas, graves, preludiando o torbón da tronada encol das vexetacións pechas. Longo medrar das choivas caroales hora tras hora alongando a paisaxe no tema crecedeiro, con variacións nas penedías, na gándara, nos piñeirales, nos eidos, nos pobos. Tamén hai algo distintivo no rumor da choiva según a terra e a vexetación. Máis constante as augas correntes envolven as paisaxes en longas e variadas armonías. Culminan no inverno e na noite. Hai paisaxes cheas do caír dunha cachoeira ou do longo saloucar do río. No val maduro, as terrazas estructurales cinguen e acompasan o longo desenrolo dos meandros folgados; o salaio do río na presa do muíño ou a súa voz difusa na beira traballada, entran na síntesis de todos os aspectos da paisaxe do val xeolóxicamente vello, refeito, folgado. A *facies* violenta, anárquica, da montaña rachada, ficaría incompleta no seu poder expresivo, sen o conxunto das voces dos torrentes agurgullantes, espumosos, baixando polas abas, debruzándose en cachoeiras no oco de sonoras quebradas. As veces un chan labrego sinte o se demudar do tempo pola chegada da voz dun lonxano cachón. Máis axeitadamente que o vento, as augas sonoras dibuxan e exaltan a *facies* dunha paisaxe: dondas e moles nos vales maduros; bravas, desfeitas nos estaxes de erosión activa e destructora; baixas, rumorosas nas quenlles e canles que os homes guían e ordenan para o rego das terras labregas. En rexións suxeitas ás medras violentas e perigosas dos ríos, os homes saben interpretar o rumor das augas e sinten a chegada da crecida. Unha paisaxe de oasis se non comprende xeográficamente, nin nunha impresión artística, privada da música da auga: serva, en chafarís, deitando na fonte, silandeira nas canles.

Outras voces cósmicas ten a natureza: o cair das avalanchas, crebar da *branquise* ou esborrallamento da masa dos *iceberg*. Tamén o ferver

dos volcáns, o esbourar dos tronos: fenómenos de valor pasaxeiro e demarcado en certos instantes e conxuntos decorrentes da paisaxe.

Temos indicado os *sons de orixen vital*. Polo pronto afastemos os que teñen as súas orixens nos homes e nas obras dos homes, aínda que moitos deles teñan un certo valor xeográfico. Os sóns producidos pola tona vital que adoitándose ás formas da terra latexa na atmósfera inferior, demárcanse naturalmente nas dúas esferas: vexetal e animal. A vexetación silandeira —vivir calado todo ao longo das súas direccións vitales— non deixa, ás veces, de sonorizar na paisaxe. Coa resistencia ao vento e á choiva, as diferentes formacións (bosque, estepa, maquis, pradeira, etc.) dan o seu ton mecánico: o son vital redúcese ao estralar dos froitos en certas especies, ceibando as sementes. Obsérvase nos piñeirales, nas xesteiras alapeadas pola raxeira dos veráns. Noutros climas e latitudes adoitan meirande intensidade.

En comparanza son infindos os sóns con que as especies animales expresan instantes ou etapas do seu vivir. Non interesa, xeográficamente, o berro illado do touro, ou o bradar do león na *brousse* tropical. É preciso un son conxunto, poderoso, significativo para figurar no complexo dunha síntesis de paisaxe. Cada silva ten o coro, variado según as horas, das voces dos animales. A zunida das ráns en paisaxes lamigosas, a nota do sapo na noite, o ouvear dos lobos na chaira xiada do inverno montesío, poden compór en certas paisaxes da nosa terra, mais en conxunto só dous grandes grupos entran de cheo nunha consideración do xénero que nos guía nistas páxinas: os *insectos e os paxaros*. Enchen a sazón quente con rumor adoitado á hora e ao ambiente no que viven os insectos. Vibran os lameiros nocturnos co seu canto, pulsación de élitros que asociamos coa fonda vida calada das terras verdes; outras sonoridades destacan nas horas do sol triunfante, o ceo espallado, a enxoiteza das terras. Sen eles a paisaxe perdería un medio elociente de expresión. Un muro vello inzado de hedras ou un caracocho de souto, envolveitos no fungar dos abellóns con un pouco de horizonte, abonda para compoñer unha pequena paisaxe do verán ou do primeiro outono.

Máis gabados polas artes, ninguén descoñece o carácter sazoneiro de certos *paxaros*. As noites da primavera nos vales e chaos da Galiza do sul, tremorosos do canto do reiseñol; o chilar das anduriñas; a nota do cuco que figura centro e tema dun tempo musical esparexido en todas as formas e matices de paisaxe (os novos centeos, o florecer dos cotos adustos, a nova fondura das arboredas latexantes de vida); o traballo do peto nas trabes mortas no silencio de sesta nunha carballeira, un croar de corvos na mariña, o cantar das perdices na encosta asoellada, poboada de *maquis*, recendente baixo a luz do setembre. Podería lembrar outros moitos sóns, que en si serán decorrentes, mais entran na paisaxe, pois cada un precisa un aspecto, un instante, unha categoría dela, e hai sóns de animales da gándara, do piñeiral, do pomar, do monte, da ribeira.

1933.

Nós, XIV (1933), nº 113, páxs. 84-90.

LEMBRANZA DE GOETHE

I

O día 22 de marzal do 1882, en Weimar, afundido na súa cadeira de patriarca lexendario, Xohán Wolfgang Goethe, pouco dinantes do mediodía, morría docemente. A primavera viña frolecer outravolta os cotos e as chairas da Xermania; poucos días dinantes, o glorioso vello fixera o seu derradeiro paseo polo bosque agromado, e pola silva da lembranza vagaba, sereno e curioso, o espírito atento, creador, optimista. Mañán da batalla de Walmy, centileantes alboradas nos neveiros alpinos, luz vaporosa dos ermos do Latium, sonatas de Beethoven, fuxitiva, angustia de creación, —revelación dos mármores de Egina, anatomía trascendental, paixón do Werther, síntesis do derradeiro Fausto...— ¿que infinda estadea farían as sombras na alma do vello cando aínda nas verbas da agonía demandada "máis luz"?

Hoxe, na primavera atreboada, do 1932, a cultura occidental sacrifica no altar goethiano. Pódese falar dunha dimensión enteira da Europa presidida polo Signo do Olímpico de Weimar. Arelante e metódico, Goethe chegou a conquerir, polo menos na aparencia primeira, unha serenidade sen comparanza entre os homes. Desde o brillante mediodía do 1749 — *"mittag mit dem Glockenschlage zwölf*— do nacimento, deica á hora da morte, a carreira de Goethe semella a carreira do sol. Ista comparación, un pouco demais sinxela e primitiva, está consagrada pola categoría olímpica que a opinión corrente concede ao Mestre de Weimar, desde logo con relativa xusticia. Pois igual que o sol desfai coa propia luz misteriosa [os albores] por ela criadas en namorouzos coa noite fuxitiva, o pistoletazo de Werther foi remate dunha dubidosa alborada. Como o sol no cume do ceo, luce a confianza no *Hermann und Dorothea* e a pureza helénica da *Ifigenia in*

Tauride. Semellante a un longo solpor, faise no espírito do poeta a síntesis de Helena e Margarita, nun orballado outono. Hai que se afacer a fuxir sistemáticamente dos xuicios feitos; mais como nista conferencia non podemos procurar un estudio completo do *cosmos* goethiano, teimaremos nun ensaio biográfico topar o acordo —ou desacordo— de Goethe co seu tempo, repousando arredor dalgunhas das obras máis dominadoras na cultura occidental. Niste poderoso vivir todo chega á categoría simbólica. Tipos, anceios, ruínas dun século que se derrubaba mainamente; tipos, ensaios, dores, ledicias, desesperanzas dun novo século, pasaron na luz da órbita goethiana. Sen intentar cortes artificiales na unidade do seu desenvolvimento, algunha

data, algún instante determinante, servirán-nos de pauta e punto de referencia.

II

Frankfurt-am-Mein, vella cidade patricia, disfrutaba do privilexio de seren nela coroados os soberanos do Sacro-Romano-Imperio, daquila soberbia estructura ecuménica que decorrendo desde o Imperante da Barba florida, exaltada por Dante o por Giordano Bruno, inspira unha fantástica estadea de soberanos, para finar con ben pouca gloria no sanguento campo de batalla de Austerlitz. Na Primavera do 1764, Xosé II foi coroado solemnemente. O neno Goethe tiña quince años. Imaxínese a curiosidade do rapaz diante das etiqueteiras cerimonias, dos traxes de outro tempo. Iste sentido do Imperio estaba vivo no pai de Goethe, o grave doutor Xohán Gaspar, conselleiro privado na Xermania do dezaoito. O conglomerado de Estados e vilas ceibes, chamado Imperio, estaba rexido por unha moitedume de leis diversas, vellas e novas, amedradas polo bosque da xurisprudencia e a vexetación dos comentaristas. Un home de lei un pouco orientado naquil caos tiña de ser un home grave, respetado. Lémbrese que Kant cumpría seriamente a súa función de senador en Koenisberg e que Hegel foi un gran personaxe oficial. Aínda hoxe os títulos son grandemente respetados na Alemania da post-guerra. Non fallaba a crítica e a ironía dos novos espíritos: Hoffmann burlábase do seu oficio de xuez e Enrique Heine, fuxindo da douta Turinga, satirizaba o groso volume dos Tratados de Westfalia ("Instrumentum Pacis osnabruguensis"), que lle facían debullar na Universidade. En troques, a nai, Catalina Sabel Textor, foi dona espiritual, sensitiva, amiga das artes e das viventes historias. Goethe, nun lindo poemiña, sintetiza o carácter dos seus pais: "Da nai o sentimento e o gusto de *fabulizare* ". Saúde, organismo, fisioloxía, sentido común, do pai. Da doce naiciña a fantasía, o poder criador, o espírito.

Na vella casa de antigo estilo alemán —madeiras decoradas de sinxelos e simbólicos motivos—, na campía de beleza romántica —o río en procura do Rhin lexendario, os cotos arborados—, o xenio do neno manifestábase vivo, desperto, curioso. Un mundo novo de emoción na lectura dos contos do *Messias* de Klopstock, que o redimían dos pesados estudos. A nova do terremoto de Lisboa foi outra grande emoción do tempo. Lémbrase como o acolleu Voltaire, o máximo prestixio de entón. Perante a guerra dos Sete Anos (1756 á 1763), a vida é variada en Franckfurt, ocupada polas tropas francesas. O mociño Goethe asiste ás representacións do teatro francés clásico; tolea pola escena tráxica e cómica; mais tamén disfruta co teatriño de marionetas, regalo da nai, e asiste a un concerto de Mozart. O xoven deus da música levaba a elegancia e o sentimento da beleza, propios dos parques de Viena, coa melancolía da próxima morte presentida, e no teatriño das monecas aparece un personaxe fantástico e popular: o doutor Fausto.

A vida universitaria do estudiante Goethe decorre en Leipzig e Strasburgo, do 1765 ao 71. Estudia na facultade de Dereito. Amores, viaxes, amizades: a poderosa simpatía do mozo faino centro de todas

as sociedades, interésase por todos os camiños da vida e do pensamento. Manexa os libros extraños de Swedendorg e de Teofrasto Bombasto "Paracelso", báñase na fonte da poesía popular; chora coa morte de Winckelmann, o autor que leva á Xermania un puro e novo sentido da Grecia que a Xermania non esquece endexamais. E en Strasburgo, acarón do prodixioso lanzamento oxival da Catedral, Goethe pasa por unha crisis perigosa para o seu xenio: a influencia do clasicismo francés. Entón enchía o mundo de imitanzas. Acompasaba calquer forma artística ou literaria. Figuraba un prestixio indiscutible e dominador. Os mestres da Universidade aconsellábano seguir a carreira en Francia, pois Versalles e París chamaban por todas as xóvenes intelixencias. Mais un día Goethe topa na escaleira da pousada do Espírito a un home orixinal, con quen traba cordial amizade: Herder. Nativo de Livonia, pietista, viaxeiro e observador, Herder enseña a Goethe que o tempo do Grand Siécle de Luis XIV e tamén o de D'Alembert, Montesquieu, Voltaire, están gastados; que hai de procurar o vivir orixinal dos pobos, a Edade Media, a lenda popular. E Goethe, salvado do perigo clásico, volve a ler a Shakespeare con renovado entusiasmo. Con unha tesis latina encol dun punto xurídico, Goethe remata a vida de estudiante e leva en si un cosmos mozo aínda neboento.

III

Deica o seu establecimento en Weimar (1775), Goethe habita en Franckfurt, viaxa polo Sur de Alemania e por Suiza, desfolla as rosas do idilio de Wetzlar, chouta da poesía rumorosa dos Psalmos á pureza heroica, escultural, de Píndaro, afúndese na matemática angustia do infindo na *Ética* de Spinoza, é amigo do orixinal pastor suizo Lavater, mestre da arte da Fisiognomía; rube ás montañas, soña á beira dos lagos engarzados nos neveiros, escribe moito, dá dúas obras esenciales: *Göetz de Berlichingen* en *Os sufrimentos do xoven Werther*. Con elas ponse á cabeza do movimento romántico, aínda que non esqueza o imperativo helénico co *Prometeo* e outras interpretacións helénicas.

Co *Göetz*, a vida prodixiosamente variada, apaixonada, anárquica, pintoresca, do medievo alemán; co *Werther*, unha forma particularmente suxestiva do que despois se chamará o "mal do século". Aínda fallan algúns anos para o *René* de Chateaubriand, mais o espírito romántico percorre, como un vento, a Europa fóra do xardín francés. Desde a publicación da *Xulia* ou *A nova Eloisa* de Rousseau non houbo quizais emoción semellante. Todos, nunha edade, nunha primavera, nunha hora precisa, temos pasado pola angustia wertheriana, algo fatal na mocidade, baixo unhas ou outras formas. Os estudiantes da época de Goethe viaxaban a pé, bebendo o viño das pousadas e declamando sobre das ruínas. Todos —o primeiro, o propio Goethe— estreitaron unha man de doncela baixo o luar, con un verso de Klopstock ou de Ossián nos beizos. O frac azul, as botas de camiño de Werther suicidado, foron para moitos un remate. Para Goethe, un episodio. Desde os picoutos suizos ollara as augas dos torrentes fuxir rebuldeiras cara o Sul. A Italia chamaba. No outono do 1775, Goethe establecera na corte sabia e elegante de Weimar, fronda máis hélenica que versallesca, mármores

doutra Grecia, inquietude europea, acompasada polo ritmo da corte onde Goethe é o verdadeiro soberano. Ao seu carón triunfan Wieland, traballa Herder os novos e vitales sistemas da Historia. Goethe viaxa; volve polos montes suizos; no lago de Thun, poetiza sobre o tema: "Canta o Espírito sobor das augas", recollido cun senso evanxélico pola música de Litz moito tempo despois. Escribe "lieders", pezas para o teatro; visitando un colexio en Stuttgart, conoce a Schiller; traballa os dramas románticos *Egmont, Tasso*; pronuncia un discurso inaugurando o parque de Ilmenau; discute con Jacobi encol de Spinoza; fai investigacións xeolóxicas, botánicas, anatómicas. E a viaxe de Italia.
Dista prodixiosa enerxía imos escolmar dous temas: Italia e os traballos de Historia Natural.

Sempre Italia, o sul; o prestixio latino e luminoso chama polos homes do norte. Mais, considerando o momento, hai que sinalar iste feito: non foi un espírito clásico, de gran século francés, quen guiaba aos amantes do sul. Foi mellor o espírito romántico. Abonda lembrar a Shelley morrendo na abadía de Liorna, a Lord Byron acougando nas vilas italiás, a Chateaubriand soñando con morrer en Roma. E que mirando a realidade do espírito desfanse axiña as metódicas xeneralizadoras dos libros "ad usum". O século de Lois XIV quixo facer unha antigüedade da Roma apaixonada das orixes, a ardente novidade das escolas filosóficas da Magna Grecia, o xenio titánico do Demiurgo Miguel Anxel, o misterio leonardesco, ¡tantas cousas! Non se esqueza como acarón da perfecta beleza, do equilibrio das arcadas romanas, os pastores do agro rezaban no XIX nas basílicas tiberinas, aínda con ollos salvaxes, como se da pesadume da historia se ceibara unha brava inspiración. Romantismo no sul: sensual triunfo do mundo obxectivo. Romantismo do norte: Metafísica, imperio do *ego* criador, idealismo.

A Viaxe pasa nos críticos como esencial na carreira de Goethe. Baixou polo Brenner e Trento a Verona, Vicenza, Padua. A vella ruta das expedicións xermánicas. No setembre, as tardes de Venecia. A Venecia enteira, aínda en pé, coas vellas institucións, a que fixara Rousseau nalgunhas maravillosas páxinas das *Confesións*, a da fuga de Casanova. Para entender as letras europeas habería que precisar as Venecias a través de cada temperamento orixinal. A Venecia de Stendhal —voluptuoso análisis nun café de espellos, agardando pola hora da traxedia nova no teatro—; a Venecia de Chateaubriand, solpor no morno Adriático, con nubens bretonas no ceo—; a de Ruskin —as sete lámparas da arquitectura apagándose unha tras outra, fatalmente—; a de Byron —tolas cabalgadas con unha muller nos brazos polas areas do Lido—; a de Wagner —repouso do héroe na fermosura bizantina—; a de Tomás Mann —o fantasma da peste nacendo na lagoa—; a de Valery Larbaud —nun espello, nun lucir de marfís, a procesión das formas graciosas. Moitas Venecias, moitas Romas. Algunhas Florencias. En Rávena o perfil agudo do Dante fai fuxir as interpretacións.

Goethe pasa por Milán e Florencia, pola ardente Perusa, e para en Roma. Aínda se non sospeitaba o misterio de Assís. Falláballe a Italia a máis ergueita exaltación do espírito. En Roma, Goethe habita no Palazzo Rondanini; discute cos pintores románticos alemáns, que temen a caída de Goethe na clasicidade. Vive o tema erótico das *Elexías romanas*, mais sen esquecer os puros traballos. Remata *Ifigenia im Tauris*. Aquí plantéase un problema literario de maior importancia. A traxedia goethiana pertenece á direita descendencia grega, ¿pretende ser tallada en formas sereamente antigas ou trascende á unha significanza humá? Poidérase decir: a pregunta plantea un círculo vicioso, pois a traxedia grega pode pasar por fórmula perfecta para calquer concepción da humanidade. Quizais noutra época, si. Hoxe, xa non tempo goethiano, hai que ter en conta a dimensión tempo, a cal impón outra densidade no tema ilustre da traxedia. Parécenos a discusión dos críticos somentes exemplar como "sport" da intelixencia, e nada máis. A fermosa e castigada lingua, o verso equilibrado, a gradación do asunto, mostran no autor un desexo de perfección, unha arelanza á algo por riba do tempo no reino puro das formas. Goethe, de fixo, identificaba iste programa coa rematada perfección da obra clásica. Mais nin el podía fuxir de vintetantos séculos de experiencia occidental. O tema era grato aos escritores da douta Xermania. Wieland, entre outros, fixo unha *Ifixenia*. Gluck, o pai da ópera, compuxera a fermosa partitura que ademiramos nos concertos sinfónicos. De todas maneiras, a *Ifixenia* significa o contrario dos dramas románticos de Goethe: do *Tasso*, o tipo máis moderno pola paixón, dos autores do XVI; o *Egmont*, o heroe popular, símbolo dunha patria que loita pola liberdade (Egmont foi o heroe tamén de Schiller, autor dunha historia da revolución dos Países Baixos; de Beethoven, chantre dunha libertade non antiga, á maneira de Brutus ou os efebos áticos, senón moderna, preludiando a de Polonia, Irlanda, Italia). Goethe en agarda da síntesis suprema, ensaia toda perfección nos mundos encontrados, diversos.

A viaxe de Italia complétase coa sensualidade de Nápoles e a salvaxe natureza da Sicilia volcánica. Entón apreciábase mellor a Italia do Norte. O Sul considerábase bárbaro. Goethe rube ao Vesubio, medita nas ruínas de Pompeia, comenzadas a explorar por un rei español, Carlos III. Navega a Sicilia, e a mar azul, quizais un arroio morrendo nun golfo esquencido, con mulleres lavando e velas ao lonxe danlle a idea dunha *Nausícaa*. Métese nos montes bravos da illa sobre unha tormenta disas do Mediterráneo, estilo "troianos fuxitivos". Leva da Italia, ademais das obras, a lembranza do Carnaval e un amor milanés, como Henry Beyle a *Pietragma*. E fica na ricaz iconografía de Goethe un grabado de Tischbein: Goethe, na campía romana, sentado, como un pastor, nas fermosas pedras esculturadas dun sarcófago. A pintura está chea de suxerencias. Goethe viste traxe urbán, de corte do tempo. Calzón, zapatos de lazo, peluca. Os plegues da capa son de toga. Mais tócase cun sombreiro que non pode ser de pastor ou viaxeiro clásico. E o sombreiro de Mistral, para non procurar outro menos ilustre.

Goethe, sabio naturalista. O título non lle foi regateado en vida. Diullo Geoffroy-Saint Hilaire. E está consagrado por un mineral, a *goe-*

tita, especie de rubí dun fogo sosegado, descoberto polo minerólogo F. G. Lenz, e por unha planta brasileira descoberta polo Príncipe Maximiliano de Neuwied: a *Goethea*. Hoxe resulta un dos aspectos máis interesantes do autor do *Fausto* aquila variada e sosteñida actividade científica. Co seu martelo de xeólogo escapa ós Alpes e ás montañas para abranguer horizontes, para exaltar o espírito, mais tamén para interrogar á simbólica das rochas. Mantén relación cos mellores naturistas do tempo, como S.T. Sömmerring e o sonado mestre da escola neptunista A.G. Werner. Desde Nápoles escribe a Herder sobre temas botánicos: "A orixen dos vexetales é a creación máis maravillosa do Mundo". Descubre o oso intermaxilar no home, publica a teoría da orixen vertebral do cráneo, a das metamórfosis das plantas e avanza na teoría das cores. Para Goethe a natureza era un conxunto de símbolos. Responde o mundo das formas a unha costante metamórfosis. O cráneo parécelle a evolución da vértebra, as partes do vexetal derivan dun tipo esencial: a folla-tipo. Indiferente ás matemáticas, os seus fermosos estudios da luz afástanse do método de Newton e coidan ser as cores combinacións de luz e sombra. No debate entre Cuvier e St. Hilaire adúcese a opinión de Goethe. E favorable á unidade de composición do Reino animal. O mundo gobérnase polas afinidades electivas, igual no físico que no moral. Goethe observou a natureza todo ao largo da súa vida e voltaba ledo e fortecido do estudio dos feitos concretos. Ama os oficios eternos e sinxelos (o tecelán, o mineiro, o ferrador). Para nós, galegos, ten alto interés sentimental o ensaio adicado ao granito, publicado no 1784 e que aixiña será traducido á nosa lingua galega. Unhas palabras de André Suares fixan, ao meu sentir, a maneira científica de Goethe: "As formas son todo aos seus ollos". Ningunha deducción val ren fóra do concreto. Fausto é o sabio que quer vivir fuxindo da abstracción. A acción é a cousa concreta por excelencia. Fausto quer conquerir a vida pola acción. ¿Qué xénero de vida?

¿Unha fórmula? Non, a súa vida. Mais non coido que Goethe se poida referir aos evolucionistas estilo Huxley con Spencer. Il inventou a palabra Morfoloxía; estudiaba e sentía as formas como símbolos decorrentes sentindo tras delas latexar unha especie de alma do Mundo, un Eros cosmogónico. Demasiado graves cuestións. Mais se non debe esquencer a chamada dos cumes misteriosos.

IV

O día 20 de setembro do 1792 Goethe asiste ao cañoneo de Valmy. Vai no cuartel xeral do Gran Duque Carlos Augusto, co exército prusiano, na invasión de Francia contra a Revolución. O bombardeo da artillería francesa detén o avance dos granadeiros de Federico o Grande. O mellor exército da Europa recúa diante unha tropa popular. Coidaban os sabios estrategas que un paseo militar abondaría para finar coa revolución. E Goethe escribe: "Desde hoxe e desde aquí comenza unha nova época na historia do mundo". Coas primeiras novas da Revolución, Kant asombrara aos bos burgueses de Koenigsberg, quebrando a sistemática do seu costume para recibir o correo da Francia.

O signo da Revolución e do Imperio preside a Europa deica Waterloo: 1815. Goethe sigue atentamente a marcha da política e desenvolve a propia creación. Sinalaremos as súas relacións coas figuras representativas. A grande amizade de Schiller, dinantes que outra ningunha. O xenio mozo, ardente, unha especie de Arminius das letras xermánicas destruíndo a retórica neoclásica, como o cherusco Hermann ou Arminius destrozara na selva de Teutoburg as lexións romanas de Varus. Amizade fraterna, compensadora, de constante creación. Se non poden comparar cos *Diós-curos* da Mitoloxía, pois distes había un mortal e os dous poetas eran inmortales. Na súa correspondencia mírase a evolución de extraños caracteres, as mutuas influencias, e decorre todo o movimento científico e literario de Europa. Foi unha dualidade semellante á de Pylades e Orestes pola fidalguía e devoción. Saíran amigos dunha conversa no Xardín Botánico de Jena arredor da orixen dos vexetales. Publicou os seus sonados Almanaques poéticos, e os dardos dos *Xenien* firen aos enemigos e aos críticos. Schiller dá o *Piccolomini*, o *Wallestein*, o *Guillermo Tell*. Morre o 9 de maio do 1805. Pasou pola vida de Goethe, pola vida da Europa, como un xenio heroico axiña chamado polos deuses envexosos. Na luz da órbita de Goethe pasan todos os grandes idealistas. Fichte, chamado a despertar o sentimento nacional da Xermania frente a Napoleón; Alexandro Humboldt, renovador da Xeografía no sentido cósmico; Wolf, o filólogo que se atrevera a negar o carácter solar de Apolo e Apolo matouno dunha insolación nas mesmas ruínas de Delfos; os irmáns Schlegel exaltadores das letras da Edade Media, os namorados do Teatro de Calderón; Schelling, cuia obra esencial *Esquema dun Sistema de Filosofía natural* foi lido e meditado por Goethe poucos días despois de ter observado o paso de Mercurio polo disco solar e feito estudios sobre a lúa. (Goethe, máis ditoso que Copérnico, pois as néboas do Visla sempre lle ocultaron Mercurio ao coengo de Thorn). Goethe non tiña xenio matemático. Observando a lúa quizais se lembrara dos versos latinos nos que Huyghens, o fundador da Optica moderna, se queixaba das infidelidades de Selene ao seu deber matemático.

¿Que pensou Goethe da conversión de Stoalberg, como Schlegel chamado polo prestixio do catolicismo? Os profesores de Goetinga son polo tempo: Heyne, o filólogo; Blumenbach, o autor da clasificación das Razas. En Jena, polo 1801, Guillermo Federico Hegel é Privatdozent de Filosofía e visita Weimar. Sería imposible sinalar todas as amizades de Goethe. Entre elas, dous extraños xiróvagos: J. P. Richter, o "Quevedo alemán", e aquil estupendo Zacarías Werner, nado como Kant e Hoffmann en Koenisberg. Poucos destinos máis inquedantes que o do autor do *24 de Febreiro* e *A cruz no Báltico*. Todo, sensual, extraño, vagabundo, ensaiaba amores e relixións, e levaba na alma a epopeia primitiva dos pobos bálticos conqueridos polo Cristianismo. Coidamos que a posterioridade foi inxusta co iste tráxico romántico, que rematou a vida sendo franciscano en Roma, popular polos seus sermóns devotos. *Fra Vernero* chamábanlle as xentes do Transtévere.

Mad. Staël, fuxindo da tiranía de Napoleón, acollíase ao amparo de Goethe. É posible que fuxira máis dos críticos neoclásicos que da policía

do Duque de Rodrigo. No seu coñecido libro *De Alemania* está o cuadro da corte e vida weimariana. Staël, perto ou lexos, sempre como unha volvoreta irónica na súa luz, voltexaba Benjamín Constant.

No medio das guerras, do cimeterio dos pobos, Goethe recibe o libro de Kant *Sobre a paz perpetua* e trata con Schleiermacher, o filósofo alemán de máis fermoso nome. Mais sobre todas as relacións está o nome de Beethoven. Escribíanse. Faláronse nos baños elegantes de Karlbad. Os balnearios son esenciales para coñecer a historia da Europa Central. Abonda memorar a vida de Fedor Dostoiewky. Noutro, en Tepliz o 23 de Santiago do 1812, Beethoven sentábase ao clave para Goethe. ¿Quen se lembraba da campaña de Rusia?

Goethe sentíase mariscal, dominador por un deber de creación constante. Quizais por isto figura mal patriota. Visitando o campo da batalla en Jena (cando as bombas da batalla caían na cociña da casa de Hegel e o filósofo, ensimismado, rifaba coa criada que non o deixaba, según il, meditar co estrondo da louza no fregadeiro), sen pensalo, Goethe daba a Francia o desquite da felicitación que Voltaire dirixira a Federico II de Prusia despois do triunfo, en Rosbach, sobre os franceses. "Napoleón soplou na Prusia, e a Prusia desaparece", ría Heine. Napoleón cos príncipes suxestionados en Erfurt no outono do 1808. Famosa entrevista con Goethe, e a frase de Bonaparte: "É un home". Talma representaba traxedias francesas. Tamén estaba o místico Alexandro de Rusia, cuio misterio trata de esclarecer Merejkowsky. Chega a campaña de Rusia, a guerra de liberación de Alemania que Fichte non poido mirar finada, a outra campaña de Francia, a illa de Elba. Goethe, interesado pola epopeia persa de Tindusí, por Calderón, pola metamorfosis das mariposas, conoce a Schopenhauer e a Mad. d'Agoult, unha das futuras Musas de Federico Litz. Homes e tempos novos. O *Fausto* está cuase maduro. O *Hermann*, o *Guillermo Meister*, o *Diván*, a enorme ópera lírica e científica fan de Goethe algo xa mítico. Waterloo: 18 xulio 1815. A Europa por fóra, vólvese a refuxiar no século XVII. Talleyrand xogando ao "whist" con Metternich nos salóns dourados de Viena ¿estarían ben seguros da volta de Versalles, dos príncipes alemáns, dos italiáns que había de pintar Stendhal na *Cartuxa de Parma*? Goethe sigue o seu rumbo seguro. Aínda falla o segundo *Fausto*.

V

1815. Goethe ten sesenta e seis anos. Quédanlle dezasete de vida mortal.

As lembranzas do vello figuran outro mundo. Mais ¿non disfruta do poder supremo da síntesis? ¿quen se lembra da guerra dos Sete Anos e do terremoto de Lisboa? Morreron Kant, Fichte, Herder. No xaneiro do 22 sai a oda de Manzoni *A morte de Napoleón*. O 26 de abril do 27, un día de neve, pasamento de Beethoven en Viena. Goethe deixara sen resposta unha carta do autor da *Novena* sobre a *Misa solemnis*. Carlyle, rabudo escocés puritano, raro e xenial, escribe a bibliografía de Schiller. Goethe traballa metódicamente as súas memorias.

Pasan outras xentes, outras ideas, por Weimar. Lord Byron, como un meteoro. A estudiante Sand asesina a Kotrebve e os mozos xermánicos xuran sobre o puñal pola Libertade. Chegan copias dos mármores do Partenón, do friso e as metopas roubadas por Lord Elgin para adorno do Imperialismo británico. *O Mundo como voluntade e representación* de Schopenhauer publícase o mesmo ano da visita do historiador norteamericán J. Bancroft. Outros tempos. Goethe vira nacer os EE.UU., acordaba o imperio dos Iroqueses nas Pradeiras. Spoutim, coa súa grande batuta que asombraba a Wagner mozo, dirixe a Opera de Berlín. Berlín xa non é unha pequena vila provincial. Tempo de Walter Scott, da nova literatura francesa. Goethe lé o *Roxo e Negro*, debulla con amor libros franceses, interésase polo proxecto do Canal de Panamá, polo *Hernani* e a *Nosa Señora* de Víctor Hugo. *Fausto* é traducido por Gerardo de Nerval. Euxenio Delacroix ilustra as escenas do *Fausto*. Delacroix, o cronista mellor do ambiente romántico. Todos os grandes inxenios pasan por Weimar ou correspóndense con Goethe: Emerson, que o porá no elenco dos *Homes representativos*, Carlyle, o polaco Mickiewicz, Rauch, que esculpe o busto do anciano, o químico sueco Berzelius, o ilustre Cuvier. Goethe escribindo a María Paulowna sinala ser a Fantasía outra forza esencial do Espírito. Serio e creador, di á nova da morte do fillo: "Non ignorari me mortalem genuisse".

Só Chateaubriand pasa por Weimar, como un vento celta melancólico, sen se parar acarón do Patriarca. "¡Que dór!" escribía hai uns días un sabio crego francés. Perdéronse dúas grandes páxinas: nas *Memorias de Ultratumba* e en *Poesía e Verdade*.

Revolución de xulio. Os derradeiros anos: o 31 e uns meses do 32. Goethe observa unha aurora boreal, remata o segundo *Fausto*, lé a Plutarco, conversa co xoven David de Angers, que lle fai o busto, traballa na Morfoloxía dos seres vivos e participa na polémica dos dous naturalistas franceses Geoffrey Saint-Hilaire e Cuvier. Sabe da inauguración do camiño de ferro entre Manchester e Liverpool, fala co fiel Eckermann sobre temas relixiosos, escribe a súa derradeira carta a Guillermo de Humboldt encol do *Fausto*. O 14 de marzal dá un paseo. Morre o 22, docemente, o meirande piñeiro do bosque boreal da Europa.

VI

Acusarédesme, probablemente con razón, de non facer unha conferencia sobre a obra de Goethe, senón de trazar con unha lista de nomes e feitos, o devir do seu tempo. O mellor de suxerilo. Enemigo dos estudios críticos por temperamento e por falla de preparación, dígovos tamén que os libros de Goethe están en todas partes e máis agora coas publicacións do centenario, e non hai outro camiño, para vós, mociños novos, que o de enfrentarse, sen intérpretes nin prologuistas, coa enorme obra do Patriarca. Tampouco vos fallarán estudios críticos. Fuxide deles. E pensai sinceiramente, pola vosa conta, sobor de *Werther*, da*Ifigenia*, do *Hermann*, do *Guillermo Meister*, dos *lieders*, das *Elexías*, do *Fausto*.

Poderíase falar dunha forma enteira da cultura europea presidida pola inspiración de Goethe. Caso que se non volva a repetir. Apesares de

certas aparencias non hai dereito á falar dunha Europa wagneriana, nin nietzscheana, nin renaniana. Mais tamén vos digo: houbo un animador meirande: Nietzsche. Máis poderosamente heroico, menos solemne, de íntima penetración no Misterio. Desgraciado, ademais. Todo isto no campo das experiencias filosóficas e literarias, pois o espírito galego non se pode hipotecar na admiración de ningún Mestre Mortal.

Ernesto Curtius, o agudo e forte crítico alemán, di ser Goethe o derradeiro clásico, o fillo último da xenial estirpe que ven de Homero, por Platón, o Dante e Milton. Abondaba co *Fausto*, e do *Fausto* será necesario decir algo. Do *Fausto* e dalgunha outra obra escolleita sen intención.

O tipo era de abondo coñecido. O Dr. Fausto, coma D. Quixote, foi un personaxe lexendario que viviu na realidade. Houbo moitos Faustos, como moitos Quixotes, no ambiente das grandes universidades alemanas, no ambiente da España cabaleiresca. O meirande símbolo alemán desde o Renacimento non podía ser Carlomagno, nin Barbarroxa, nin siquera o profesor Lutero. Tiña de ser outro Doutor, en tratos coas potencias misteriosas. Andaba na Tradición, e nos libros, e no Teatro. Xa dixemos como figuraba no repertorio das marionetas do neno Goethe. O tráxico inglés Marlowe fixera un Fausto xenial. Goethe deixa para sempre fixada a Simbólica e o detalle do mito.

Spengler caracteriza como "fáustico" o espírito da Europa occidental, moderna, manifestada en grande desde os comenzos do arte e poesía románica, na alborada da que se chama Edade Media. Faustismo: tensión cara ao infindo. Sempre máis alá polo conocimento, pola acción. A *Decadencia do Occidente* foi a derradeira obra sintética que arela explicar a historia universal. Nela, xustamente, aparece Goethe como o primeiro valor da Europa moderna; os especialistas, según observa Vicente Risco, son enemigos de Spengler. Moitos especialistas —só especialistas— de hoxe son enemigos, por cativa natureza, de calquer ensaio de interpretación universal.

O Fausto é tan popular que chega á categoría de conto ou de mito. Todos —na ópera, no grabado, na novela— miramos desde nenos ao ilustre doutor abraiado no silencio do seu cuarto, desexando outra vida, procurando o demo, xa desengañado o pobre vello da Ciencia. E ven o Demo, un demo maligno e simpático: Mefistófeles. Todos miramos a escena da taberna de Amerbach, a conquista de Margarita, o crime e o castigo da loira doncela enganada. Son tipos e feitos tan populares como o encontro de Dante e Beatriz, ou D. Quixote lanceando os muíños de vento ou a serpente tentando a Eva. Frases e *intermezzos* —como a divina balada da copa do Rei de Thule, tamén antiga e popular lenda— xogan na memoria europea. Mais iste primeiro Fausto —ou primeira parte— non resolve apenas ren. O problema sigue en pé. Na segunda parte Goethe chega á superior altura. Mais é obra pouco conocida e dificultosa, a pesares da gran beleza literaria, pois nela atácase o misterio do devir humán. O doutor quer morrer, mais as bateladas da Pascua —himno levián da Primavera— fáno voltar á vida, é decir, á curiosidade, á arelanza do infindo. Se non pode afastar de Mefisto, mais xa Mefisto é máis es-

cravo do home que iste do Diabo. Armado da chave máxica, Fausto, fóra do tempo e do espacio, percorre todos os ciclos da historia. Fala, interroga ás primeiras formas da conciencia humán, á sabiduría do centauro anterior, aos primeiros filósofos, ao misterio das *Matres*, ás Nais das formas, nais dos mesmos deuses. E topa a Helena, a beleza inmorredoira, perigosa pola fermosura non responsable. Ela levou á catástrofe a Grecia e por ela queimouse Troia. Fausto ama a Helena, a loira que hastra perdoaban os vellos de Troia. Fausto vive a inspiración do Medioevo, o castelo feudal, a poesía dos troveiros, a cruzada. Endexamais se apaga a súa sede. Dos amores con Helena hai un fillo: Euforión. Iste preside a alegría do Renacimento. ¿E o tema dos tempos modernos? Aquí ven a dúbida. Non abonda Euforión. Fausto morrerá. O Inferno figura a soa solución. Hai outra: o sentimento místico e cristián. O que salva ao mundo antigo. Fracasou a intelixencia, o valor, a creación poética. E veñen as Marías — unha delas Margarida, perdoada polo grande amor seu, sintetizada coa Helena redimida—. E Fausto ten franqueadas as portas do Ceo.

Desde logo está mal dispoto o tema. Mais esquemáticamente non é outro. ¿E para iso tanto esforzo poético? Pois a calquer home da aldea se lle ocurre a solución. Aquí —como sempre— máis que a chave máxica vence a sinxeleza da oración, e somentes a inocencia calca ao vello dragón do conocimento.

Nas escolas da Xermania úsase o texto serio, honrado, da epopeia un pouco burguesa do *Hermann e Dorotea*. Pretencioso chamarlle epopeia: é un fermoso idilio alongado; de rica instrumentación, sosegado, forte, como o vivir campesío das beiras do Rhin. O amor sen heroísmos, polos seus pasos contados, chega a triunfar. E a leda e forte vida do fogar envolve en fumes patriarcales os cantos decorrentes e tranquilos do poema exemplar, virtuoso.

Hai en Goethe un gran lírico —dise lirismo do pobo, particularmente— alemán que levado pola simpatía das almas dos pobos procúrase identificar coa poesía oriental e enseña síntesis da Persia coa Xermania, do xardín de Firdusi coa paisaxe herciniana da Europa. ¡Hai tantas cousas no prodixioso cosmos goethiano para gastar as noites dun formidable lector! Mais non rematarei sen sinalar a obra esencial de Goethe: o seu propio vivir. Tense dito isto de moitos. Ninguén dentro dos seus marcos e con plena conciencia deles —non a paixón do Dante, nin a mordedela orixinal de Nietzsche, nin a pudorosa dor cervantina— soupo aproveitar o minuto máis fuxitivo para compoñer a sinfonía dun vivir máis que heroicamente exaltado. Se chega Goethe a conseguilo por ausencia de inquedanzas ou por superación delas, isto que cada un o pense ao seu xeito, cavilando na lectura de Goethe.

É para todos nós gasalleiro o feito de que quizais o primeiro — desde logo na Galiza— homaxe adicado en España ao Mestre de Weimar, seña realizado nista xuntanza de mozos galeguistas. Para eles todo o meu amor e confianza. As miñas palabras non son nada. A nosa cordial asistencia éo todo nista festa do Espírito.

1932.

Publicado como folleto, Santiago, *Nós*, 1932.

III. NARRACIÒNS

PANTELAS, HOME LIBRE

A VOLTA DA ESCOLA

Polos fondos camiños campesíos corre a tropa riseira dos rapaces da escola; veñen da casa de doña Sabeliña, murcha señora de pelerina e mitóns, antiparras e faliña pousada, que gasta a sua vellez no enseño das letras ós fillos do ribeiráns. No cruceiro de Alén, en pernas e calzóns, ledos coma paxaros na frouma dos piñeirales, apártanse os que viven no lugar máis outo —o Outeiro— de aquela parroquia de Valdoso. Son tres: os dous fillos das Chascas, feos, guedelludos, de ollar vivo, maligno, un ollar que se apega ás cousas de comer ou romper, e outro máis barudo e lanzal, de aire conteñido e tristeiro. É o fillo da Pantelas. A sua nai, vella farrapenta, vive na casiña máis pobre e esnaquizada do Outeiro, ó pé dos grandes penedos que se chaman Coba da Serpe. Viuda desde fai anos, de xenio raro, vive gañando o xornal nas sachas do millo, faguendo os mollos nas viñas murchas, roubando pitelos e piñas para manter o lume na lareira. Desde a casa, coma nun mapa, mira todos os eidos do val, sabe das leiras onde se cría o mellor repolo, das nogueiras escondidas ó pé dos lameiros asombrados polas carballeiras, das patacas temperás, dos figos amerados. Desde aqueles penedos, o neno sen pai, roto, forte, vai adquirindo un mirar de pirata (como din os patróns vellos) e baixa para roubar coa mesma inconsciencia das pombas, coa gracia e malicia dun ledo raposo bulreiro.

O pai, morto nas Américas; o capitalciño, ensilvado nos libros de contas do negreiro que o embarcou... O rapaz sinte molamente todo esto, sofre e cando se atopa soiolo antre as xestas do monte comunal ou baixo os salgueirales, veira do río, sinte ferver dentro de si unha forza sen nome que lle enche o peito a faguer taupar as costelas.

Agora, ó voltar da escola, os Chascas pillaron un paxariño que tremaba coma se todo fose corazón nas pequenas mans crueles, diante a chispa mala dos ollos humáns.

—Imos mallarlle o pico antre duas pedras para que non coma máis millo o gran lampantín— dixo o maior dos Chascas co ollar avarento. E o Pateliñas saltou:

—Non, lobos, deixalo voar. ¿Qué mal vos fixo? O paxaro agatuña o que pode, e fai ben.

Loitaron. Cego, o Pantelas desfixo o ataque bruto dos irmáns e tumbounos pola terra a golpe de cachete pechado e cabezadas de porco bravo. Trunfante, colleu mimosamente o paxariño e deixouno voar, ledo, coma unha nota musical no ar limpo do serán de primavera. Aquela noi-

te, o Panteliñas soñou que voaba moi outo, levado por azas invisibles, que subía e cruzaba por riba de parroquias, de serras, de chans, vendo o formiguexar da xente nos feirales, ouvindo, aló no baixo, un bater cristaíño de campanas..., mentras el voaba seguindo o sol hastra perderse nas néboas salgadas dun mar que el xamáis vira...

A TOLA MOCEDADE

Os traballos da carreteira van adiantando. Implacable, a serpe branca vai desenrolando as suas voltas, dividindo os lugares, rompendo pola mitade as viñas petruciales, interrumpindo os antigos camiños mallados polas pisadas de cen xeneracións. Vaise cambiando a paixase do val. A eirexa e a casa do cura xa non teñen o sitio mellor e máis vistoso, nin leva a vista coma centro da parroquia; agora, arrenconchegada, esquecida nun altiño de espalda ó camiño novo. O señor abade na solaina fuma e pasea antes de tocar para a confesión. Xa son os días curtos, está cáseque arrematada a vindima, que neste ano se fixo de présa, e apenas as cántigas animaron o val: toda a xente, os carros, as bestas, están empregados na carretera...

O señor abade fuma e pensa, está triste e cansado, non gusta das novidás que traerá a xente de tralla, os mesóns, os coches. Xa no anaco terminado da carretera érguese unha casa nova, de perpiaño limpo, de balcón a estilo da vila: é a taberna. Antes non había taberna na parroquia, os patróns xuntábanse nas bodegas fresqueiras e alí falaban gravemente, decían contos, bebían en xerras repintadas, seguindo unha liturxia antiga, unha vella etiqueta campesina. Os rapaces, se algunha vez eran admitidos, mantíñanse humildes e calados, escoitando os contos do tío Sarralleiro, que sabía moito das terras da montaña, do tempo dos frades e dos lobos, ou as grandes mentiras do Rabuñado, un vello fraco e triste, de grande maxinación, que tiña corrido as terras marelas de Castilla e as ribeiras do Ebro en procura do sarrio nas cubas da Rioxa.

O abade xa vía os traxes curtos nas mozas, as bárbaras conversas dos arrieiros, a blasfemia trunfante, os boletíns cheos de pezoña contra a lei de Dios. "Eses inxenieros son o demo", pensaba por centésima vez. Ó solpor pasou polo camiño un fato de rapazotes. "Nin se descubriron ó pasar diante o adro", pensaba seguíndoos co ollar. No medio iba o Xosé María Pantelas, xa mozo lanzal, forte e barudo, aloucado ás veces, outras ferido por unha tristura noxenta que o facía perderse nas tardes de festa, lonxe da trullada, polas carballeiras máis fondas das regatas.

O Pantelas, traballando na carretera, ganaba un bon xornal, pois non había outro no traballo, estimaba á sua nai postrada no leito, velaba nas noites preto da vella, desmigallando pan trigo no leite, derretendo zucre no viño do pipote pequeno de carballo, onde se gardaba a pouca pinga que deixaba o foro.

Pouco antes da vindima coñecera á unha rapariga, do outro lado do río. A Balbanera, loura e churrusqueira, apañaba a folla para ós marraus no parral do señor Lourenzo, onde estaba servindo. O Pantelas faloulle cousas que lle saíron de dentro sen pensalo e ó día seguinte estaba

moi admirado de ser noivo da Balbanera. Parecíalle un soño: mentres duraba o traballo, pensaba no instante de falarlle na fonte, ou nas sestas, ó pé do lavadoiro. Brincaban nos salgueirales do río co sinxelo amor dos paxaros. Ela, ás veces, ríase del porque o atopaba tan serio, puña ás veces os ollos nunhas extrañas cousas lonxanas que ela non comprendía. Riseira, atolada, brincadeira, levaba ben as bulras das compañeiras "Es a ovella e o Pantelas o lobo", decíanlle. "Vaite levar para a choupana da bruxa". Ela ría sacudindo a roupa no tanque, enseñando os brazos nus feitos a torno, botando olladas ós obreiros e capataces que traballaban nas obras.

Pola sua parte, o Pantelas, como todos os solitarios, apenas pensaba no porvir. Ás veces vía a casiña limpa, o gando acomodado, a muller na casa coidando do caldo, cando el volvía do traballo e caía canso e feliz no amor preguizoso das noites. Mais poucas veces se lle ocurría: tiña por certo que algo (non sabía que) mataría aquel amor, que unha cousa escura botaría a sua vida por camiños diferentes.

Foi nos días de Santos. Unha noite chegou o Pantelas á horta do señor Lourenzo. O tempo estaba tristeiro, mollado, a auga mansa facía un medoñento queimuxe nas follas murchas dos parrales. O rapaz das vacas díxolle ó Pantelas: "A Balbanera foi pola carne ás doce e non volveu"; levou a roupa nova; os amos xa teñen criada encargada. O carteiro tamén contou que a vira ir de presa cara a estación". E fixaba os ollos azules no semblante do Pantelas desfeito pola dor.

Tranquilo e forte, entrou na taberna; mirárono con curiosidade, mais ninguén se atreveu a rir. Soupo todo, sen darlle importancia, por palabras soltas; despois pola parla desfeita da taberneira. Coma ela decía, a Balbanera era unha desleigada; unha tola filla de malo sangue, nada nun pobo de ladróns e sardiñeiros: facía tempo que lle andaba ás veiras aquel capataz asturiano, xa vellote e festeiro, tan amigo das mozas e do viño... Sen dúbida irían á vila, tomar o tren e pasar un mes con ela para logo deixala, desgraciada para sempre.

O Pantelas, morno e sereo, trasfegaba xerra tras xerra de aquel tintarrón mouro e traidor da taberna. Espertábase nel unha sede tola, coma endexemáis sentira. Foi para a casa borracho, esbarando nas laxes dos camiños. Ó chegar, deu fungueirazos ó can que ouveou extrañado. Durmiu coma unha besta, espertando ás veces para rir con gargalladas tolas. Aquela noite, a nai tolleita non viu chisco de caldo, nin pasou pinga...

Todo o inverno traballou o Pantelas coma sempre, aínda máis calado e tristeiro, unha tristura morna e dura. A nai morreu unha mañá de xiada, un domingo de xaneiro, cando a xente estaba na misa e o lugar soilo: O mozo viuna morrer coma unha brasa que se apaga, e cando a borralla da morte cubriu a derradeira muxica do vivir naqueles ollos desfeitos, bicouna nos beizos, na frente, tivo un choro afogado, e velou todo día ó pé do leito, sen faguer caso das idas e voltas das veciñas. Ó cair a tarde, foi tratar do enterro co señor abade. De volta á casa, acomodou o gando coa palla dun xergón e seguiu hastra a mañá sentado nun ferrado, fitando para a mortiña alumeada por unha luz de aceite.

Pasado un mes, foi vender a vaca. Cando despechou a neboeira, chegaba ó campo da feira, cheo de vida e movemento. Tivo despois de tempo un lóstrego de alegría; vendida a bermella, comeu e bebeu ben con rapaces amigos. Xa na desfeita da feira, ó mirar para un fato de homes ben postos, quedou prantado coma un poste, sen sangue nas veas. Alí estaba, contento e farto, o capataz asturiano. O Pantelas chamouno sin coidar que lle saía a voz rouca dos beizos pálidos. O outro, ó velo, quixo botar a man á faixa, ó tempo de caerlle na testa os dous paus, fortes, barudos, de man de mallador, que mataron ó tenorio e levaron a presidio ó Pantelas.

A casa quedou sola, e no inverno seguinte empezou a esborrallarse. O gato volveuse montés, o can foi recollido por un cego, as pitas polas veciñas. Falouse un mes do asunto e do Pantelas. Despois caíu riba del a túnica de frío do esquecemento.

ALÓ NAS PRISIÓNS DE ORÁN

De camiño se perde o sentido do tempo no presidio, sobre todo para un rapaz paisano, fondamente envolveito na vida cósmica do campo, e para quen as horas sinálanse pola altura do sol ou o alongamento da sombra, a primavera polo cantar do cuco, o outono pola inexplicable sorrisa dos campos e esa luz tremante, dorada, que arripia o ser nun pracer extraño e dooroso, tanto nos homes cultivados coma nos sinxelos, emotivos aldeáns, tamén sen darse conta, sensitivos. Un paisano sabe mirar as nubes esvairantes, a posta do sol, a chegada das anduriñas coma cousas esenciaes no seu vivir, non como as vemos nós —homes da cidade—, como elementos decorativos do teatro onde as almas xogan o seu destino. Un labrego galego e máis un ribeirán é un fondo politeista.

O Pantelas pasou o primeiro anaco —indeterminable— de tempo afundido nunha tristeza animal: co ollo morno, o xesto caído, tiña ese encollimento tráxico do labrego nun local pechado que non sexa cociña ou bodega. Deitado no camastro, nin soñaba nas cousas ledas e queridas que encheran a sua primeira mocedade; non lembraba o soplo do vento nos milleirales nin lle doía a perda deses únicos instantes de folga na caba das cepas ou na roza, cando se esterriza o corpo no chan, que parece máis mol que unha cama, e o ollar se perde na temorosa cúpula dos piñeirales. Sen alma, coma un pallazo, sen curiosidade, pasou frente a el o proceso, o xuicio oral e condena: cáseque non sentiu a transición antre a cárcere e o presidio. Entrou nel no tempo quente, mais logo a friaxe se estableceu por longos meses nas celdas, nos rincós do noxento patio. No primeiro inverno, antre o entorpecemento morno das noites longas, principiou a bulir nel outra cousa interna, unha forza que o mantiña dereito coma un fuxo: por primeira vez preguntouse o por que de moitas cousas, por que nacera pobre, por que traballou. A lembranza do seu amor e do seu crime poucas veces deixou de aparecerlle como algunha cousa lonxana, envolta no neboeiro pecho do pasado.

A magra ración do presidio fixo tamén a sua operación e a lembranza da terra fóiselle convertindo nunha única pasión, nun desexo ardente; na lembranza, na sede de viño, a alma leda, churrusqueira, do seu país de ri-

beira.

O Pantelas sentía dentro un lume de incendio, unha lapa sempre acesa, lembrando sempre as xerras de viño roxo, fresqueiro no vran, mouro, quentador no inverno, e pasábanlle na memoria tódalas bodegas onde traballara na dionisíaca lagarada, ou cando de rapaz pisaba as uvas, cando de mozo carregaba os culeiros cheos de uvas pringosas, afartadas de mel, envoltos no voo das vésporas doiradas. Antes cáseque non bebía; agora sería home para pór o bico na canilla dunha pipa e beber a toupar. Éralle indiferente a sociedade dos presos. Cáseque todos gababan os seus feitos, mimaban as serpes da venganza, admiraban condenados a morte. Estes explotaban a sua sona terrible, e antes da forca gastaban a admiración máis forte que se pode sacar dos peitos dos criminales perigosos, dos rapaces de mirar esguello e pasións extrañas que enchían a cadea.

O Pantelas, sempre forte, pasou máis dunha ducia de invernos cumprindo en home tranquilo e reglamento da prisión, respeitado polos compañeiros, que o creían un bruto forte e temible ó ver o lustrigo fixo do seu ollar. Co tempo, a sua forza interior cambiouse nun desexo fero de libertade. Antes de tolear ou voltarse fera, chegou o indulto un día de primavera.

A ESTRELA DA MAÑÁ

Aínda non rompera o día cando o Pantelas, libre, deixou o tren mixto na estación máis preto da sua parroquia. Desde ela, en seis horas de camiño, e veira do río, poríase na casa onde naceu.

No tren, emprisoado nas táboas noxentas dun coche de terceira, ouvindo pitos e ordes, coidaba rodar nun presidio en movemento; aquelo tiña o frío e porcallado cariz da prisión. Agora alcontrábase arredado no campo, baixo dos barudos negrillos da carretera, xa ben debuxados no ceo limpo da mañá, tiña á dereita o río saloucante na presa, dos tellados surtía o fume familiar, no fresco mañenceiro viña o cheiro das carballeiras floridas. Entón o pobre presidiario, o farrapento deixado de todos, sentiu unha tenrura que lle subia ós ollos, un esmorecendo brando e garimoso de todo o seu ser, tivo por primeira vez o sentimento doce da libertade e con el entroulle polas portas da alma o sentimento da terra barrendo tódalas néboas negras, quebrando as cordas irtas do seu esprito solitario, faguéndoo un co chan, cos arbres, coa luz adamantina da mañá. Ouviu a scherzante alborada do melro nun éxtase semellante ó de aquel santo frade de Armenteira que ficou un século preso na música do pinzón, e somentes cando as raiolas do sol ledo voaban coma frechas de ouro entre a verde e tramante carballeira, agromada de pouco, ergueuse e marchou cun cantar nos beizos. Ó longo do río espellante, sucedíanse as parroquias, os lugares, os pazos, en allos graciosos, en quebradas fresqueiras, das terras da Ribeira. As campaíñas das espadañas acordaban nun concerto mañanceiro co cantar dos paxaros, o viaxe das nubes preguizosas, a indefinible emoción da natureza naquela alborada de maio.

Chegando a Ponte-Barbantesa, baixou a unhas nabeiras e mirouse no

morto espello dun pozo. "¿Quen son —pensaba—, quen é ese home envellado, coas ses brancas coma folerpas, coas meixelas rapadas pola navalla esguía do presidio?" Por outra parte sentíase forte, desexoso de vivir e loitar, dono dunha man de anos cheos de esperanzas. Non se atreveu a entrar de día no seu lugar. O corazón batíalle como un muíño todo cando albiscou á volta da carretera, as doces montañas que pechan o horizonte de Valdoso. "¡Aló riba, naqueles penedos:", e pensaba na naiciña morta, apodrecida sen nome e sen pedra no adro parroquial verdecente e tépedo.

Díronlle en calquer parte unha cunca de caldo e un papo de viño, e pasou a tarde debruzado nun lameiro. Parecéronlle sen fin as horas do solpor. Por fin, seguindo carreiros entre negros piñeirales, cando a fouce da lua se afiaba nos píncaros do poente, chegou á casa. Ouvearon os cans. Unha vella fixo máis fonda a sombra do parral ó achantarse contra o muro para velo pasar. Tiña amigos, algún parente na parroquia, desexaba unha cama de cosco, mais prefireu pasar a noite na casa medio desfeita, coa porta franca, ouvindo o solo do moucho, non sabendo se aquel tremar do ar na cociña (sen fogo faguía dez anos) nacía das lembranzas de outro tempo ou das azas embruxadas dos morcegos.

O SEÑORITO DA PEDREIRA

Ó final do século XVII, o capitán Sotelo fixo un maorazgo e levantou no mellor terrón da parroquia de Valdoso un pazo coma un mosteiro, con boas salas pisadas de castiñeiro, frescas adegas empedreadas, capela barroca de sinxela fachada e leda campaíña, nobre portal coroado pola pedra de armas con caldeiros e roeles, e puxo todo o seu gusto na feitura da solaina, onde os canteiros de Cotobade luciron as suas mellores fantasías. Non é amplo o horizonte de Valdoso, mais desde a solaina domina unha vista feiticeira: as revoltas graciosas do río, as viñas, ben conocidas dos arrieiros da montaña, os soutos, os camiños que ruben cara as terras de pan. Os alciprestes irmáns, o pombal redondo e branco dan ó pazo un ar de eterna fidalguía.

Da familia saíron abades, abogados, donas facendosas. Agora o único herdeiro era o señorito Xavier. Vivía soio; perdera ó pai antes de se recibir de Dereito en Santiago; á nai, no instante de vir ó mundo. Espírito sensíble, suave, preguizoso, non quixo darse ó mundo e á carreira, e para sempre se afundiu na soedade da casa da Pedreira. Só desexaba a leitura quieta, o vivir sosegado e profundo da aldea. Na mocedade alcanzou a febre romántica que nel, temperamento serio e lóxico, se fixo doce renunciamento sen xesto, sen acritude.

Establecido no pazo en compaña dunha criada vella, dos cans e do gato, adicouse sen presa ó goberno do seu patrimonio, algo botado a perder polo pai, home abandonado, preguiceiro, que xogaba nas feiras e reutorales, e deixou no país sona de esmorguista e falador gracioso. Moitas rendas estaban medio caducadas, os montes cheos de carreiros, os marcos cambiados. Pero había peor: o mor perigo para a fartura da casa era a constante intromisión, a larga vista e falsa man do escribano

Culebrón, famoso abogado das silveiras, demo e señor de tres parroquias polo seu valimento na vila, porque era paisano fino anque, de poucas letras, e esas malas, e por desgracia para a casa era parente, como vindo da única irmá xa vellota do pai do señorito. E por mor dunhas partillas mal feitas trataba de chegar ó seu dourado soño: ser dono dos lameiros e montes, das viñas e das nobres pedras do pazo.

Todo o val sabía as suas mañas e estaba farto do seu dominio papeleiro, todo o val coñecía a nobreza e bondade de don Xavier, e con esto os paisanos servían ó Culebrón, que podía ser un home en caso de apuro.

O señorito Xavier fixo unha boa cousa naqueles días de maio. Estaba fumando un charuto ó pé do cabaceiro, asulagado nunha desas ensoñaciós que nacen da combinación dunha xuventude calada coa misteriosa eclosión primaveral, cando entrou o Pantelas para pedir terra a medias ou traballo, e o señorito, levado por unha súbita inspiración, colleuno de encargado das viñas e da bodega. Desde aquel instante, o Pantelas, que nin tiña familia, nin terra, nin agarimo, quixo ó señorito como a un pai: o home probado nas acidumes da vida atopou, en fin, un cariño e unha veneración. Para el, o señorito era como un fetiche, todo: sabio, bo, prudente, de consello, e sería home para matarse coa mitade do mundo a unha verba sua. Agora empeza a gloria do Pantelas.

O VIÑO

No espírito do Pantelas vivían duas forzas fondas, esenciales, dous amores eternos: o señorito e o viño. Poidérase decir que namentras os longos anos que rexentou a casa da Pedreira, falou pola boca do Pantelas a alma dionisiana da ribeira, a alegría das vendimas, a fartura das resacas, a vida que bule arredor desas grandes creadoras de enerxía e poesía que son as cubas. Mais tamén nas ribeiras hai días mornos e tristeiros, longas invernías e vrans abafantes. Nelas, Pantelas meditaba e filosofaba á sua maneira, como un Anaximandro bébedo ou un dialéctico escolástico que partira da infalible premisa da infinita bondade do viño.

¡Cómo son tristes os invernos na ribeira! ¡Que saudade e que depinga das neboeiras pechas, dos ceos cincentos, sen horizontes abertos, sen o soplo do ar baril das altas neves! As cepas vellas, espidas, tortas e retortas nas máis quiméricas posturas, algunhas deitadas no chan coma serpentes mortas, outras apresas nos palitroques das parras. A cepa sofre a longa invernía, os días cortos, griseiros, raiolados polas chuvias miudas, quediñas, que envolven os montes mornos na cincenta túnica mollada, que enlaman os camiños, onde se afondan as rodeiras dos carros como as lembranzas vellas na alma cansa e murcha. A auga decorre en fios cristaíños por riba dos penedos cubertos de orcelos, encóvase nos lameiros, pinga nas tellas con notas lonxanas e armoniosas, como de psalteiros monxiles, e cando parece máis cansa, de súpeto adquire nova forza e bate nas tellas, nos vidros, con ar de presto de sonata romántica. O ceo desfeito en nubes baixas e farrapentas déitase sobre o val, que parece pequeno, fundido, enlamado.

Neses días, o Pantelas pensaba na Pascua gloriosa da primavera,

cando as folliñas esgroman verdecentes nos feos toros negros, na pompa das parreiras, nos días quentes do vran, cando alumean os penedos e sóio se atopa fresco na sombra dos salgueirales, veira dos regatos marmullantes. O Pantelas, algúns días de inverno, sentíase aprisionado na estreitura do val e subía á montaña. Para un ribeirán, a montaña é simplemente a terra aberta, onde se recolleita o pan, onde o viño é picante e gaseoso, onde a fala é máis pecha e a música nas festas menos brincadeira. Entón, curvando o seu corpo seco como feito de mollos, nun grande pasamontañas raiado, regalo do señorito, subía ás costas sen medo os terrós desfeitos e iba ver as terras que o pazo tiña na parroquia de San Verísimo de Penonzoás; alí vixilaba, ordenaba, ordenaba ós aparceiros e deixaba correr o ollar polos lombos azules ou nevados das serras lonxanas.

Na vendima era unha apoteose. A vida, o movemento, a alegría enchían o val de cántigas, de gargalladas, de trullados, de alalás. O Pantelas, ben cheo de viño, mandaba a maniobra en xefe, dispuña as ringleiras de mulleres nas viñas, azuzaba os carretós dos culeiros, e pola noite, xa bébedo, dirixía a lagarada. O pisón, unha grande viga centenaria, esmagaba os montós mouros ou perlados das uvas e un regato de viño fresco, forte, sen fermentar, recendente a vida, savia vexetal, corría para as barrigas resoantes das venerables cubas de outro século. Como nas orixes da traxedia grega, facíanse farsas e comedias nas limpas noites outonizas e o espírito satírico e bulrista da raza desbotábase en parrafeos ferventes, recendendo o viño novo.

Despois, as labores sosegadas da bodega, a trasfega, a distribución en pipas e pipotes, a cobranza das rentas nos días cincentos de Santos, e a actualidade latexante da chegada dos arrieiros, da venda da cosecha.

O señorito deixaba toda a vixilancia ó Pantelas, que tiña lei á casa como a pedra ó muro. Mais sempre dormía na casa da Coba da Serpe, recomposta polos coidados del e a xenerosidade do señor, que diu trabes e prestou os carros para a pedra. Cáseque tódalas noites iba borracho para o seu cubil, aturuxando en ocasións polos camiños fondos, cubertos de parrales, mais a maoría das noites morno, calado, tristeiro, como un pino en marcha.

O Pantelas amaba o viño. E se el poidera explicar os derradeiros motivos da sua conciencia, diría que amaba o viño porque o vía sufrir: na cepa, sempre atada, arxonada, privada da libertade para lanzar no ar a cabeleira rigosa das vides; no lagar, pisada polos pés como son pisados os corazós pola sorte negra; na cóncava cárcere das cubas, onde non pode entrar un chisco de ar. A final, tratado no inferno das alquitaras, xa canso e doído de tanto sufrir, daba a alma tola e atoladora do augardente.

A GLORIA DO PANTELAS

Tanto como o viño, amaba a libertade. Cando vía un can ou unha besta atada, corría a soltala sen pensar nas larpeiradas do can ou nos destragos da besta. Cando tiña unha gotiña no corpo, que era cada lus e

cada martes, falaba en termos claros e fortes, á maneira anarquizante de mirar os homes e as cousas. Pronto alcanzou pola lingua e polos feitos, unha sona grandísima no val e nas parroquias veciñas. Por aquelo do presidio, a xente tíñalle medo. Ademais non se asomellaba na sua maneira de ser ós demais labregos. Eles, todo sorna-morna, verbas calculadas, movementos arraposados; el, desbotado, franco, esaxerado hastra chegar ás cousas máis tolas, para o xeral pensar da xente. Era un gran inventor de xuramentos: a sua magra boca sen dentes gomitaba blasfemias non ouvidas. As "cousas do Pantelas" eran faladas e contadas nas bodegas, nas cociñas e nos fiadeiros.

Non cría nas bruxas, nin para el había máis demo que o Culebrón, o escribano que non deixa dormir ó amo, —¡seu Dios!— a forza de preitos, con todo o cortexo de papeladas e citaciós.

Unha noite alcontraron ó señor Senradela, un vellote tristeiro, na Cruz do Alén, pálido e tremente. Era no outono e a chuvia maina faguía un respetoso zunido nas follas mortas.

—Non sigas, Xosé María —decía o Senradela—; pola congostra do Caíño debía pasar o diaño a cabalo do pecado; as pedras botaban lume, feridas por ferraduras de cabalo que non viu, mais ben sintiu, e non me atrevo a pasar frente ó adro. Sen dúbida un fato de ánimas en pena. ¡Pobres de nós! Xa estamos fartos de trabucos, preitos e granicios e aínda ven contra nós a tropa endiañada do inferno...

As gargalladas do Pantelas espertaron os ecos temerosos do souto e dos penedos. Con grande asombro do Senradela, o home destemido foi ó adro, mollado e verdescente e sentado nunha lousa de pedra dixo cousas terribles.

—Nin ceo nin inferno. Non sabemos nada. O crego que vos predica tódolos domingos, di o que deprendeu e nada máis. Despois da morte, quedamos tolos e andamos polas estrelas ou pola lua, escorretando un fato de demos que non nos deixa hastra que, cansos, morremos xa para sempre. Mais esta compaña de que che falo non baixa á terra. Anda para sempre antre as estrelas, que parpadean na escuridade polo ar que lle dan as almas dos defuntos.

Non iba á misa e sostiña longas discusiós co Padre Cura, un antigo párroco sen parroquia que vivía nun antigo priorato dos frades de Santa María da Martiña. O Padre Cura era un homiño pequeno, fraco, gran cazador de coellos, que sempre andaba en cuestiós co abade por mor de se a reliquia da parroquia —un anaco da cruz de San Pedro— era ou non era máis verdadeira do que a que había na capela do antigo Priorato.

—Déixeme en Paz, Padre Cura, —falaba picando o negro cigarro—; mentras non o vexa faguendo penitencia nun caracocho da costa vella, como din do San Wintila de Punxín, non creo nos seus sermós.

Sóio iba á eirexa unha vez no ano: o día dos defuntos. Entón nadie se atrevía a lle disputar o toque das campás, e pendurado da corda, pasaba fríos e noites na espadaña, arrincando bateladas cheas de door e de saudade, de aquela door e aquela saudade que adormecían no fondo da sua

alma primitiva.

A TRAXEDIA

Arredor dos cincuenta anos, o Pantelas casou cunha criada xa serodia do pazo da Pedreira. ¿Foi por culpa do viño aquel casamento atolado? Non se soupo. A Genoveva, fea, pequena, torta, comesta das vexigas, pasou a vida adorando ó Pantelas. Era para moitos un demo ou un tolo, sóio para o señorito e para a Genoveva era un home libre e forte. ¡Moito sofreu ó principio! Hastra lle batía as costas cando chegaba co xenio arrecepido polo viño. Mais ela lembraba os paus con gosto cando viñan tempadas de silencio morno, de calar sombrizo, máis temeroso que o falar sacrílego.

A fondo, a traxedia do home e da muller non é para escrita. Aínda non estamos acostumados a mirar as medoñentas profundidades da alma dos labregos. A do Pontelas foise pouco a pouco despegando da realidade, hastra chegar na vellez a unha tolería franca e declarada. Sobre todo desque o señorito Xavier morreu de calenturas e o pazo da Pedreira quedou abandonado, camiñando inverno tras inverno a unha ruína.

Do matrimonio, quedou un fillo idiota, enfermo de gota-serea, que pasou anos e anos pedindo nas portas, arremedando os latinorios dos cregos, hastra morrer sulagado no fondo dunha nabeira.

1925

O FIDALGO

Unha mañá houbo grande escándalo na rua silenciosa, parsimoniosa, como poboada de avaros e de costumes ríxidos. Era unha mañá da primavera. Polo aer tépedo, riba dos tellados, únicos que disfrutaban da delicia do sol, endexamais coñecido do zapateiro do soportal nin das laxes do chan, trazaban circos atolados de chíos as rondas dos avións. Unha gran figura de home rexo e vello apareceu na galería dun pisiño derradeiro, unha disforme escopeta apuntou ó ceo, e ¡pum, pum!, os tiros, fortes, sonoros, bravos coma no monte, fixeron tremar os pobres vidros lixados dos pisos, ó atacado de paralís no seu sillote, ás señoras de clases pasivas, ós funcionarios diante o chicolate, á vella e á sua calceta, á nena leitora de novelas, ós gatos aburguesados e ás criadas xubiladas que van á novena e viven dun legado dos amos mortos hai moito tempo. Medo, extraneza, rebumbio, pantasías. Total, un xuicio de faltas e unha grande escamación na vecindade cando o fidalgo se apeitaba ó sol na sua alta galería.

Imos lembrar en cadriños pequeneiros, feitos asegún as informacións dignas de confianza, a historia de aquel señor. Ela xustificará dentro da sua lóxica, para el a única, co seu finar tráxico cumprido, co finar do século XIX. Sen xuicio nin crítica, sen interpretación nin eséxesis. Vaian por diante duas notas psicolóxicas: sóio unha vez soupo o que fora unha doencia; endexamais fixo un razoamento. E ninguén dubidaba que foi un gran señor.

1835. Escea: grande bodega no Ribeiro. Pipas centenarias xa cando o da francesada. Frades cobrando as rendas. O grande sol outonizo ven render preitesía na porta ó viño poderoso, novo, pechado nas panzas disformes. Un fidalgo de brancas barbas e ollos ledos ten no colo un neno xa medrado. Cachicáns, xornaleiros, un capelán da casa, fan circo respeitoso arredor. O fidalgo foi colexial en Fonseca, tivo grandes dúbidas, demorouse moito nos clásicos, turráballe moito a caste. E por todo esto non se quixo ordear. "Domine, non sum dignus". Maorazgo, gardou unha metódica claustral no pazo do inverno, no pazo de vrau, no pazo do outono, no pazo da primavera. Xuntaba sete lugares, presentaba sete curatos. Pazo na Rua Nova. Irmás en Santa Clara. Capitán das xentes dun val na Independencia. Soá ergueita —por caste e por estudos—, non foi cortesán con Fernando; nin polo amor ó escano das suas sete cociñas e o pasear maino polas salas resoantes, non foi coronel na guerra dos Andes. Casado tardeiro, cando xa os parentes afiaban a dentamia para a farta herdanza, mimaba ó filliño cun amor de vello. Con el nos brazos sóio tiña un medo: a doencia ou a revolución. Para as doencias tiña os

rescriptos dos frades de San Francisco; para a Revolución armaría unha tropa de fiés montañeses. Os do Bocelo, os de Friol. Non encetados como o cerne dos carballos. Agora asiste á trasfega do viño. Da maor pipa xurde unha roxa fonte recendente: mans lixeiras levan as olas, e as olas van caíndo na boca sen dentes de outras cubaxes. Enche a bodega, e o serán, o rumor de dous ríos en camiños.

O neno, por raro caso, está quieto. O pai disfruta con esta atención do rapaz. Olla o neno con pracer o correr da poderosa canilla. Un xogo. Un decorrer que aquece a inquedanza infantil. Logo o caño vai amolecendo, xa non fai aquel forte arco coor de lume, xa se quebra, e devece. Deseguida para. Entón o neno estrala en choros. El quer ollar sempre aquela cousa fermosa que fuxe. Se fora grande, colleríaa coas mans como a unha serpe esbaradiza. O pai trema, inquire, logo decátase e manda autoritario: "Abride tódalas canillas". Os homes, asombrados, temendo o castigo divino, dubidan obedecer: non hai outras pipas dispostas. O señor manda enoxado. Todos coñecen o imperio da voz terrible do amo. Coas mans tremorosas, faguendo ás escondedelas o sinal da cruz —eles non son responsables—, abren as pipas. A grande palabra do fidalgo ecoa na bodega: "Que meu fillo, meu herdeiro, a frol da miña caste, disfrute". E corren as pipas: as do branco, as do tinto, as da Encosta, as do Bacelar, as da Teixugueira, como corrían as fontes de Versailles no Grande Século. Un ruxir de Dioibo na bodega, unha colleita antiga polo chan de sábrego faguendo un lago de naumaquia ofrecida á crudelidade incosciente dun Nerón neniño. O viño figura sangue bañado no asombro do sol, enborracha o ambiente da bodega; os homes, o capelán, refuxen os pantalóns, tínxelles o viño as pernas. Pernas de perdiz. O neno ri, berra, bate as mans de gozo. Canso, durme nos brazos do pai cando o enorme suspirar da cubaxe valeira enche a bodega do sentimento dunha fatalidade. O homes, coa noite e co remordimento, van para a cociña, camiñan para os lugares decindo: "¡Que gran cabaleiro é don Fulano!". A exclamación na voz do pobo e na envexa do señorío vai decindo moitas légoas á redonda: "¡Que gran cabaleiro, que gran cabaleiro...!"

1845. Pola cheminea baixa fungando e salferindo as brasas o aire invernizo na luzada. O capelán quéntase as mans, pasea inquedo, ás veces asómase á porta da alcoba. Arrodeado de curmáns e irmáns, o fidalgo loita coa morte no grande leito. A brancura da barba mistúrase coa brancura das sabáns. Os ollos fixos no crucifixo, mais tamén ás veces cruzados por unha impaciencia e unha door. A de todos. O capelán —un frade exclaustrado— rube a quentarse na cheminea e a ollar polos vidros. Penosamente, a mañá fría nace nunha paisaxe de cotos brancos. Saíron moitos propios a procuralo. E ven o día, e ven a morte, e don Xohán, sóio el, non ven.

Todos está arregrado nos bufetes do despacho: os pergamiños, os títulos, o testamento. El Señor, con grande concurso de fieis, visitou solenemente o pazo. Había panos de encaixe en tódalas mesas, altariños dourados e mangados de froles, por miragre no corazón do inverno e da montaña. Na cociña, os caseiros nin se atreven a falar. O fidalgo, nun pulo que ningunha forza puido dominar, ó chegar El Señor botouse do

leito, el tan sen forzas, e comulgou axionllado no chan, cos brazos en cruz, como un Rei cristián. E o fillo non chegaba, derradeiro cáliz de amargura na agonía do fidalgo. Pola media mañá, os pasos mainos da morte cruzaron a sala de volta da alcoba, cando xa fixera a sua angueira. Unha vella mangoleta ollouna, á Morte, de acarranchapernas na solaina, para baixar ó xardín e proseguir a xeira gadañadora.

Están chamados os cregos de tres arciprestádegos, o señorío de sete xurisdicións, e virán os pobres de vinte parroquias. Os rosarios enchen o pazo como unha morea suplicante. Coa noite afírmase a chama dos grandes cirios. Como as portas se non pechan, ninguén sinte chegar ó novo señor. O capelán quérelle rifar, mais cala diante da lanzal figura do mozo. Chega de botas altas, tabardo montesío, cunha grea de cans que ouvean a coro á morte. O fidalgo salfire chicotazos ós cans, manda que atendan o cabalo na corte e con xesto de gran señor ispe a cabeza e axiónllase para bicar as manciñas do morto. O capelán lembra a data: "Feira en Monteseixo", e ollando para o fidalgo: "Facies pecaminosa". Toda a noite vela, rexo, silencioso, ergueito. Polas once, cantan o enterro setenta cregos, un pobo de xente bule nos patios, non collen as bestas nos pesebres nin o señorío nas salas. Don Xohán recibe os pésames con triste e socegada dignidade. Hai nas facianas unha seguridade despois da terrible visita da morte, pois don Xohán será bon seguidor da caste...

O poente, arrempuxado pola noite, fuxe deseguida, cando aínda había xente nas mesas. Trepan mulas e cabalos de cregos e señores polos camiños da montaña. As linguas, ó partir, son outravolta algareiras e bravas. É preciso cruzar chairas temerosas de lobos antes de que acougar no lume dos pazos. A noite come rosario de pobres enfiados polos atallos da serra. Todos, sen erguer as mesas, déitanse cedo no pazo.

Mais o fidalgo non durme. Tampouco pensa. Un instante chora pensando máis que na man do pai, na man do amigo que se puña no ombreiro confiada. Logo ousa remexar na cámara onde morreu seu pai. Érguese e olla desde o escuro da porta. Aínda se queiman cabos de cirios. Unha rapaza, boa agradecida á casa, filla de caseiros, cos brazos nus, un pouco asustada, levanta as roupas do leito, arregra a habitación. O fidalgo entra como un falcón botándose sobre a caza: ela extrañada, non concebindo o sacrilexio, nin se atreve a loitar. Don Xohán, sen escoitar a acusación das pregarias acuguladas na estancia, nin ollar os ollos espantados da mociña, apértaa e bícaa con galosidade feudal, sobre o leito aínda gardador da forma dun corpo.

1855. No salón etiqueteiro da Rua Nova, algunhas donas agardan impacientes. O coro das señoras maiores tamén agarda. Mais don Xohán non aparece. Pola porta sóio entran señoritas coñecidas. As de sempre. Noutro sarao, a elegancia montesía de don Xohán deixou sementadas froles de esperanza polo xardín das vidas femeninas. Don Xohán, deica a mañá, deita onzas e onzas na mesa de xogo. Ouros borbónicos, do tempo das Indias, ouros constitucionás, ouros de cuño extraño. Dous séculos de historia española pódense ilustrar coas redondas pezas de ouro. O seu refrexo fai medrar o afiado dos perfís, sensibiliza as mans pálidas, afonda as meixelas, atiza a lapa dos ollos. Sóio don Xohán

fica impasible, sereo, ledo como un cazador no monte. Leva trasfegadas moitas xerras de viño, pois el desprecia os licores finos e as bebidas da cidade. Os parásitos extreman a su admiración. Don Xohán, gardando unha superioridade sen decaterse delo, vai botando na mesa, en onzas como soles, centos de tegas de centeo, parexas de bois ornato dos feirás e pasmo dos labregos, sembraduras, nabeiras, toradas de vello carballo, dos que rexistran como arquivos nos fermosos circos do seu tronco, o maino e seguro decorrer das sazóns; mollos de viño, dereitos de señorío. De súpeto, un home forte, valente de Sar, pousa a farpa na morea das onzas e pasea a ameaza dun pistolón sobre os peitos dos xogantís. Sangue callado nos corpos. O home ten historial de mortes, é seguro como un navallazo xitano, a sua historia anda nos carteles dos cegos. Despreciou ó señorito: el sóio estima ós homes do oficio. Limpiamente, don Xohán agárrao polo pescozo, aparta o pistolón e o tiro ridículo vaise cravar nunha viga do teito. Deseguida, a media ducia de bofetadas de ritual. O valente está no chan e ten olladas de súplica. Moitos pensan acudir a xusticia. ¡Unica ocasión para collelo! Hai berros: "¡A cadea, á forca!". O brazo de don Xohán debuxa un grande ademán amparador; non se toque un pelo do home derrubado, está baixo o meu poder. Logo dille: "Anda, serás meu criado. Boa paga e farra. Mais, honradeza, e coidadiño con roubar un chavo nin levar unha faca. Senón, xa sabes quen é don Xohán".

O fidalgo ten lenda en Sant-Iago. Vive cos estudantes. Polo día, moi gomoso, pasea polos arcos, dá o brazo a vellas misias moi sabedoras de elegancias, que lle gaban o tipo e o maorazgo e lle falan de xenealoxías rubindo as escaleiras das Praterías. Ten mesa farta, bodega franca, bolsa aberta. Polos atallos da serra, recuas de mulas pórtanlle en pelexos os seus viños mellores da Avia. No baixo da casa organízanse as farradas e as tunas, as xoguetas e as falcatrúas contra o sesegado comercio da cidade. O mesmo lle afunde a chisteira a un vello canonista que volta da novena, ou dirixe a Van Spen nos soportás, que se senta na mesa dos títulos e desembrulla as ponlas dos albres xeneolóxicos. No piso da casa hai habitacións reservadas: nelas esterrícase, como unha cobra roxa, ó quente da cheminea, sobre as alfombras e peles de luxo, a criolla das Antillas, preguizosa e sensual, queimada por furiosas agardas que don Xohán amolece cun bico. Roubouna ó seu pai, vello tratante en carne humá en Cuba. A criolla ten tódolos antoxos; cando, comesta dos celos, destroza unha cristalería, ó día seguinte loce na cámara outra máis fermosa. Para ela hai criados que procuran nas vilas as cousas de máis precio e tran polo aire as froles e os froitos mimosos de Portugal. Algún día o pai lle pasará a conta. Don Xohán lla pagará, se non lle fende a testa dun tiro. El é así, e ninguén o discute.

1865. Un medo no coro dos parásitos e no bufón, antigo curial de vila, que na borracheira dos demais —a don Xohán non hai viño que se lle suba ós miolos— parodia tódalas eminencias de Sant-Iago, desde o cardeal deica a Bruxa da Tafona; un medo no abogado e nos administradores. Don Xohán toma estado. As bodas son de rumbo endexamais ouvido. Don Xohán namorouse dela unha mañá, ó entrar na pequena igrexa

das freiras para faguer algunha barbaridade. Desque a viu, sinxeliña, fermosa, tan modestiña e composta, don Xohán impuxo silencio ós seus sicarios e sóio pensou en servila. Ela tiña medo del. Na primeira conversa, conqueriuna. Non, todo eran calunias das malas linguas.

Dona Rosina vive e goberna no pazo da beiramar. Algúns pazos foran debullados, enteiriños, por don Xohán. Mais el sempre se reserva as moblaxes: e da montaña e da ribeira, dos pazos vendidos e disbarate, chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fina labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza como membrillos outonizos. No pazo de beiramar converxen tódolos ríos da ascendencia de don Xohán, e don Xohán, no medio das moblaxes preciosas, coida ser dono de tódolos pazos herdados.

Nos derradeiros do ano, acarón da cheminea, dona Rosina dá peito ó primeiro filliño. Xa os criados e as doncelas están no leito. ¿A quén se semella o rapaz? ¿A aquel xeneral da sala? ¿Ó mociño lindo que leva un uniforme de dragón da Independencia e afirma as manciñas de doncela sobre un pesado sable? Dona Rosina vai percorrendo tódolos retratos do liñaxe para se destraguer; fóra, a virazón abanea os piñeirás e vai arrincar o cedro do xardín, que eles trouxeran do seu viaxe de noivos. E don Xohán non chega. Sempre está de caza. Ninguén coma el coñece os montes de Galicia. Conta historias arripiantes de lobos, de porcos bravos, historias ledas de perdices polas costas esbaradizas de pinica. O crego vello de Fontefera, en terras de Lugo, gábase de ter morto cincuenta lobos. Don Xohán, en poucos invernos, sufrindo as inclemencias nivosas, gañoulle o partido matando sesenta e sete. Testas de lobo para o seu blasón, como os de Moscoso.

Morre o lume en entra silandeiro don Xohán. Ven pálido, mais determinado. ¿Que lle pasará? Sen bicar ó fillo, don Xohán pon á altura dos ollos da dona asombrada unha cousa que trae agarimada no pasamontañas: un neniño, lindo, rosado, branco como un anxeliño, empanado en pobres roupiñas lixadas. Don Xohán di sen vacilación: "Rosina, é meu fillo. A nai morreu. Entrégocho para que fagas del o que queiras". Os dous nenos figuran surrirse un ó outros. Diante da espaventada faciana da señora, don Xohán franquea a fiestra á noite negra: "Ahí tes o patio. Están os cans famentos. Se tes corazón, guíndao embaixo". A Señora, sen unha fala, axiña coma compre, ispe o outro peito e os dous nenos beben, tranquilos, ditosos, do mesmo leite.

Ó día seguinte, don Xohán, con cabalgada de criados, vai á feira de Pontevedra. O voltar pola noitiña, vai chamando nas portas dos lugares e deixando nos regazos das doces labreguiñas de ollar rendido, das bravas pescas de falas mimosas, ducias de panos sedáns, dengues de terciopelos, corás e pratas barrocas para os fermosos colos e para as lindas orelliñas, duros ás mancheas para liberar as terras hipotecadas polos patróns, pra pagar as meiciñas das aboas tolleitas nos leitos.

1875. A xente sigue decindo: "¡Que gran cabaleiro!" Medra cada día a admiración dos cabaleiros e dos cregos, a envexa dos señores da vila, a fame dos curiales e dos prestamistas. Por tódalas carreteiras —as que ru-

ben entrenzadas arredor dos montes, as espalladas no vagantío das chairas postas ó sol, as que namoradas da fermosura das rías van seguindo o encaixe da costa— salfiren alegrías gozosos os coches de don Xohán. Síntese de lonxe quebrando ben de mañá o ensoño dos piñeirás. Levan catro, seis, oito cabalos, mercados nas feiras de Zafra e de Sevilla e Xerez. Non collen polas ruas de Sant-Iago, e ó entrar nas prazas das vilas, espállase un aire de festa. Moitas veces vai soio don Xohán, guiando a xubilosa tropa dos cabalos: leva no pescante a escopeta e unha boa moza, pimpante e orgullosa, ó seu carón.

Nas mesas dos cregos, sentado entre os arciprestes e priores, mantén o ritmo dos muelles, debullando con método probado e con fidalga limpeza desde a sopa, densa, condesación sabia de cousas boas, deica a longa coda dos postres. A gran sinxeleza da alma de don Xohán, trasparente no falar, no enxuiciar simple e claro das cousas, collendo sempre polo camiño do medio e lucindo en temas de caza, de viños e de trato social, unha maestría completa. Unha boca que endexamais dixo verbas de dúbida e un corazón tan recto que os abades severos, moitas veces escandalizados pola sementeira de pecados que don Xohán faguía a rego nas parroquias, non podían por menos decir: "Don Xohán peca coa sinxeleza dun neno e, de fixo, non acouga o mal na sua alma de neno". Gran neno mimado pola fortuna, polas mulleres, pola saúde. Ningunha emoción, ningún problema. Mellor que cos homes, fala sen palabras, nun diálogo de olladas e xestos, co can das perdices. Os animás, os pobres e coitados animás, sinten por don Xohán un amor particular. O seu asubío e a su voz pode máis nos cans que o asubío e a voz dos criados. Fixo un viaxe longo, no medio do inverno, por ver nun pazo da montaña ó pobre "Soult", can de palleiro, bon servidor, leal amigo, que está a morrer. Deitado no estrume dunha corte, nin tiña azos para se achegar a un consolo de sol que lucía na porta. Cando sentiu trepar o cabalo e percibiu ese olor particular, quizais feito de volátiles esencias de carácter, que os cans poden percibir nos homes, de don Xohán, "Soult", erguendo as pobres orellas amuchadas, meneando un anaco de rabo, chegouse á porta a zorro, sentíndose outravolta cachorro, ouvindo unha armonía de noites estrelecidas baixo a festra do amo, maxinando doces soños, ós seus pés na alfombra da sala. Don Xohán non se afastaba do can, os ollos prisioneiros dos seus nun diálogo non maxinado por ninguén. Caíndo a noite e o frío, os caseiros, respeitosos, trouxeron lume, e don Xohán debeuse percatar dunha súplica nos ollos do can, pois sen dubidar meteulle na testa un tiro certeiro. "¡Gran cabaleiro!", marmullaban os labregos, sospeitando en don Xohán unha dignidade superior, cando vían o gado dos lameiros parar de pacer e ficar cos ollos extasiados, húmidos da terneza que noutrora inspiraban os grandes xefes pastores, ou as pombas envolvendo en agarimos azados a figura do fidalgo, na solaina, co primeiro sol churrusqueiro da mañá, ou os bois baixándolle a poderosa testa serva para apañarlle na man as roibas espigas, ou o pavo real faguéndolle a roda maxestosa de cortesanía.

Don Xohán percorre no seu coche as carreteiras da beiramar. Non somentes por folgar. Agora son outros os tempos. Don Xohán, que

nunca soupera o que tiña nin contaba as voltas dos cartos, fixose home de negocios. El, de por si, se non mete en nada. Ten servidores listos, algúns señoritos da vila, que traballan todo o negocio das contratas de camiños. Don Xohán admira a eses homes de empresa, calculadores, que saben trazar as curvas e sufincar as pontes, e engaiolar ós inxenieros, e entenden das fianzas e dos prazos. Don Xohán, sempre pronto a se maravillar, sorrí e paga. Ás veces, as cousas non marchan ben. Ó mellor hai que variar un trazado, hai que mercar a conciencia dun funcionario, pódese perder, non se sabe ben por que, o importe dunha fianza. Os conselleiros do asunto son agora seus amigos. Algúns, con moitos fillos e poucos ingresos, andan mal de fondos. Don Xohán, con delicadeza, para non ofendelos, fáilles chegar ós bolsos rollos de billetes. Moita xente ten envexa dos compañeiros de don Xohán: levan gabáns novos, trepan con autoridade antes descoñecida neles, algúns erguen casiñas novas, outros, máis humildes, póñenlle tendas ós seus familiares. Un serán, por caso raro, don Xohán demora na casa. Está ó fresco con dona Rosina: os rapaces pequenos enredan no xardín. A maior logo haberá que pola nun internado na capital. Dona Rosina fala de algo que lle roe no peito; ela ben quixera aproveitar aquela presencia do seu home na casa. "Dispensa o que che digo; non me gusta esa xente con quen andas. Non me teñen boa cara. ¿Ti para que procuras negocios? ¿Non estaríamos máis descansados coidando das terras? Teño medo a que con tanta cavilación che veña unha enfermedade. ¡Tes unhas canas no pelo...!" Don Xohán escoita en silencio. E sorrí. Non, os seus amigos son todos boas persoas, homes para se matar por el; é preciso que os cartos bulan polo mundo; hoxe xa se non vive, como antes, nos pazos. Don Xohán vai ensarillando as suas razóns, sen grande fe nelas, e sorpréndese dunha acordanza extraña. Non faguía moito, estivera coa Bibiana, muller xa serodia, boa moza no seu tempo, a quen don Xohán sacara con namoros de sachar leiras, e agora, grosa e coidada, rexía un fato de mozas da vida na cidade. A Bibiana gardaba a mellor lei ó fidalgo. E dixéralle máis claramente o mesmo pensamento da señora: "Eses teus amigos son unha tripulación de ladróns. Fartan a fame a conta tua. Se segues tan parvo, deixarante máis pelado que unha pelica vella. ¿E logo non ves cómo engordan? Ti es señor, vive no teu e déixate de manter zumezugas e de negocios". Extraña confluencia de opinións. Chega o maordono a falar ó señor: mañá feira de Soutoledo. A mellor para mercar a parexa de bois. Fan moita falla. Don Xohán bota man á carteira. Logo escudriña nas gavetas e nos caixóns. Por primera vez na vida non ten diñeiro. O sol, onza de ouro como as que el sementou ás mancheas, vaise poñer na comba dos montes. O fidalgo cazador sempre olla para o ceo, como o mariñeiro para a mar. No ceo vibra quieto, feroz, dominador, un miñato. O rei no solpor. Aduvíñase un medo pechado no branco pombal. Don Xohán agarra a escopeta e baixa polos eidos de millo medrado. Está agora o miñato riba dos grandes piñeiros mansos. O fidalgo admírao un instante ¡Esta tan fermoso! Logo tira. Cae o paxaro dando voltas, un anaco nunha pola, derrúbase pesado no chan. Os ollos, o pico, as farpas. Don Xohán, ó voltar para a casa, vai pensando por primeira vez: "Quizais

logo haxa grandes pagos de algunha obra". ¿Terá que ceder ás falas melosas do Estornelo sobre hipotecar a casa de Sant-Iago?

1885. Unha oficina polo serán. Chuvia nos vidros lixados. Fedor de colillas. Traballo extraordinario. Medo á chegada dun novo xefe. Testas encol das mesas. Don Xohán na sua. Como fidalgo, é moi dado. Nin lle parece mal que un antigo zapateiro, que lle fixo nun tempo moi boas botas de caza, lle fale desde a mesa: "Hola, Juan". Don Xohán tiña unha serra de expedientes riba da mesa. O balduque vai estralar como as fitas dun corsé de xoven posto en corpo de xamona. Don Xohán non sabe por onde comenzar. Quizais pensa: "¿Vivirá o Leandro, meu caseiro de Ribacoba? ¿Casaría a Frolinda? Xa debe ter vinte anos". Soña no corpo de palla de centeo da nai da Frolinda e no lume —mantido coas leñas de don Xohán— do seu fogar. Tempo das resacas. ¿Cómo estará a bodega do Ribeiro? O novo amo desfaría aquela pipa vella, de carballo. Bon serán para pasala co estilador. Trémanlle diante dos ollos as partidas dun reparto. Bueno. Aínda hai cigarriños. Agora, os seráns do outono son máis longos que antes.

Don Xohán, saíndo da oficina, non quere mirar un grupo de rapazas que pasan. El ben coñece a figura da sua filla, a máis elegante. Leva ó seu carón un noivo. Un empregado de almacén. Don Xohán, cruzando diante do casino, por pouco o collen os cabalos dun coche. O cocheiro para, báixase, dille: "Señorito, dispense". Foi servidor de don Xohán. Dentro do coche, a figura do prestamista parece unha sardiña en lata. Fai que non ve a don Xohán. Ten medo dunha labazada. "Boh, o caso é que teño pazo fidalgo con escaleira de corte e escudos en Compostela", pensa acochándose como un zorro.

Don Xohán, con dous retirados, pasea baixo os arcos da rua. Horas sen remate. Mais el figura non se decatar. As fillas estarán cosendo e non convén estorbalas. Na hora da cea, todos están ledos arredor da mesa limpiña. Dona Rosina ten os cabelos brancos. Dille ó seu home: "Ti figuras un polo ó meu lado". As rapazas reciben un recado urxente: cómpre rematar os volantes e as mangas dun vestido para baile antes das once. E sen probar migalla de queixo, póñense á coser. Don Xohán non pode ser dono de conteñer unha tristura. Non é ren de particular. Na xerriña sóio fican dous dedos de viño da taberna. No comedorciño hai un oco. Alí estaba o fermoso taburete taraceado. Agora non está. Don Xohán e dona Rosina fálanse cos ollos. Ela ponlle na man un cartucho de pesos. Don Xohán, asomado á fiestra, considera as luces da cidade na noite. A rua escura fai unha volta. Máis aló hai un calexón e no calexón unha taberna sonada polos bos callos que prepara. A taberneira foi e aínda é moito de don Xohán. Fai pouco mandáralle unha empanadiña de peixe. Tamén ten para el outros peperetes. Hai un demo de portuguesiña que dá xenio vela. Cansouse de servir. Don Xohán sofre cavilando: "Terei que ir pola outra rua e rubir polas escaleiras... Non se pode chamar a atención nestas ruas de xente devota". Don Xohán é moi franco. Endexamais ocultou ren do seu vivir. ¡Quen lle volvería os abertos camiños da aldea!

Colle o grande chambergo para saír. Dona Rosina, ó despedilo na escaleira, dille baixiño: "Lémbrate que mañán hai que pagar os réditos do

Estornelo". Dentro, as fillas cantan, traballando, ó son da Singer. Don Xohán di: "Tes razón, está a noite moi fría. Voume deitar".

1900. Todos viñan admirados da resistencia física e do señorío de Don Xohán. Había cazadores elegantes, políticos, xente de Madrid. Don Xohán, no monte e na mesa, parecía o convidador. Os seus tiros precisos estraban de perdices a pinica das encostas. Os cans faguíanse festas atoladas. Os labregos —xa ningún había do seu tempo— pensaban: "¡Que gran cabaleiro!". O seu vello tabardo impuña un tono na antesala. Estaban nun pazo arregrado e repintado. O amo non sabía ler os escudos. Don Xohán descifrounos e contou a historia da casa. "Por aquí —decíalle ó amo— estaba o segredo". A forza de rebulir nas paredes dun cuarto escuro, don Xohán puido faguer que unha pedra se correse. Gran emoción na compañía. Saíu un bafo de vellez. Mais non había tesouro. Había un mollo de pergamiños e un grande tarro cheo de mel. Don Xohán colleuno con respeto e levouno ó comedor. ¡O símbolo dos bons tempos, a honradeza da tradición, o tesouro da casa, o mel suave das aboas, das abellas que zugan nos xardíns antigos e locen como pintas azadas de ouro no fondo de gules dos escudos!

Don Xohán comeu e bebeu como un prior guerreiro. Toda a historia dun século (os liñaxes e as parroquias, as colleitas e as fames, a carlistada e a Revolución, os estudantes clásicos, as farras épicas, as belezas dos salóns elegantes, os comenzos dos políticos, os bandidos e os aforcados, Pepa a Loba e Xan Quinto, as flotas a vela e as cazatas feudás), pasou pola sua charla. Algúns que ben o sabían, picábanlle para que fixera outras confesións. Mais o fidalgo nin tivo unha verba para os falseiros amigos, nin para os rapiñeiros vestidos cos anacos de seu manto de señor. Cunha ledicia vagamente outoniza figuraba don Xohán unha torre antiga e lanzal onde aniñaran os paxaros da campía.

Nos postres, un mozo preguntoulle polo tempo romántico. ¿Sería poeta? Non. Coñecera moitos poetas e moitas musas. Mais sóio sabía unha poesía: "É a miña poesía favorita". E recitouna:

Y en triste adiós mi juventud perdida
mandaba a mis cabellos
y pensando que ya nunca volverían
hermosas manos a jugar con ellos

E todos estaban emocionados, e ninguén pensou en rir da cursilería.

Nos derradeiros do ano, don Xohán fai unha tremenda descuberta: tamén o seu corpo está suxeito á door. Un dente de rato róelle no estómago. Hai dous días que sinte doores feroces na vexiga. Non sabe que cara lle pór ó médico. Sóio coñecera ós médicos en sociedade. Don Xohán sóio atura dous días no leito. Unha néboa inverniza enterra a cidade doente nunha masa de algodón hidrófilo. Dona Rosina se non arreda do leito. Unha mañá, don Xohán está descansado e figura reflexionar. Dona Rosina vai á misa. Cando volve, hai xente na escaleira, as fillas berran e choran como tolas, hai un fedor de pólvora no pobre pisiño. Don Xohán fixera o primeiro e derradeiro razoamento encol de si: estaba doente, non podía pensar a door, e pegárase sinxelamente un tiro,

como fixera moitas veces cos cans vellos ou enfermos. Sen remordemento, sen vanidade, sen pecado.

No cimiterio, a lousa humilde de don Xohán, modesto funcionario xubilado, está asombrada polo moimento de mármol do prestamista. En sete parroquias da Galicia, aínda o sol do serán bica, ó morrer, sete alciprestes que de neno don Xohán axudara a prantar.

1932.

A REVOLTA DE CASDENÓN

Na estrada dos Chaos, a Revolta de Casdenón é, como antes, a máis vistosa. Dá xenio, no outono, ó se ergueren as néboas dos riachos e lourear o sol nos penedos, botar un pito alí, antes de seguir camiñando.

Á dereita, encosta, inzáronse bastos os piñeiros. Aínda son novos. Aínda non apodreceron os tocóns dos vellos.

Poucos se lembran hoxe, pois bulen os novos rumos do mundo, do vinculeiro da Casa de Abaixo, chamada así por estar entobada no fondal da ribeiriña. Era en seis parroquias en roda alcuñado o Bicho polo moito ben, a moita influencia e o non pouco medo que puña. Medio fidalgote, medio patrón labrego, non se bulía cunha area de sal na parroquia sen o seu mandato. De mozo tivera sona de destemido. De vello, con dous cabaceiros ateigados, noventa mollos nas cubas, ducia e media de cabezas de gando e un montón de obrigas na gaveta, tampouco tiña grimo e non había rapaz que se atrevera a choutarlle no pomar... Foise pondo groso, e por primeira vez na sua vida, saía de paseo sen ouxeto algún, por consello dos médicos, desconfiados da operación do porco cotián, os enxuagados de augardente mañanceiro para espaventar a neboeira, a xerra dos seis netos... Nos seus paseos collía para a Revolta de Casdenón pola alegría da boa vista. Tanta larganza e tan ben disposta, casi lle parecía ben seu ó Bicho, por ter nela, e á vista, boas pezas de arada, e touzas, e muiños...

Aconteceu que, por cousa dunha serventía, houbo custión entre o Bicho e o seu veciño, do mesmo tempo do que el, o señor Estebo dos Inxertes. Foi este un patrón rexo, francote, bon polas prosas , asisado, orfo, pois endexamais quixera casar.

Entrambos eran tercos. Foron ó abogado, andiveron regalos e metéronse homes. Por un chisco se non agarran os dous no adro, saíndo da misa. Ganou o Bicho, perdeu o dos Inxertes, e se non falou máis do choio... Eran pouca cousa, na acomparanza, co afundimento da Casa de Vilerma, que alá foi como unha ponte río abaixo, ou coa morte da vella Prisca, que aínda hoxe se non sabe se lle diran, á mantenta, a fariña dos ratos, ou foi ela quen tivo culpa, pois co frío, soedade e pobreza, dábase á pinga do augardente...

O vello dos Inxertes non tiña duda. Non foi raro que se alegrasen ó vello derreado do pau xudicial, apesares de ter o Bicho, por rico, máis envexosos. O dos Inxertes puña medo por a lingua, e por a sabencia e grande memoria das cousas da aldea. Quixeron moitas persoas herdalo con afalagos e mimos. El ben os vía chegar, ría nos fuciños dos preten-

dentes, e sóio lle tiña lei a un mozo, o Etelvino, chegado pola porta. Era rexo, calado, e capaz de botarse de capitón ó río polo seu amor. Ademais de agradecerlle o bon trato, admirábao. Figurábaselle fóra de razón que un home sabido de letras, engaiolador, cos seus contos, dos homes ó domingo na taberna, patrón de respeito cando levaba o pendón nas procesións arredor do adro, fora tripado por un bazuncho pipoteiro, aforrón, de vista baixa, de falor roufeño, que collía media estrada cando paseaba ó sol cara Os Chaos.

Polo seu xenio, o rapaz houbéralle polo menos acantazado o tellado ou posto lume ás medas. Se non atrevería a decilo. O amo hastra falaba co Bicho, que entón se facía con el moi compracente e cortés, e semellaba non lle doer a ferida.

Pero Etelvino entendeu ben o risco na frente do amo, cando viña do eido da serventía, ou era nomeado diante del. Co tempo, ensañábase a chaga. Tiña medo á noite, polo recordo vegoñoso. "Vou vello —dicía para si—, que ¡se non!".

O Etelvino agardaba unha palabra. Non viña, nin viría. Decorría o terceiro outono. Houbo precisión de cartos na casa. Pensou o señor Estebo nos piñeiros que tiña na encosta sobre a Revolta de Casdenón.

Foi alá co mozo. Este tallaría os pinos. Non pasaban de dezaoito ou vinte. Outáns, escuros, de frouma e rouca voce ó vento. Pola encosta era doado botalos a rolar deica a estrada despois de tronzados. Na estrada, recolleríaos o camión.

O Bicho sempre, no seu paseo —eran días de sol frebreiriño, ventando o marzal— ollaba para os piñeiros. Un serán, cruzándose co señor Estebo, díxolle: "Valen boa presa de cartos: agora millorará o estrume". Houbo unha ronca resposta do vello e unha ollada de lume do Etelvino.

Sóio quedaban tres altos piñeiros cando amo e criado, ollando a encosta e o bulto do Bicho adiantando a modo pola estrada, tiveron o mesmo pensamento.

O vello dormiu pouco, o mozo espertou con outro enxergar. Semellábanlle as horas camiñar a paso de boi. Despois do compango e dunha gotiña, camiñaron para o monte.

Non se decataban, se non podían decataren, por que aquel día eran máis amigos un do outro, falándose menos, e sen se mirar ós ollos.

Ó pasar diante do camiño que baixa para a casa do Vinculeiro, tivo o señor Estebo a idea de procurar outro traballo. Había moito que facer... Mais se non atreveu, como se entre os dous houbera algún xuramento.

Non había ninguén polos eidos, nin pola estrada. O sol non era moito. Levantábase un ventiño levián e fino. Xostreaba como un bimbio... Houbera desexado o vello calquera parolada. Ás veces había convidadas. A xente acougaba nas bodegas, outra na feira.

O Etelvino calcaba o vieiro do monte como o fío do peirao quen se embarca co perigo de se afogar. Xa estaban os derradeiros piñeiros tronzados. Sóio fallaba un. As toradas rexas, redondas, pesadas, sóio agardaban un empuxón para rolar monte abaixo. Era fermoso velas baixar. No primeiro tercio da encosta, de pelo de lobo, un saínte de laxe pizarre-

ña dáballe nova forza para baixar choutando... Paraban as máis na cuneta... Antes o Etelvino enxergaba se viña xente ou gando.

Sóio había tres toradas e un pino sen tronzar no chan. O Etelvino, con menos presa do que outras veces, recadou o tronzador. O vello fixo un pito. Ollouno extrañado e contento o mozo... Se non miraron cando o Bicho apareceu, como sempre, adispaciño, máis groso e pousón, considerando amodiño o val, os terreos, co colo da zamarra ergueito...

O cálculo foi operación perfecta no cerebro de entrambos. Decorreu un minuto coma unha cobra. Ó empuxar o Etelvino, ó vello non lle tremou o pito na man. Tivo medo do que lle viría enriba si a torada non baixaba a tempo. Pero a ollada e a man do mozo eran de seguranza matemática... Non houbo un ¡ai! Non miraron para baixo, desceron as outras toradas con menos forza... Dispuxérase o rapaz a meter o tronzador, cando se ouviu xente e berros... Ninguén sospeitou nada. O vello foi ó enterro, deu responsos e deixou herdeiro ó Etelvino, que inzou familia na parroquia.

1957.

IV. TEATRO

A ESTADEA

Tres actos. O primeiro, mesa de cregos e fidalgos. O segundo e terceiro na capela do Pazo de Reinante. Tempo da castañeira pola Guerra Carlista.

PERSOAXES:

A señorina de Reinante (morta).

O fidalgo da Martinga.

O fidalgo de Armeses (entrambos carlistas).

Don Caralampio de Monteceu, fidalgo liberal.

A vella Bieita de Astrés (ama da señorina de Reinantes).

Cinco cregos: o Albán, o Penouzoás, o Amarante, o Corna, o Vilarpunteiro.

Outros cregos.

Os mortos da capela: don Galcerán de Puga e Soutomaior, que foi Capitán Xeral.

Dona Anxelina de Ourantes, que foi Priora das Clarisas.

Outros mortos.

Os santos da Capela.

Os nenos da aldea.

I

Ao erguerse o pano, música do *Dies irae* ("Cor contritum quasi cinis") misturada con estrondo de pratos e fontes, e queimárese da grande lareira onde se fai o xantar. Cregos e fidalgos á mesa. Poden ser os nomeados de verdade, outros (caras de cregos parvos, borrachos, orgullosos, algún penitente) no decorado.

AMARANTE

O crego arcipreste, faciana roxa, narís autoritaria, dentes de lobo.

Non saíu mal a función. Agora, ao *Gaudeamus*. E para outra, ti, Vilarpunteiro, non fagas a ovella vella no coro.

VILARPUNTEIRO

Creguiño novo, coor de cirio.

Mire, señor, estáballe emocionado. A Maorazga máis herdada e belida. Pasamos pola vida *sicut soles, velut umbra*.

PENOUZOÁS

Arriero disfrazado de crego.

Pouco latín, pernas de pisco. Pensei que estabas magoado por non te pagar os dezmos os liberalotes da túa freiguesía.

Xurde a grande sopeira barroca, recadan cregos e fidalgos disformes cucharóns. Na esfera do reló do comedor aparece unha faciana de porco.

ALBÁN

Cregote asubiotado.

A sopa do abade é de ouro. Mais para ser casa de tanto pergameo non brillaron as peluconas nos responsorios.

O FIDALGO DE ARMESES.

Tipo esguío de coronel de Don Carlos.

Con perdón de Fuero eclesiástico, eu non consinto por en dúbida a grandeza da casa. Cinco pazos, cincuenta fanegas de renda, cen moios de branco en Gomariz, un antergo presidente da nobreza galega no campo de Melide, casa na Rúa Nova...

O FIDALGO DA MARTINGA

Fidalgo de goteira, caparrota, dentes de fame.

Si, e o dereito de entrare baixo Palio en cinco eirexas... e un abó fillo de palleiro de un abade de Oseira.

DON CARALAMPIO

Faciana lega, bigote ao Espartero, rindo.

¡Que gracia tendes! Valente aristocracia e valente clericacia. ¡Bo funeral para a pobre nena! E aínda queredes gobernare co Trono e o Altar. ¡Valente podremia!

TODOS

¡¡¡*Vade retro,* masón, herexe, liberal, volteriano!!!

VILARPUNTEIRO

Era unha brancafrol, baixouna a Virxe buscar no raio do luar da castañeira...

AMARANTE

Se a deixaran casar non morría. As mulleres son como as vacas, fóra a alma... Xa ven o porco e o viño da Avia. ¡Faguédelle honra!

Lacóns e cacheiras xigantescas nas fontes, xerras biculas. Na esfera do reló unha faciana de Sileno.

CORNA

Asegún o dereito canónico, escomenzar pola cacheira e rematar pola lacoeira. Hanse de comprir as rúbricas.

AMARANTE

Para o Albán a orella, que é bon confesor.

PENOUZOÁS

Cantando,

Rabo e cacheira
ril e lombelo,
serán a gloria
da mesa do crego.
Hemos rillar
deica esbourar,
hemos beber
deica toupar.

ALBÁN

Sacrílego Vilarpunteiro, non bebas auga. Nin que foras capelán das monxas. Queres faguer do teu bandullo unha lama podre.

PENOUZOÁS

Viño e porco ao soldado valente. Leguminosas para o liberalín. Viva Don Carlos trunfante, esterqueira para a Constitución.

Gran barullada encubrindo as badeladas de difuntos. Fanse grupos de comensales.

O FIDALGO DE ARMESES

Ao crego de Albán.

Catorce mil riás fan falla para a partida de Carballedo. E o escribano coxo de Roupar papou coa querida a metade dos cartos recadados.

PENOUZOÁS

A Amarante.

Hei ser eu quen entre na vila coa miña xente e aforque aos tendeiros liberaes coa corda das campás.

DON CARALAMPIO

Ouvíndoo.

Cala, creguiño, non che vaian meter no corpo catro onzas de chumbo como ao cónego Gorosditi na Ferradura de Santiago.

Logo, dixiríndose ao Fidalgo de Armeses:

Meu curmán: somos de bo sangue e leal xuramento, e cregos de presentación son os aquí presentes. ¡Loitemos coma fidalgos! Eu voume poñer ao frente da Milicia Nacional. ¡Viva Sabela!

O FIDALGO DE ARMESES

Falas ben. Eu saio a xuntar as facciós de Deza. Loitaremos en campo aberto. Viva Carlos V. Dinantes de sair, unha aperta.

Abrázanse os curmáns. Oise tocar o *Himno dde Riego* e a *Pitita.*

CORNA

Ao Amarante e ao fidalgo da Martinga, baixiño.

Falábase da falla de ouro nos responsoiros.

AMARANTE

Hai quen vale máis que o ouro.

CORNA

As pérolas do colo, os brillantes das orellas, a esmeralda do peito.

O FIDALGO DA MARTINGA

Os pais, tolos de door, enterraron todo coa súa ilusión.

AMARANTE

Hai de salvar a causa. Catorece mil reás para a partida...

CORNA

¿Catorce? ¡E cen mil! Para armar dez mil homes dende os Picos ao Faro. Para entrar en Santiago. Para coller as cercas de Lugo.

Faise noitiña. Na esfera do reló, unha caaveira.

AMARANTE

Despois de falar con cada un.

Están conformes. O Vilarpunteiro ten escrupos. ¡Xa virá a absolución dun Arcebispo!... Vaia, rapaces, a nos deitar. Que temos de madrugar coa alba.

Van saíndo para os leitos. Un can mouro rube á mesa lambendo os pratos.

II

A capela do pazo de Reinante. No chan, diante do altar dourado, a pedra nova da tampa arrodeada de cirios, cuia lus fai brillar facianas de estatuas sepulcraes, o San Miguel co demo aos pés do retablo. Outa noite de gran vento. Un intre axionlladas, dúas somas saloucantes: a nai e mais a ama. Facianas de anxos chorosos nas dúas fiestras do coro. A ama leva á señora pola porta e pecha con gran ruído de ferrollos. Oiese a voz da ama: "Probiña, noite de noiva coa morte". Silencio, latir de cans. Silandeiramente franquéase a porta da sacristía e entran catro somas, catro cregos. Axiónllanse un intre diante do altar. Guiados pola outa figura do Arcipreste, e con ferros, comenzan a maquinar na tampa. Nas fiestras apéganse facianas de demos. San Miguel pon faciana de espanto. O vento peta duro nas parés.

AMARANTE

Hai que apurar. Ti, Corna, puxa ben. Todos a unha. Ben por Albán. Ben se mira que fuches pedreiro en Cotobade. ¿Seica tes medo, Penouzoás?

PENOUZOÁS

Aixiña, por Deus. ¡Non miredes para o altar! San Miguel...

AMARANTE

Babián, andrómenas de vella. Puxade, xa vai... Un fólego, o derradeiro.

ALBÁN

Remexe algunha cousa por alí. ¿Non será nas cobas?

Puxando rexo erguen a pedra e debrócana, sosténdoa para non faguer ruído. Un movemento no San Miguel. Logo erguen o corpo branco, centeleante de xoias. Desfaise a cabeleira loira sobre o brazo do Arcipreste, que ten a morta polo colo. Di:

AMARANTE

Aixiña. Non esquencer ren. Trémanche as mans, Corna. Ti, Albán, apaña os pendentes. Non raches as orellas.

No intre de porlle as mans, Santo Migueliño ergue a man coa espada de lus, remexen ósos nas cobas, toda a capela se enche de cirios e un rezar baixiño. Badela soia a campá. A estadea de outos e brancos sudarios, caaveiras, dirixida por a outra pantasma de don Galcerán con anacos de traxe de Corte, arrodea en circo aos cregos, que caen no chan sen fala. A pantasma de Dona Anxelina protexe o corpo da señorina. Con risas e responsos, as pantasmas fan erguer aos cregos, que teñen velas na man e cantan tamén con voces de espanto. Todos fan o circo arredor da capela e saen pola porta da sacristía, leviáns as pantasmas, ridículos e medoños os cregos cos seus balandráns e patas de alifantes. Chicoteados polos cirios, van na estadea, deixan a eirexa deserta, e, no medio, a mortiña, branca e raiolante de xagas.

III

A mesma escea. Pinta o día nas fiestras. Oise pasar de carros e cantigas labregas. Franquéase a porta e entra.

BIEITA DE ASTRÉS

a Ama

¡Miragre, miragre! Miña señorina nova, miña croa, non nos quer deixar. ¡Non mortiña, está durmida! Toda a noite os anxos do ceo velaron por ela e Santo Migueliño ceibouna coa espada da morte negra.

Bica a frente e as mans da morta, pendúrase da corda da campá, berra.

A AMA

Vinde todos, vellos e mozas. ¡Vinde, rapaciñas da escola! Chegade a mirare o miragre de esta noite. ¡Vergoña para ti, morte negra, cacarañada e ruín caaveira, farrapenta vella, esquelete de Carnivales podres, alcaiota do demo, que quixeches porlle medo á miña nena! Agora vaise casar, miña prendiña, cun príncipe. Il virá, todo de lus no seu cabalo, para a levar á beira da mar e alí han embarcare no

fermoso e albo navío e farán vela para as ribeiras, onde ti non podes ren. Morte piollenta, dente de envexa, querida do verme. Ela ha vivir sempre, ditosa frol, e ha ter para min o sorrir de cando ista velliña, Bieita de Astrés, a levaba no colo. Ha habitare nos pazos de cristal, co seu noivo sempre noviña, e súa nai e mais eu, fiando entrambas nas rocas de ouro, a lan das abenzas do Ceu...

Van chegando as nenas con froles do outono nas mans, e os mozos que van ás carballeiras, maravillados, e os homes e mulleres que andan a sementar o pan. Cantan as nenas, os homes e as mulleres, fermosos coros, co gaiteiro. Sorrí leda e ditosa a faciana da mortiña. Os anxos apegan facianas xubilosas ás fiestras, un vello can chega amodiño, uns santos brancos, de lus, póñense no altar e cantan na compaña do pobo e da gaita unha misa de Gloria, todo alumeado polo sol ledo do outono de San Miguel. Cae a modiño o

PANO

O BORRACHO

Dous actos. O primeiro, na adega. O segundo, na campía. O utono.

PERSONAXES:

O Cacharazas, vello, dono da adega.
A pipa de carballo.
O pipote.
O lume.
O can.
O vento.
Os penedos.
As albres.
O luar.
Etc.

Fantasmas de:
O crego vello.
O patrón da Reata.
Moitos amigos mortos do Cacharazas.
Etc.

I

Adega de labrego ben acomodado. Tella van, bufarda, lareira baixa coa garamalleira, pipas grandes e pequenas, alquitara, barcales, morea de mollos e todos os preparos da adega. Noite, ao tempo do viño novo. O señor Cacharazas, patrón fino e longo, pernas un pouco estiradas, patillas ao antigo, está rematando un chourizo beira do lume, coa xerriña á man. Síntese chover. Bota un gulapo máis. Da boca da pipa sae unha testa de gnomo ou trasno, ou xenio riseiro. O vello volve a vista e algo debe albiscar, pois fala.

O CACHARAZAS

Seica me amolas

Bota outro trago.

Os frades miraban a Cristo no fundo do vaso ou da xerra. Eu vexo máis sede. ¡Ai, meu viñiño! Cómo aqueces meu corpo. Ben o coñezo: iste gulapo foi da parreira do Alargo. A xerriña de dinantes tiña o labio do vrencellau da Regueiriña. ¡Barudas cepas! Non as ten semellantes nin o vinculeiro.

Petan á porta

¿Quen é? ¡Pase quen seña! ¡Pase, carafio, que está na casa do Bicho de Casarbacelos! ¡O máis rico! ¡O que fai medrar os dentes ca envexa! Pero, ¿pasa ou non? Ou seica quer que lle abra a porta.

Erguese, e ao franquear a porta, síntese arrempuxado polo vento e entra todo o negro da noite con berros: "Morrerás, larpeiro. Hémosche papar todo. Has gomitar o que comeches, lapón".

Con esforzo, pechando a porta:

Malos raios vos fendan, grea de ladróns. ¿E logo coidades poder comigo? ¡Fóra, tripulación de piratas!

Con grande traballo bota a tranca e para un intre á espreita. De seguida volta á lareira. Pouco a pouco, polos buratos da parede, van aparecendo máscaras de vellos, mozas e cregos e patróns que fitan para o Cacharazas, o que non figura se decatar. As brasas esmorecen. De súpeto.

¡Meu ouro! Nise lume arde meu ouro. ¿Quen o trouxo aquí? Foron os demos dos ladroeiros, foron meus sobriños para me roubar.

Bota as gadoupas ao lume, quéimase e blasfema. Escóitase unha gargallada. O Cacharazas érguese e con traballo cruza a adega. Pola bufarda entra un grande vento que salfire as brasas. Na escuridade fumenta, o vello atoutiña nun recanto. Afasta os mollos, recada unha peta e cava como un sepultureiro.

VOCES

Cava a túa coba, ladrón. Dinantes restitúe o que roubaches. Pon os marcos onde estaban, angazo. Racha as escrituras falsas, raposo. Aínda tes tempo, pecador, dinantes que o Demo afíe as farpas para te esgarrafizar, condenado.

Cava anciosamente, e por fin, dando un berro:

OCACHARAZAS

Atopeino, aquí está. Non falla un chavo. Meu ouro locente, duro fino,fermoso.

Brilla no chan como lume o montón de onzas. O fogo acéndese de novo no fogar. Pola bufarda asoma a branca lúa:

Con iste ouro, o patrón vestido de pardomonte, será amado polas mociñas. ¡Que importan miña boca sen dentes, miña pata estirada, meu pescozo de galo vello! ¡Sería bicado por beizos bermellos e adormecido por mans feitiñas! Con iste ouro obrigaría a andar diante min aos fidalgos do pazo. Para os tirar do apuro, ben, o presto ao 16, ao 18, ao 20 por cen, con hipoteca, ¡malraio!, e pauto de retro, e pasearía os ollos amodiño pola carballeira de cen anos, o lameiro dos vinte carros de herba, o xardín de roseiras, o pazo coa pedra de armas, e as fresqueiras, e os leitos de escuma, todo meu, todo do vello Cacharazas...

Ao coller a xerra para beber, olla a lúa.

Véxote ben, rapariga branca, ven a folgar comigo aquí na palleira de herba mol. Heiche dar unha peza de ouro.

A pantasma dunha mociña lanzal, toda embrullada en panos mouros que sóio deixan ver un pouco de cariña e as mans brancas, chega silandeira, cobre por tras os ollos do vello e tóllese a xerra da boca.

Con acento mimoso.

Ben sei quen es, branca pombiña, meu mimo, meu amor. Procureiche de mozo polos camiños do mundo e fuxías porque tiñas medo de min. Baixaba da montaña como un lobo e non comprendía a forza do meu amor. Mireiche na fonte a mañán de San Xoán co

cantar do merlo, mireiche na beiramar, compondo no peirao as redes de teu pai, mireiche, costureiriña doncel, na fenestra. Agora son outravolta mozo, e teño diñeiro e imos xuntos por unha casiña de pedra nova con xardín de sebes de xasmín e unha cociña de prata para ti guisar no noso xantar de bicos.

Voltándose a ela quérea apreixar, mais ela fuxe con risas, e o conxunto da escea representa unha fermosa carballeira con mozos e mozas que se procuran e bailan ao son da gaita.

Non me fuxas máis, miña xoia. Mira, todos bailan e bícanse na festa do maio. Mozos e mozas, paxaros e boíñas. Toupan os foguetes e as merendas esmaltan as beiras do regueiro.

Canta a noitébrega, desaparece a fermosa ilusión e o vello debruzado no montón dos mollos, na adega tristeira, sóio mira a mesma forma sentada ao fogar.

¿Quen é? ¿Será a mesma? Figura maguada. Parés vella. Teño medo. Se eu tivera forzas...

Arrentes do chan colle a xerra e turra do villote. Non sae pinga de viño. Abraiado, turra pola canilla e vai ás outras pipas, todas están valeiras. Canta a noitébrega e o vento porta laios de funeral.

¿Quen es? ¿Por que chegas a maguar miña alegría? Todos no mundo temos feito algo malo. ¿Serás o remordimento? Eu fun duro coa miña nora. Boteina da casa por ser ela probe e gostar demasiado dos panos sedáns e das cousas finas. A probiña fuxiu. Perdeuse nas Américas, onde se perden todas.

Cando mozo, daquela, ¡que músicas faguían as vésporas arredor dos cestos de treixadura! Saquei da casa a unha moza carpazona da montaña. Seu fogar humilde, treiteado de honrado colmo, ficou comesto polas hedras da vergoña... Mais non son merecente do inferno. O señor Cacharazas de Casarbacelos vai á misa, deixa sempre unha peseta no peto das Anemas, non pasa nos retos do oito cando o vinculeiro e o "Don Pareciendo", con seu señorío, prestan ao doce e ao catorce... O abade déixame sentare no banco do prisbiterio... ¿Non dis ren? ¿Calas? ¿Ris ou choras debaixo do pano negro?... Xa te entendo... E eu maxinando penitencias e lembranzas. Ti es a tentadoira, a garza da fervenza. Sempre para as candongadas levas ese traxe de viuda modosiña para encalatrar aos cregos e aos fidalgos e non esdeñas nas feiras aos patróns vedraios de chiqueta remontada. Vamos, miña xoia. Teño o sangue quente, teño onzas para te mercar naguas de encaixe e corsé na vila. E non te fagas a finiquiteira, que xa moitos merlos picaron o figo e eu non son parvo.

Anda arredor da figura de trapos mouros.

Bótalle a gadoupa arrincándolle o pano e xurde a faciana de caaveira da morte, que ri como a escaravana nos vidros. Danza macabra. Os responsorios ecoan nas pipas valeiras, e a cabalo delas veñen as pantasmas dos amigos mortos.

O PATRÓN DA REATA

Anda, Cacharazas, pousón, ven formar na reata dos mortos. Eu teño carregado moitos pelexos do Ribeiro a Trasdeza e agora carréganos a todos a morte arrieira.

A VILATUXE DA ALÉN

Cacharaziñas, meu compadre beilador, imos xuntos danzare a ribeirana con música de ósos enxoitos.

O ABADE VELLO

Un Xoves Santo, porco manxei,
sempre no inferno alapearei,
Cacharaziñas, Cacharazás,
para nós atiza o Diaño as fumazas.

O CACHARAZAS

Quer fuxir das mans que o apreixan. Berra:

Meu tesouro, meu tesouro. Todas son cornicadas de ladróns para me roubare. ¡Arrenégote, demo!

Un gran vento franquea a porta e o Chacharazas sae guindado fóra como unha folla murcha. Chove moito e no cair da choiva afóganse o luar e a danza dos mortos.

II

A campía. Penedos e albres. Noite. O luar vai pasando por entre as nubes locindo caras de 1) *Muiñeira enfariñada.* 2) *Vella enlarafuzada.* 3) *Freiriña con tocas de nacre.* 4) *Rapaza moderna maquillada.* 5) *Monxe penitente estilo San Bruno.* Orbe redondo co mapa da Galiza. O *Cacharazas* está debruzado nas laxes do camiño coa gran borracheira. Dos illós formados pola choiva sae un sapo vestido de señor do XVIII con sombreiro de tres cornos, espadín e mandolina. Cántalle á lua unha romanza:

A noite chea de medos
atoutiñando a campaña.
Son o vello sempre ledo,
nova forma de Pierrot.
Ti serás miña lumiña,
miña raíña, meu amor.

Chouta por riba do vulto do *Cacharazas*, faguéndolle cóxegas nas orellas.

O CACHARAZAS

¿Que demos é isto?

Dunha labazada bota de enriba ao sapo, que vai cantando: "Cró, cró - cró, cró, - vai á misa o crego - no seu paquitró"

¿Onde estou? Non, o meu viño, como ser é podente. Vai vir a mañán e se me atopan aquí...

Érguese un pouco e ponse a ollar.

Un gran penedo féndese nunha sorrisa e ten faciana humán. Un albre espido aparece todo cheo de grandes froitos. Entre as nubes, as estrelas dispóñense en guirlandas.

¡Aquece esta friaxe da mañán, carafio! Moitas cousas soñei. Mais non volvo á adega. Alí hai feitizo. Imos, miña perna. Alá para adiante. ¡Vaia! Xa miro caras de risa. Ei, ti, penedo. ¿E logo, recoñeces ao vello patrón? Tolleume o frío. Se poidera botar a parva de augardente...

Vai vindo o día. O luar, bandexa de prata, recolle as estrelas.

...Miñas onzas son máis bunitas.

Badela ao lonxe unha eirexe e co sol descóbrese unha paisaxe de eidos cheos de xentes arando. O Cacharazas fai o sinal da crus, érguese, e mirando ao lonxe, berra:

¡Ei, rapaces, alá vou! Imos sementar o pan na corga.

Co badelar dos sinos e o cantar da sementeira do pan, vai caindo o

PANO

AS BODAS DO PORTUGUÉS

Dous actos. Parroquia de Penicoba. O primeiro, na fonte e no camiño. O segundo, na casa da Peneira.

Tempo actual.

PERSOAS:

A Peneira vella.
Súa filla, a Peneira nova, por seu nome Xenerosa.
Labregos e labregas.
O crego.
A fantasma do Peneira vello, morto fai anos.
A Garda Civil.
Etc.

I

A fonte, mulleres. Están parlando.

AS MULLERES

Ninguén se casa. Non hai homiños. Os mozos queren costureiriñas da vila, e os solteiros vellos non se casan por aforrar e lle non dar un chavo nin ó crego, nin gastar coa noiva unha peza de tea.

UNHA MOZA

Ai, un homiño, ¡quen mo dera! Aínda que fora pequeneiro como un rebolo, negro como un pote e rabudo coma un can.

OUTRA MOZA

Pois eu, se me non caso é por non ter vontade. Non me ten criado miña nai para rendar as herdades ou levar a porca ao castizo.

OUTRAS

Con bulra

Si, muller, si. Ti agarras a machada, vas á carballeira e fas o noivo que queiras.

Por entre as ponlas da nogueira xurden facianas de mozos á espreita do que falan as mulleres. Chega a Peneira nova. É peito de táboa, vedraia, fea, escanabouzada. Todas se rin.

AS MULLERES

¡Ai, Xenerosa! Nós imos ficar horfas solteiras. Ti has casar cun zapateiro que che rape coa coitela. Cun ferreiro que che pinte co carbón. Cun carreteiro que te xunga co boi coxo.

A XENEROSA

¡Boa fama teño! Para min, os homes non ferven no meu pote. Iso queda para vós, que sodes ledas e boniteiras, a forza de farrapos no seo, de colorado da botica nas meixelas, de medias sedáns e zapatos ao fiado. ¡Gandainas, cabras tolas!

AS MOZAS

Miren la linda palomita. Ti si que levas medias de inverno todo o ano, e de loito polas larafuzas. Meiga. Ti pisas as uvas sen lavar as pernas e mexas no branco para llo ensinar ao arrieiro. Di ¿perdería túa nai o farrapo dos cartos no cortello dos marrellos?

Os mozos, dende as ponlas, rin e azuzan ás mulleres. Vanse indo. Fica a Peneira soia e chega o Portugués carrilano.

O PORTUGUÉS

As boas noites.

A XENEROSA

Non quero nada con carrilanos, que ao millor son casados na súa terra e logo veñen tras deles a muller e os fillos polos camiños.

O PORTUGUÉS

Non te poñas así. Eu sei respetar a xente porque teño conocimento polo moito mundo que andiven, e en ningures deixei muller chorando nin pan a deber. Práceme ista terra. Gosto de ti desque te mirei remexando a zorza na matanza do señor Esteban.

A XENEROSA

¡Asús! ¡Se entón non levaba a roupa nova e por máis andaba doente do flato! Dime iso para logo rir ás cachizas.

Afastada.

Endexamais ouvín palabra de mel. Mesmamente figura o canto dos paxariños.

Xa interesada.

Non ser, na casa fai falla un home; desque morreu o pai e o irmán camiñou...

II

ESCEA I

A casa das Peneiras despois da boda, á luzada dun día de inverno. A Peneira vella ven amodiño e, despois de mirar con desconfianza, saca de un burato da parede o tesouro, conta faixos de billetes, e méteos no seo. Logo ven

O PORTUGUÉS

Miña sogra, con tanta alegría na casa hastra se lle puxo ser de moza.

Tentándoa.

A PENEIRA VELLA

Mans quietas, lacazán. Adeprende a respetar á vella, anda, despídete de Xenerosa e vai arrombar os preparos de botar o panciño na nabeira da Arriscada.

OPORTUGUÉS

¡Que pan nin que raios! E logo coida que casei coa cara de letra antiga da súa filla para traballar. E logo o capital que ten no seo.

Loita con ela.

A PENEIRA VELLA

Meu homiño, se vivira. Il matábate. Entrambos aforramos para amparo da nosa vellez.

Espectro do vello farrapento, con ameazas e rabias.

O Portugués agarra os cartos, dá un couce á vella e fuxe no intre de entrar a Xenerosa.

AXENEROSA

Meu homiño, pórtate ben, que todos serán para nós.

ESCEA II

Na porta da casa, a nai e a filla laiándose rodeadas de veciñas e do crego.

OCREGO

Sempre che dixen que non viña pola túa cara bonita.

AS ENVEXONAS

Estalle ven feito á cacarañada por lle toller ás mozas as noras.

Chega a Garda Civil co Portugués. Os gardas dan a entender que o diñeiro fuxiu.

O PORTUGUÉS

¡Mal raio nos fenda! Que eu me viñera a perder con semellante herencia. Mais non hei morrer na cárcere. Hei voltar a vos rabenar o pescozo, garzas.

Lévano.

A PENEIRA NOVA

Nin mirou para min. Nin unha verba. Mais é meu home; adeus, miña nai.

A PENEIRA VELLA

Adeus, non o deixes. Eu vos agardarei namentras viva.

Camiña a muller tras do home. A vella entra na casa e ponse a faguer as angueiras. Soña co home difunto e co netiño. Emoción das xentes. Cae o

PANO

V. POEMAS

1

DOMINGO DE OUTONO

Longa groria do outono na campía
—Os camiños xa cansos de carretos—
Fártase baixo o sol do curto día
conselleiro dos vellos e dos netos.
Ferruxe mineral nos arboredos
—os camiños afóndanse calados—
E o grave pensamento dos roquedos
polas lapas do vran ouricelados.
Surpresa dos lugares que se achegan
saudándose cos fumes familiares
—os camiños unha lembranza negan—
e cos rexos alcumes petruciales.
Quente a espranza a hora da mañán
—canso o camiño folga no soutelo—
recende como un forno do bo pan
e vístese o domingo de mantelo.
Grosos paxaros son maduros froitos
—a bosta nos camiños fai pranetas—
o melro unha romaxe envolta en loitos,
os pardaus un enxame de saetas.
No souto can as follas nun balado.
—Pra apañalas se afonda a corredoira—
Sempre no ar unha ducia cun murchado
estibo de muiñeira. Inmorredoira.
Cavilación dos cumes no horizonte
—nil pensan arelantes os camiños—
Un batelar de eirexas sube o monte,
e fuxen augas novas dos muíños.
Polo poente galga a neboeira
—xa o saben os camiños, saudosos—
e sin mancarse na Pena Corneira
acugúlase en fondos bretemosos.
Na follateira pinga miudiño,
o canso día de outono as nubes ripa
—escachouse un espello no camiño—
chove a rego. O Domingo fuma a pipa.

2

NOUTURNIO

A noite mainamente xurde dos outeirales
enchendo medoñenta os mouros piñeirales:
Canta un sapo invisibre na lama do camiño,
di seu pranto o regueiro no verdecente liño,
e pouco a pouco vanse acendendo as estrelas
coor de lúa, de ollar, ou de espigas marelas.
Das núxeles campás o tocar derradeiro
trema nas outas follas do sensibre ameneiro...
Xa unha doce caricia de luz protexe os montes
envolvendo nun soño os vastos horizontes...
Un airiño fresqueiro nos piñeirales brúa...
Os alciprestes do adro dibúxanse na lúa.

3

O QUINQUÉ DE PETROLIO

Cando a ialba se enxergou por a fenestra
no teu illó de lus inda bulían
os átimos teimando mundos novos,
e nas praias do ponto de Lucrecio
bruante toda a noite baixo os ollos
do estudante lanzal, nacía o consolo
das rosiñas da escuma... Meu quinqué
dandy e ironista no salón maorazgo
onde ecoaba a polémica *De Auxiliis*
e da lámpada de óleo a chama gótica
queimou boíñas do Sotil Scoto.
Elegante nos días de Balzac,
progresivo ou romántico na aldea
verde de tradizón do dezanove,
Faro de Malta, pra o estudante, duque
e pirata de Elsas e Leonoras
palidecendo dos esdés do nóumeno
náufrago na cesura de aquil verso
endexamais escrito. Tamén sabe
a túa pantalla de asisado xuicio
do rosete en puzal do prorrateo
de foro de Eiras Vedras, e do sino
fadal do pazo das valentes traves
por pitorreis da Curia peteiradas.
Misia Arandela e o señor Quinqué
crinolina e carrick Walter Scott
lembradoiros dos bufos de Offembach
no han caír co binomio e con Kepler
no esquecimento dos espellos vagos
e pantasmas xiadas, de levita.
Namentras eu vivir, a vela fina
ten de locir na gracia da arandela,
ten de chorar seu pábilo con verso
derradeiro do poema, e da vixilia.
E pra os brancos e rosas e dourados
do quinqué, torre de ilusión fanada,
Deus ha dar graves noites invernizas
pra que a túa lus, ecléctica e fidalga

volva René do amor das Luisianas,
desenrole Mephisto o manto roxo,
fúnebre marcha de Berlioz scherze,
botanice Rousseau, cavile Anthero,
e a estrela do *pastor errante de Asia*
brile pra Edgardo no basalto frío...
I ha cinguir o ecuador da túa esfera
ledo zodíaco de calcomanías.

4

PAN GALEGO

O puro e grave Xenio dos centeos
vaga polas antigas carballeiras
e os ermos largacíos, onde o vento
xostrea insomnes bultos de penedos
brizando o cego refrexar das augas
dos illós silenzosos. Polas grandras
afondidas no ensoño dos orixens.
Polas rexas encostas onde as fieiras
erguen o himno valente da invernía,
e nos chaos outaneiros que de lonxe
enxergan a dozura das ribeiras
como enxergan contestes os petrucios
pra o medrar rebuldeiro dos netiños.
Cecáis atoparés o Xenio heroico
do galego Centeo, ouro de torques,
da sustanza da roca, frol serea,
groria montés e da laboura esgrevia
recompensa e consoo. Nos seus ridos
sacrifican as neves e os curiscos,
as longas choivas, o brilar severo
dos ceus montesíos. Sóio apaña
no seu casto vivir os derradeiros
lumes do longo outono cando neno
verdega na asucada. E cando as agras
reloucan ao sol tépedo do Maio
saben que axiña as fouces briladoras
hanas de seiturar pra que ordeadas
na arquiteitura das podentes medas
agardar pola orquéstrica do eirado
e ceibar baixo os pértigos ritmados,
en cadoiro soante o grau liberto
que ha de encher as arcas e poboar os vales
co ledizoso cantar dos rodicios.
Ama as vellas lareiras onde a lapa
co seu rubro bailado anima os folgos
dos labregos antergos e sinxelos
sal da terra doncel. Quer os xantares
pé dos sucos ou dos vellos caracochos

debullados na fonda paz saudosa
na hora santa en que o sol, pan centeeiro,
rube ó coto do ceu. Ama os camiños
debuxados por rodas e arroiadas,
gosta do labio das mañáns de outono
e das seráns que o desfollar dos soutos
enche de augusto e relixioso medo...
No é falangueiro e no concerto ilustre
de homes e cousas das terraxes celtas
escolma aquil silenzo vibradoiro
da moderna emozón da natureza,
e cala ca fondura das montanas
que adouran graves no descer dos poentes
o faiscar radioso, ceibe e xiado,
da estrela da serán. Non procuredes
o épico Xenio do centeo galego
polas dondas ribeiras garimosas
de roseiras e vides, nin na leda
fartura acompasada ao són das foulas
da Beiramar de cántigas alternas.
Quer a illada parroquia polos cotos
ventosos rexamente adoutriñada,
a serra nai das fontes, iñorante
dos rubros luxos do verán. Escolma
as santas ermidiñas penitentes,
os ceus cruzados polos brancos pombos,
o debruzar silente das toradas,
e o levián frondescer das abedoiras...
Pra parolar co il esquenceredes
ó fidalgo Salnés, da Avia e Arnoia
as abas raxeirosas. Petai rexo
con o bordón arnau nas vellas laxes
tramadas nas encostas montesías.
Alenta nos brumentos hourizontes
da Limia carballeira e lameirenta.
Na Terra Cha folgo do Miño infante
baril ensoño presta ás lonxanías.
Deza e Tras-Deza, e Ordes e Chamoso
o grandeiro Melide e de Cervantes
os duros lombos, mírano pasare
cabalgando nos ventos, aquecendo
ca man petrucia a friaxe das aradas
e nos pazos da neve, no degaro
esculturando en serras dende a Corda
deica o antigo Larouco, ten súa groria
no casto ourilecer das estibadas.
Pan chamando na língoa das xineas,
pan criador de curazóns donceles
e valentes e calmos, o Centeo

demanda pra abranguer seu cerne patrio
limpa concenza de fontela nena,
baril eisprenza de queiroa castrexa.

5

O XAMÓN

Groria do porco, frol da invernía,
sona da casa, lapa de carne,
Xamón.
Densidá ilustre da cena sabia,
gracia e potencia, rosa do pote,
Xamón.
Coallo dos froitos todos da terra,
labio fresqueiro, mantenza antiga,
Xamón.
Febra xugosa, rica canteira
onde se curtan limpos poliedros,
Xamón.
Benedictina fartura ilustre
de Oseira e Samos, coartel famoso,
Xamón.
Rei da lareira, carne petrucia,
da Raza esgrevia gardas o zume,
Xamón.
De rica alquimia Summa suprema,
(¡Fariña, poma, landra, castaña!)
Xamón.
Sal do fumeiro, na noite negra
do viño en xerra irmán doado,
Xamón.
Pai das artritis, das esclerosis
fidalgas doenzas do pazo antergo,
Xamón.
Tentación dura pra o anacoreta,
coor de meixela, carne de lume,
Xamón.
Do chan galego tes a dozura
se a meias coces con fachas secas,
Xamón.
Sono adoecido do triste abstemio
farto de berzas, todo augachirle,
Xamón.
Pra ti frolecen os soutos vellos,
medran as hortas, madura o nabo,
Xamón.

Para gabarte cantou Homero,
brilas no hexámetro, manxar heroico,
Xamón.
Liturxias vellas impós ós fieis,
aristocrática, feudal mantenza,
Xamón.
Coma o pecado roxo e sabroso
amoleciches ó funcionario,
Xamón.
Do norte xiado veu pra buscarte
o loiro suevo fillo da guerra,
Xamón.
Da xente aria vella mantenza,
na túa presencia trema o Semita,
Xamón.
Triste xudeu farto de ovella
morre de envexa pola túa groria,
Xamón.
Criado con calma, mimo, coidado,
da esencia do agro síntesis rara,
Xamón.
Mentras o fígado come o escolante,
ríllate ancioso o forte abade,
Xamón.
Tes en Caldelas forte crianza
na neve xiada das cumes outas,
Xamón.
Dacón por ti goza de sona
de ser Porcópolis, Chicago noso,
Xamón.
Papa das carnes, cardealicio,
Archimandrita da limpa mesa,
Xamón.
Homildemente a ti chegamos
os pelingrinos, fartos de légoas,
Xamón.
E no teu gosto fresco e potente
teñen consolo as nosas fames,
Xamón.
¡Rei da mantenza, sol do fumeiro,
que sempre agardes nosa chegada
Xamón!

6

AO LONXE

Aolonxe...
Ao lonxe soa o piñeiral resbado
por as errantes aas da nordesía.
Ao lonxe centilean as estrelas
fachós de lus das almas dooridas
penitente estadea saloucante
a prol da Compostela prometida.
Ao lonxe a voz do amigo que perdimos
soa ceibe na baruda carballeira
co acento honrado das antigas falas
cristaíñas como a iauga das fontelas...
Ao lonxe as esperanzas vagorosas
como as nubes bogando van incertas.
¡Todo ao lonxe! Somentes a tristeza
perto do curazón, petando rexa,
cada paso afondando a foxa escura
e piadosa cecáis na avara terra!

7

O CAMIÑO VELLO DE POUSADA

Servo, vello, cangado, musculoso,
de rexas febras de roquedo esgrevio
vai o vieiro como vai fai séculos
cego, petando por a encosta dura...
Vouno pisando con respeito e medo
de espertar nos recantos silenciosos
o berro da paixón que nalgún tempo
istas insomnes laxes bautismou
co roxo sangue de unha vella estirpe.
Soio silencio, e pedra e o esquencido
canle labrado por as invernías
nas laxes duras, apurradas, mortas.
Ningún fogar ofrece ó camiñante
o consolo da frol azul de un fume
ou o quente recendo do armentío
ou os mimos e gracias das adegas.
Sigue esperto i espido o pazo maino
comprindo seu destino, e nin os nenos
barullantes da escola, nin os páxaros
animan a seixenta pesadume.
As xentes cruzan por eiquí, sombrizas,
desexando embocar outros vieiros
por as doces campías envolveitos.
De pel rugosa e fala bronca e pouca
na invernía caroal sóio es amado
das dooridas froles do estraloque
nos recantos queimados por o vran,
e da outa fita azul do ceu apreixado
nas túas outas parés cacarañadas,
soio truba o locir lonxao e frío
a pantasma brumenta do alcipreste
que á maina doína dun pombal fai garda.

8

O CORAZÓN NA MAN

Na man o corazón,
o corazón das azas arelantes
de ceus e de abismos, a fontela
de rosa nas meixelas da mociña,
da candura de honor nas outas frentes
o ritmo a que quixeran respondere
os versos e as colunas...
Na man a foula cuio precio foran
o Oceano insomne e seu rolar de trono,
os seos venusíacos das badías,
o xermolar telúrico das selvas...
na man o sopro de El Señor.
Il respondeu erguendo en peito o barro
ó primeiro castigo do sol roxo
nas portas do Paraíso, xa pechadas
cun rencher saloucante e xusticieiro
que as estrelas ouviron respondendo
con bagullas de lus...
E ha seguir respondendo a arelando
deica o findar das horas.
Na man un latexar.
Queda lonxe neveiro o corpo morto,
fermosa idea platónica, un istante
entre os vermes e a door ditosa e pura.
Na man un saloucar.
Vai tendo queixa de levián folliña
por os ermos do outono voadora,
baixa o latexo do luceiro irmán
diste apreixado e derradeiro alento...
Probe anduriña vai crebar o pico
nos cristales da Morte...
Ten conta, man, non cedas, da quentura,
alonga soio un sopro ise sospiro,
non é palanca de motor que fuxe,
nin bois ceibados da manceira. Pecha
con amor e con forza
o sopro de El Señor. Non teñas medo
rexa man, xa que Deus perdoa amante

a ilusión no entrecruce das Galaxias
manteñida na lus.
Xa apreixas xelo,
síntese, man, un tópico estatuario,
oco e frío concepto de *homo faber,*
e no recanto ri, carantoñando,
a tráxica carauta en escaiola.

9

A CASA SOIA

Nas queixumosas táboas
brosladas finamente por o verme
analista de insomnios e fantasmas
repousou o meu pai no cadaleito,
e inda a piedade de unha bágoa de ólio
garda a lembranza gasalleira e triste
pra o fillo sempre na querida coimbra,
neno xiado de augural pavura
por a friaxe glacial de aquila man
quentor de Deus, forteza e recompensa.
Sofren meus probes libros
proba de soedade, noite e poeira,
apreixan requintados pensadores
os seus cristalográficos esquemas
en procura da chama dos poetas
aínda nos ermos bailadora lapa.
I encetándome o peito
os dentes do remorso, non sosteñen
os ollos o reproche amargurado
das páxinas sin ordre folleadas,
onde se sinte o delorido pranto
das escumas e torres das ideas
batendo en xordas praias e roquedos
de indiferente tempo acugulado.
As luces esbarando nos recantos,
con medo dos pretéritos abismos,
atoutiñan nos leitos docemente
acordando brumentos ensoares...
Entón a longa e sonorosa Prima
dibuxaba na maina neboeira
paisaxes dondas de celmosos froitos
coma seos de mociñas, i espertaba
os chafarís das outas arelanzas...
Arestora un irónico paxaro
peteira na gaiola do meu peito,
non quero pescudar o cemiterio
dos crebados ensaios dos meus *egos*,
os imperfeitos testos de cerámica

diste meu barro, ás veces Kaolín puro
dina lámpada do locir eterno,
outra trollo calcado por os cascos
dos armentíos mouros do pecado,
ou tristeiros refrexos de outos ceus
apreixados na lama. De iste barro
feito e desfeito deica a man da Morte,
a suprema escultora das facianas.

10

NOITE COMPOSTELÁN

Teebra, mórbido ulido de montana
e das vagas estaxes de lembranzas,
estradas como as fallas por os Santos
pé do podente renovar das torres.
Vou calcando con medo as vellas tampas,
ningunha lousa cala, todas gardan
leviáns epigrafías por as choivas
grabadas con irmán amor piedoso.
Ensoar, groria, ilusión arquiva a Rúa,
e todos pisan a vivente trama
tea con fíos de espranza ben tecida,
urdime de raiolas mañanceiras.
Pisade con respeito as vellas lousas
do canle dos amores e da morte,
soante río da historia remansado
en gris logro de pedra señardosa.
Pisade con amor as grises lousas,
na penedosa entrana agroman lirios,
frol da pel sensitiva que noutrora
palideceu ca inmorredoira arela.
Cando chamen anxélicas trombetas,
as lousas ergueranse pra dar paso
á neboeira de almas máis saudosas
que o serán de El Señor vistan de lirios.

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

REXISTRO

Págs.

INTRODUCCIÓN
Vida e obra de Otero Pedrayo 9
ESCOLMA
I. Artículos
A terra prometida 31
A masa neutra e indiferente 32
Saudade 33
Vidas 34
A chegada da mestriña nova 35
Pobre reló calado 36
Sonata docemente sentimental 37
II. Ensaios
Encol da aldea 41
O estilo da paisaxe 52
Lembranza de Goethe 61
III. Narracións
Pantelas, home libre 75
O fidalgo 85
A revolta de Casdenón 95
IV. Teatro
A estadea 101
O borracho 107
As bodas do portugués 112
V. Poemas
Domingo de outono 117
Nouturnio 118
O quinqué de petrolio 119
Pan galego 121
O xamón 124
Ao lonxe 126
O camiño vello de pousada 127
O corazón na man 128
A casa soia 130
Noite compostelán 132

Rematouse de imprentar
no obradoiro
de "Artes Gráficas Galicia, S. A.",
rúa Segovia, 19, de Vigo,
o 16 de maio do 1988,
vispera do
"DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

REAL
G
A
32
Bib

ACADE
ALEGA
CORUÑ
260
ıbliotec